

CORGA

REVISTA ANUAL DO CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO

Nº 1 ANO 2010



centro de estudos do corgo

EDITA

Centro de Estudos do Corgo (C.E.C.)

CONSELLO EDITORIAL

M^a Consuelo Vázquez Castro

Manuel Fernández López "Lolo"

Roberto Rodríguez Páramo

Josefa González Díaz

Mario Outeiro Iglesias

Xurxo Xosé Rodríguez Lozano

Manuel Marqués Reija

DESEÑO E IMPRESIÓN

Grafinco

DEPÓSITO LEGAL

LU 149-2010

ISSN 2171-6013

Nº Exemplares: 750

CORGA

REVISTA ANUAL DO CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO
Nº 1 ANO 2010

Agradecemento expreso á Área de Cultura da Deputación de Lugo porque sen a súa colaboración económica esta empresa non daría saído adiante.

EDITA
Centro de Estudos do Corgo (C.E.C.)

CONSELLO EDITORIAL (Xunta Directiva)
M^a Consuelo Vázquez Castro (Presidenta)
Manuel Fernández López "Lolo" (Vicepresidente)
Roberto Rodríguez Páramo (Secretario)
Josefa González Díaz (Tesoureira)
Mario Outeiro Iglesias
Xurxo Xosé Rodríguez Lozano
Manuel Marqués Reija (Vocais)

COMITÉ CIENTÍFICO
Felipe Arias Vilas
Javier Gómez Vila
Xosé Manuel Castro Castedo
Ruben Ruibal Armesto
Ana Cabana Iglesia
Emilio Carral Vilariño
Daniel López Vispo
Xoán Ramiro Cuba Rodríguez
Antonio Reigosa Carreiras
Xabier Bruña García
Felipe-Senén López Gómez
Manuel Lamas Castro
Adolfo de Abel Vilela

ASESORÍA LINGÜÍSTICA
Xabier Cordal Fustes

ASESORÍA TIC
Mario Outeiro Iglesias

*Centro de Estudos do Corgo (C.E.C.)
Antigas Escolas do Corgo s/n
27.163 O Corgo (Lugo)
ocorgo@gmail.com
<http://ocorgo.blogspot.com>*

EDITORIAL

O día 28 de marzo de 2009 unha semente caeu na vizosa chaira corguesa desafiando as últimas inclemencias do inverno e as inercias dunha sociedade cada vez máis pasiva e acomodada. E medrou engorde, pero coa ilusión de converterse en carballo roxo, porque un grupo de persoas aboaron con ilusión, meses antes, unha terra que aman con intensidade.

Esa semente denomínase Centro de Estudos do Corgo (C.E.C.) e non medraría sen o firme titor que representou nos seus comezos outro experimento felizmente ensaiado no 2005, a Asociación Cultural Arumes do Corgo. Un ano despois da súa constitución, ese tenro brote xa foi capaz de criar a póla máis vistosa, mais non a única, denominada **Corga**, que agroma nos comezos da primavera de 2010 cunha chea de follas de sabedoría.

O Corgo é un concello ben merecente de ser estudado dende unha óptica multidisciplinar. Estudos obxectivos, rigorosos, científicos... que nunca poderían saír adiante sen o amor que os distintos autores profesan a este mol territorio de veludo. Patrimonio material, lingua e literatura, economía... son distintas caras, moitas veces descoñecidas, deste complexo poliédrico denominado O Corgo.

Pero se este proxecto aparece hoxe nas túas mans é por mor dun feixe de persoas e institucións. Agradecemento expreso ao Vicepresidente Primeiro da Deputación de Lugo, Antón Bao Abelleira, por acoller este e outros

proxectos con tanto entusiasmo, así como á institución que representa polo financiamento económico. Agradecemento, como non, aos autores dos distintos estudos (cerna da publicación) que tiveron o privilexio de converterse nos primeiros Socios Numerarios do Centro de Estudos do Corgo. Pero a rigorosidade do publicado conséguese tamén co asesoramento e control do impresionante grupo de persoas denominado Comité Científico. Por último, grazas a ti, lector, porque se liches esta modesta editorial é porque algo te une, como a nós, cunha terra apaixonante, O Corgo.

Agardemos que de agora en diante Corga volva a vestir follas anovadas todas as primaveras!!!

O CONSELLO EDITORIAL

ÍNDICE

E NACE O C.E.C....	6
Mario OUTEIRO IGLESIAS. Estudo das sepulturas antropoides altomedievais.	12
M ^o Beatriz PÁRAMO IGLESIAS, Roberto RODRÍGUEZ PÁRAMO. Jota tres estrelas.....	26
Javier GÓMEZ VILA. A vía romana no concello do Corgo.	36
Xosé Enrique CASANOVA SÁNCHEZ. Fórmulas de propiedade comunal dos montes do Corgo.....	46
Laura FOUZ BACARIZA. As cifras do concello do Corgo. Análise xeográfica.....	52
Rebeca FERNÁNDEZ ALONSO. Ánxel Fole e o concello do Corgo.	64
Alejandra PITA PARDO. A microtoponimia do concello do Corgo.	70
MEMORIA DE ACTIVIDADES DA A.C. ARUMES DO CORGO	76
NORMAS DE PUBLICACIÓN	88

CONSTITUCIÓN

Como se dixo na Editorial de Corga, o pasado **28 de marzo de 2009** un grupo de persoas inquedas deciden crear unha entidade denominada **Centro de Estudos do Corgo (C.E.C.)**.

O domicilio principal e permanente da Asociación radica nas **Antigas Escolas do Corgo s/n**, C.P. 27.163, concello de O Corgo, e ten como correo electrónico **ocorgo@gmail.com** e páxina web **http://ocorgo.blogspot.com**.

O ámbito territorial cingúese ao **concello do Corgo**.

O LOGOTIPO

O logotipo escollido representa a **Ponte de Neira**. Está situada no río Neira, 3,5 km río abaixo da desembocadura do Tórdea. Nese punto o río fai de división administrativa entre o concello do Corgo (Cela) e o do Páramo (Vilarmosteiro). Por ela pasa a estrada Lugo-Portomarín (pasando polo Páramo). É das pontes máis importantes do Sur de Lugo. Construída no s. XIII-XIV está ligada á primitiva vía de comunicación Sarria-Lugo. Xa aparecía nos antigos mapas de Galiza, como o de F. Fer. Ojea de 1598 ou

no *Gallaecia Regnum* de 1600. Na idade media era o único vial que comunicaba o camiño de Santiago con Lugo. Hai un dato que confirma a anterior afirmación, pois na viaxe de regreso dos Reis Católicos á corte, logo da súa visita a Galicia no outono de 1486, saen de Lugo e diríxense a Ponferrada por Sarria e Triacastela, pasando tamén moi probabelmente pola ponte de Neira. Consta de catro vans de cantaría de medio punto de luces: 11,20-11,20-8,00-7,00 m.

FINS E ACTIVIDADES

Estatutariamente, son fins principais da Asociación:

- Promover diferentes estudos (patrimonio natural, material e inmaterial, arte, lingua e literatura, xeografía e historia, economía, sociedade e educación...) sobre o concello do Corgo.
- A divulgación dos estudos realizados entre os habitantes do concello.
- A formación dos/as socios/as e dos/as corgueses/as sobre as áreas de estudo a nivel supralocal.
- A defensa en xeral da cultura e da lingua de Galiza.



Para levar a cabo os seus fins, a Asociación poderá organizar as seguintes **actividades**:

- a) Recompilación de toda a información posíbel sobre o concello do Corgo nun arquivo/biblioteca (en papel e en formato dixital).
- b) Publicación dunha revista anual (por escrito) con artigos sobre O Corgo.
- c) Publicación dun sitio web con estudos sobre O Corgo.
- d) Realización de cursos, xornadas, conferencias sobre as áreas de estudo para os socios e abertas ao público en xeral.
- e) Promoción de bolsas de investigación.

TIPOS DE SOCIOS E ADMISIÓN

Dentro da asociación poderán existir as seguintes clases de asociados:

- a) Socios "Arumes".
- b) Socios "Numerarios".
- c) Socios "Investigadores".
- d) Socios "Xuvenís".

O ingreso na Asociación como membro "**Numerario**" ou "**Xuvenil**" (dependendo de se son maiores ou menores de idade) será solicitado por escrito dirixido ao Presidente/a do Centro de Estudos do Corgo acompañando a seguinte documentación:

- a) Impreso de solicitude de ingreso no Centro de Estudos do Corgo debidamente asinado.
- b) Copia simple do D.N.I.
- c) Traballo de investigación relacionado co concello do Corgo, dentro das temáticas propostas e seguindo as normas de publicación establecidas no RRI da Asociación, cos Anexos que considere oportuno en papel (dúas copias, unha para o arquivo/biblioteca de Arumes e outra para o C.E.C.) e en formato dixital (CD ou DVD).
- d) Impreso de cesión dos dereitos de publicación do estudo, no formato

que a Asociación estime oportuno (revista, CD/DVD, páxina web...), a favor do Centro de Estudos do Corgo.

- e) Nas persoas entre 14 e 18 anos, consentimento do pai/nai/titor legal.

Unha vez que o/a Presidente/a comproba que o candidato a socio cumpre todos os requisitos, convocaríase aos socios nun acto público e aberto, a quen quixer, á presentación do estudo (empregando os recursos materiais que se estimen oportunos e que a Xunta Directiva facilitará na medida das súas posibilidades), do xeito no que o interesado se sinta máis cómodo (exposición, debate, entrevista...).

Ao rematar os socios presentes decidirán por maioría de 2/3 a admisión do candidato coa posibilidade de asesoramento dalgún experto na materia (por exemplo, algún membro do comité científico da revista). O acto concluirá coa contestación dalgún membro da Xunta Directiva ao traballo presentado e a resolución definitiva.

Se o acordo adoptado é favorábel farase entrega dun exemplar dos Estatutos e do Regulamento de Réxime Interno da Asociación e agasallarase cunha medalla de cerámica co logotipo do C.E.C.

No caso de que o acordo sexa negativo, o solicitante poderá recorrer ante a primeira Asemblea Xeral que teña lugar, debendo figurar este asunto expresamente na orde do día. Contra tal acordo non cabe ningún recurso.

Existe a posibilidade de presentar traballos conxuntos (2 ou 3 persoas).

Cando un socio presente outro traballo de investigación só ten que presentar ao Presidente/a a documentación dos apartados c) e d) do artigo anterior. A continuación será convocado nun acto público á presentación do traballo no que os socios por maioría de 2/3 (e posíbel asesoramento técnico) decidirán a

aceptación do mesmo coa posterior contestación e resolución por algún dos membros da Xunta Directiva.

Cando un socio "Numerario" presente o terceiro estudo e sexa aceptado polos socios converterase en **socio "Investigador"** recibindo un agasallo (cerámica do país relacionada co concello do Corgo).

Os **socios "Xuvenís"** ao acadar a idade de 18 anos convertense inmediatamente en socios "Numerarios" ou se teñen máis de tres traballos presentados en socios "Investigadores".

Os **socios "Arumes"** teñen carácter provisional e serían os membros da Xunta Directiva da A.C. Arumes do Corgo (entidade promotora do C.E.C.). Cesan cando deixen de formar parte da Xunta Directiva de Arumes agás cando ocupen postos directivos no C.E.C. (prorrogárase o cesamento ata o final do mandato).

A ESTRUCTURA INTERNA

O esquema de organización da Asociación é o seguinte:

De acordo cos Estatutos da Asociación, existen dous órganos de decisión, a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva.

A **Asemblea Xeral** é o órgano onde participan a totalidade dos asociados. As funcións, convocatorias, adopción de acordos e composición aparecen perfectamente regulamentadas nos Estatutos da Asociación.

A **Xunta Directiva** é un órgano de goberno coa composición, funcións e procedemento de convocatoria e adopción de acordos perfectamente delimitado polos Estatutos.



Dela forman parte os órganos unipersoais da Asociación (presidente/a, vicepresidente/a, secretario/a e tesoureiro/a) e tres vocais.

Elección da Xunta Directiva: os membros da Xunta Directiva elixíranse por listas pechadas e sufraxio directo (sen delegación de voto) entre os socios da Asemblea Xeral e terá un mandato de 3 anos como establecen os Estatutos.

A TEMÁTICA

Dende o Centro de Estudos do Corgo promoveranse as seguintes **liñas de estudo**:

1. Patrimonio natural:
 - Flora
 - Fauna
 - Ecosistemas
 - Medioambiente
2. Patrimonio material:
 - Pontes
 - Sartegos
 - Cruceiros e petos de ánimas
 - Pombais
 - Muíños e caneiros
 - Casas senlleiras e pazos
 - Igrexas e capelas
 - Castros e mámoas

- Camiños e vías
 - Fontes e lavadoiros
 - Conxuntos etnográficos
3. Patrimonio inmaterial:
- Lendas
 - Contos
 - Festas
4. Arte:
- Artistas e arte (ceramistas, escultores...).
 - Oficios tradicionais (ferreiros, oleiros, teceláns, cesteiros...)
5. Lingua e literatura:
- O galego do Corgo
 - Escritores
 - O Corgo na literatura
 - Toponimia e microtoponimia
6. Xeografía e historia:
- Montes, vales, ríos...
 - Xeoloxía
 - Historia
 - Clima
7. Economía:
- Agricultura
 - Gandaría (feiras...)
 - O monte
 - Industria
8. Sociedade e educación:
- Paro
 - Estrutura familiar
 - Poboación
 - Educación
 - Deporte
 - Teleclubs...



Ponte de Neira

Poderase presentar calquera outro traballo relacionado co concello do Corgo e non citado no artigo anterior coa aceptación previa da Xunta Directiva.

Admitirase un estudo do concello e da súa contorna sempre e cando o espazo dedicado ao Corgo supere o 50% do total.

A REVISTA

No artigo 5 dos Estatutos da entidade recóllese como fin da Asociación "a divulgación dos estudos realizados entre os habitantes do concello". No mesmo artigo aparece como actividade da mesma a "publicación dunha revista anual (por escrito) con artigos sobre O Corgo". Neste sentido promoverase unha revista anual denominada "**Corga**" co correspondente Depósito Legal e o ISSN.

A revista será gratuíta para os socios do C.E.C. e da A.C. Arumes do Corgo (como entidade promotora) e distribuiranse exemplares entre as administracións colaboradoras, centros educativos, bibliotecas, museos, asociacións da contorna, etc. Para o resto de interesados a Xunta Directiva fixará anualmente un prezo acorde á revista.

Consello Editorial: constituirase un Consello Editorial co fin de configurar a revista (selección, orde, maquetación...) no que formarán parte os sete membros da Xunta Directiva e que poderá ser asesorado a nivel global por expertos do Comité Científico (ver artigo seguinte). Os membros do Consello Editorial deben de figurar nun lugar claro da revista.

Comité Científico: constituirase tamén un equipo de expertos de recoñecido prestixio en torno ás liñas de estudo mencionadas anteriormente que se encargarán de facer a supervisión científica e corrección dos artigos publicábeis. Dentro do comité

crearase unha **asesoría lingüística e TIC** (Tecnoloxías da Información e da Comunicación) co fin de axudar aos interesados nas dúbidas de terminoloxía e/ou de novas tecnoloxías que poidan xurdir. Os membros do Comité Científico non recibirán ningunha gratificación económica pola súa colaboración. Os membros do Comité Científico deben de figurar nun lugar claro da revista.

Só serán publicábeis na revista os estudos presentados polos socios do C.E.C. que foran aceptados na presentación dos mesmos e de xeito excepcional algún outro que o Equipo Redactor considere oportuno (estudos de persoas falecidas co consentimento dos herdeiros...).

Poderán ser publicados na revista informes (de actividades, novidades da biblioteca ou do arquivo, económicos...) relacionados co Centro de Estudos do Corgo e da A.C. Arumes do Corgo (como entidade promotora).

Idioma: só se admite o **galego** como idioma vehicular da revista. Empregarase sempre a última normativa aceptada pola Real Academia Galega, aparecendo as palabras non adaptadas á mesma entre comiñas.

Extensión. Os traballos presentados terán unha extensión ou outra dependendo do número de redactores:

- 1 persoa: entre 5 e 20 páxinas.
- 2 persoas: entre 10 e 30 páxinas.
- 3 persoas: entre 15 e 40 páxinas.

Os Anexos presentados non serán publicábeis na revista e formarán parte do arquivo-biblioteca do C.E.C.

Estrutura: os artigos presentados teñen que contar cos seguintes apartados:

- Título (máximo de 80 caracteres contando espazos en branco).
- Identificación do(s) autor(es) por

orde de importancia ou alfabética de apelidos acompañado do correo-e dos mesmos, o título profesional e o centro de traballo.

- Agradecementos (opcional).
- Resumo (máximo de 150 palabras).
- Palabras clave (entre 3 e 10).
- Introducción/limiar.
- Corpo do traballo cos apartados que se consideren oportunos.
- Conclusións.
- Referencias bibliográficas.

Formato: o que se indica ao final da revista Corga.

Principios éticos e legais: non se publican textos con contido que promova algún tipo de discriminación social, racial, sexual ou relixiosa; nin artigos que xa fosen publicados integramente noutros lugares.

A revista non se fai cargo das imaxes, textos e traballos dos autores que serán responsábeis legais do seu contido.

En caso de conflito legal con algún aspecto dun traballo publicado, o demandante debe demostrar de xeito fidedigno e mediante denuncia, o presunto delito ou falta cometido polos autores. O resultado anunciarase na revista.

Os artigos poden ser reproducidos sempre que se cite claramente a súa procedencia e o servizo sexa gratuíto. En servizos de pagamento deberán pedir expresamente permiso e aboar os dereitos correspondentes á revista e aos autores.

Seguindo as norma Vancouver o artigo estará asinado por aquelas persoas que efectivamente participaran na súa elaboración, reservándose a revista o dereito de investigar a participación concreta dalgún ou todos os seus membros.

A comprobación de que un autor intentou plaxiar algún traballo nesta ou outra publicación fará que automaticamente

sexan rexeitados, a partir deste momento, os traballos nos que figure o devandito autor.

O CONSELLO EDITORIAL

RESUMO

O concello do Corgo está sementado de sepulturas antropoides graníticas (tamén chamados sartegos ou sarcófagos). Este aspecto é tamén común aos concellos de Castroverde e Lugo pero non tanto no resto da provincia. Asociadas, ou non, a igrexas actuais, escavadas directamente na rocha ou en bloques graníticos, máis grandes ou máis pequenos, todos coinciden na mesma orientación leste-oeste.

Pero as incógnitas da alta densidade da zona e dunha orientación semellante fanse pequenas ao lado de outra, a súa datación. Hai autores que as sitúan no período suevo e que chocan coa opinión de outros que as traen a períodos bastante máis recentes polas grandes dimensións dos vasos destinados a confinar o prececediro corpo humano.

Ao longo deste artigo intentaremos desenmarañar este nobelo de incógnitas ademais de achegar ao lector a cada un dos once xacementos corgueses.

PALABRAS CLAVE

Sartego, sarcófago, sepultura antropoide, tumba, xacemento, granito, proporcións, orientación, igrexa, tampa.

1 LIMIAR

No verán do ano 2007 un grupo de socios da Asociación Cultural Arumes do Corgo realizou unha campaña co fin de inventariar as sepulturas antropoides, coñecidas como sartegos, no concello do Corgo. Foi un traballo que durante varios días deu á luz a existencia de 9 xacementos (máis dos coñecidos e inventariados anteriormente tanto polo concello como polo resto de

Outeiro Iglesias, Mario

marioouteiro@edu.xunta.es

Enxeñeiro Técnico Industrial (esp. en Química Industrial) e Enxeñeiro Químico

Profesor de Ensino Secundario (esp. de Tecnoloxía) no CPI de Cervantes

É feliz o que soñando, morre. Desgraciado o que morra sen soñar.

Rosalía de Castro

Aos membros da A.C. Arumes do Corgo por facer realidade este soño

entidades públicas competentes no tema). O traballo de catalogación e estudo proseguíu durante anos, xa individualmente, co fin de obter datos que explicaran a alta densidade deste tipo de xacementos no Corgo, atopándose outros dous enclaves máis.

Como dicía Charles Louis de Secondat, Barón de Montesquieu, "cando a morte igualou as fortunas, as pompas fúnebres non deberían diferencialas" e esta frase faise patente no Corgo pola gran uniformidade dos enterramentos atopados. Son estas semellanzas as que nos permiten tirar conclusións sobre a vida, e tamén sobre o momento da morte dos individuos alí soterrados.


Pero os sartegos do Corgo vértennos vellas incógnitas, como a datación dos mesmos, e novos problemas como os relativos á protección e conservación. Todos estes son os retos que deben afrontar no futuro os corgueses para que a acción do home non borre as pegadas dun pasado aínda moi descoñecido.

O Corgo, e por extensión as Terras de Chamoso, constitúe un dos territorios de Galiza con maior número de sartegos escavados na rocha. Ao longo do artigo atoparemos a resposta a este enigma xunto cunha vasta información que podemos extraer dos recipientes pétreos que albergaron durante séculos os restos de moitos corgueses.

2 DEFINIÇÃO

Hai dúas palabras no dicionario da Real Academia Galega que nos permiten definir os elementos de estudo deste artigo: sartego (*relacionado co lat. sartāgo, 'vaso sagrado'*) e sarcófago (*do lat. sarcophāgu < gr. sarkophāgos, 'que come as carnes' [< gr. sarkós, 'carne' + gr. phageîn, 'comer']*)¹. Ámbalas dúas significan "sepulcro de pedra" pero utilizarase o primeiro vocábulo por ser o empregado polos corgueses para referirse a estas antiqüísimas sepulturas antropoides.

Manuel G. Teijeiro², que fai un estudo dos sartegos do concello de Castroverde (semellantes aos do Corgo) descríbeseos como un burato ben perfilado na pena no cal se adapta un corpo humano en decúbito supino, describindo fielmente a súa silueta o van, con oco para a cabeza, e estreitándose dende os ombros aos pés proporcionalmente para mellor encaixe do tórax.



Sartegos de S. Cristovo de Chamoso³

Parte dos sartegos inscritos directamente na rocha aparecen orlados, é dicir, cun suco perimetral, ben sexa para delimitar a zona



Sartego con tampa situado no adro da igrexa de San Xoán de Segovia

correspondente ao sartego, ben para evitar a entrada de auga á sepultura. Aínda que todos os sartegos deberon estar tapados por laxes de lousa ou granito, só se conserva no de Segovia (sen inscrición).

3 CLASIFICACIÓN

As tumbas altomedievais que aparecen nos 11 xacementos do concello poden clasificarse como:

- Tumbas antropomorfas directamente escavadas na rocha. Xacementos: 1, 2, 3, 4, 5, 6, 8 e 9 (ver apartado de "emprazamento").
- Tumbas antropomorfas escavadas en bloques graníticos. Xacementos: 7, 10 e 11.
- Tumbas de laxes antropomorfas. Xacemento 2.

Nos dous primeiros tipos e nos xacementos 3 e 7 existen dous sartegos con forma case trapezoidal (sen a forma da cabeza) ao verse

(1) Gran dicionario século 21 da lingua galega (ed. Galaxia e ed. do cumio).
 (2) GARCÍA TEIJEIRO, Miguel. *Sartegos de la comarca de Castroverde de Lugo*. Lugo: Imprenta de Gerardo Castro, 1920.
 (3) Fotografía pertencente ao arquivo persoal de D. Jesús Abuín Arias.

seguramente moi afectados pola erosión ou por algún tipo de intervención humana posterior.

Miguel G. Teijeiro clasifica os xacementos de Castroverde dentro dos dous primeiros grupos denominándoos "fixos" (abertos na pena viva) ou "libres" (labrados en bloques, illados, extraídos de antemán, en peza única). O terceiro grupo, citado anteriormente, só aparece no xacemento 2 correspondente a San Cristovo de Chamoso (compartindo lugar con numerosos sartegos "fixos"), sendo, sen dúbida, os máis vulnerábeis á acción destrutora do home.

Se estendemos a clasificación a toda Galiza⁴ aparecerían tamén as seguintes formas de enterramentos na época altomedieval:

- Tumbas de laxes trapezoidais.
- Tumbas de laxes fusiformes.
- Tumbas de tégulas e ladrillos.
- Sartegos con tampa de dobre estola.
- En fosa simple.

Os enterramentos posteriores (do s. XIII ao XV) responden a outra tipoloxía⁵:

- Lousas ou lápidas.
- Sartegos independentes.
- Sartegos protexidos baixo un arcosolio oxival.

Estes non se atopan na nosa zona nin polas súas características, nin polos estamentos sociais que os ocuparon (eclesiásticos, burguesía e nobreza), nin se cadra polo período histórico.

4 EMPRAZAMENTO

Os sartegos inventariados pola Asociación Cultural Arumes do Corgo forman parte de 11 xacementos distribuídos ao norte do concello do Corgo.

Esta densidade de sartegos débese fundamentalmente a dúas situacións: a estrutura do solo e a ser unha área densamente poboada dende a antigüidade.

- A estrutura do solo

O solo do concello do Corgo está formado por unha complexa amálgama xeolóxica tal e como se amosa na táboa seguinte, destacando os granitos tardíos que ocupan máis da metade da súa superficie:

O grupo da granodiorita tardía ocupa unha ampla extensión no norte do concello, emprazándose en parte na unidade do "Domo de Lugo" (Serie de Vilalba) e en parte no dominio do




Mapa parroquial do concello⁶

Tipo xeolóxico	Superficie (ha)	Superficie (%)
Arxilas, areas e gravas	3.833,70	24,33
Cuarcitas brancas, areiscas e lousas	151,21	0,96
Cuarcitas, lousas e esquistos	109,74	0,70
Depósitos aluviais e fondos de vaguada	758,59	4,81
Granitos tardíos	8.698,63	55,20
Granodioritas e granitos biotíticos precoces	39,80	0,25
Lousas e areiscas	486,06	3,08
Lousas e areiscas con niveis carbonatados e ampelíticos	20,50	0,13
Lousas, esquistos biotíticos, areiscas e gneises anfibólicos	1.661,54	10,54
Total	15.759,76	100

Fonte: Proxecto de PXOM do Concello do Corgo

(4) RODRÍGUEZ RESINO, Álvaro. *Do Imperio Romano á Alta Idade Media. Arqueoloxía da Tardoantigüidade en Galicia (Séculos V-VIII)*. Noia: Editorial Toxosoutos, 2005.
 (5) MANSO PORTO, Carmen. "A escultura funeraria". *Galicia. Arte. Tomo X: Arte medieval (II)*. Hércules de ediciones. 1993, páxs. 381-413.
 (6) Fonte: Proxecto de PXOM do Concello do Corgo. Antonio de Vega Rodríguez e outros.



Mapa xeolóxico do concello co emprazamento dos xacementos⁷

Sinclinal de Baralla. A súa facies común está constituída por unha rocha agrisada, dura e compacta, de gran medio a grosso, na que se diferencian megacristais de feldespato potásico de ata 6 cm. Está formada esencialmente por cuarzo, feldespato potásico, plaxioclasa e biotita, con apatito e circón como minerais accesorios máis abundantes. É unha formación poshercínica.


Como se aprecia no mapa xeolóxico do concello, os 11 xacementos están situados nesa zona de granito tardío, que é o material do que están feitos os sartegos estudados. Ese tipo de solo é o predominante na zona en que conflúen os concellos do Corgo, Castroverde e Lugo na que, como se dicía no limiar, existe unha das maiores densidades de sartegos de toda Galiza.

- O Corgo: unha longa historia

O concello do Corgo está poboado dende hai moitos séculos. As poucas dificultades orográficas xunto cunha complexa urdime de fontes, regatos e ríos fixeron desta terra a ideal para vivir dende tempos ben recuados. Máis de

vinte castros e case outras tantas medorras demostran que dende o neolítico ata a época romana os asentamentos humanos se estenderon por toda a superficie do concello.

Baixo a ocupación romana o concello vive o fito que marcaría a fisiognomía do Corgo ata a actualidade, a construción dunha vía para comunicar Asturica Augusta con Lucus Augusti, a chamada Vía XIX do Itinerario de Antonino. A partires dese intre a presenza desa



Situación dos sartegos con respecto á vía romana

estrada sería un atractivo máis para asentar poboación e marcaría un precedente importante para futuras delimitacións de vías de comunicación no período medieval (camiños reais de unión coa Meseta e de peregrinación a Compostela), finais do s. XVIII construción da estrada Madrid-Coruña por Carlos III e xa na actualidade a N VI, A6, ferrocarril...

(7) Fonte: Proxecto de PXOM do Concello do Corgo. Antonio de Vega Rodríguez e outros.

Por outra banda o emprazamento dos xacementos están tamén ligados a outros factores: a existencia de igrexas ou centros de culto cristián e da proximidade a fontes ou regatos.

- Existencia de igrexas

Dos 11 xacementos, 7 están na contorna máis próxima de igrexas parroquiais existentes na actualidade (en ocasións no mesmo adro), estamos falando das igrexas do Corgo (1), San Cristovo de Chamoso (2), Cabreiros (3), Laxosa (4), Queizán (8), Piñeiro (10) e Segovia (11). Outros tres xacementos poderían sorprender na actualidade por estar situados nun camiño, no monte ou no medio dunhas casas, se non houbo suficiente visión histórica para decatarse da existencia de capelas desaparecidas hoxe como son o caso de San Martiño de Perliños en Arxemil (5), A Groba de Pedrafita (6) e Queizán de Abaixo (9).

- Proximidade de cursos fluviais


Só un xacemento se atopa nun lugar, cando menos curioso, un prado moi húmido preto dun regato. Aínda que non se coñece o que outrora puido existir naquel mesmo lugar, a proximidade do curso fluvial (só uns metros), á vía romana XIX (700 m en liña recta) e a un lugar de culto moi antigo como é a fonte-santuario das Virtudes⁸ (900 m en liña recta), pode dar motivos para xustificar o seu emprazamento. Ese xacemento está situado nun monte que pertence á parroquia de Queizán que está case limitando coas parroquias de Adai, Pedrafita, Bergazo e Campelo (7).

5 PROPORCIONALIDADE

Os sartegos ao ter forma antropoide gardan, como é lóxico, as proporcións típicas dun

corpo humano, e polo tanto estas poden axudarnos a saber a idade do individuo enterrado. Na figura aparecen representadas as medidas tomadas en todos os sartegos do Corgo:

O primeiro xogo matemático que apetece facer con esa maraña de datos é unha simple media da *cota a*, que nos viría a dar unha aproximación da altura do individuo (esta debería ser entre 5 e 15 cm menos que a do oco). A media ofrece un resultado de 170 cm, pero quitando a medida dun sartego que claramente pertenceu a un neno a media quedaría en 178 cm e polo tanto diríanos que a altura media dun adulto




Cotas tomadas nas medicións dos xacementos do Corgo

nese período estaría entre 165 e 170 cm. Pódenos parecer unha altura que se correspondería con persoas do século XX e non coa poboación da idade media pero un estudio do profesor Richard Steckel da Ohio State University do 2004 indicaba que os homes que vivían entre os séculos IX e XI eran varios centímetros máis altos que os que o fixeron na antesala da Revolución Industrial debido a factores climáticos e polo tanto á modificación da produción agrícola, futuras migracións cara a cidade e a consecuente propagación de enfermidades...

(8) A Nosa Señora das Virtudes recolleu todo canto houbo de culto ancestral na contorna, ao ser cristianizado a partires do século VI despois de Cristo. Naquela zona, a pé da vía romana, confluíu o culto a Mercurio (apareceu unha ara votiva, gardada actualmente no Museo Diocesano de Lugo), que como é sabido é o deus do comercio, dos negocios e polo tanto das viaxes, cunha fonte milagreira con capacidade para curar enfermidades dos ollos.

O seguinte xogo coas medidas foi a de realizar proporcións entre as mesmas; deste xeito as estudadas foron: a/b , a/c , a/d , a/e , b/c e d/e . A primeira sorpresa foi a de atoparnos coa proporción áurea na relación b/c ($\Phi = 1,618\dots$), moi habitual nas proporcións humanas⁹. O seguinte foi intentar sacar algunha información en relación coa idade do individuo (xunto coa altura).

Comparando as relacións a/d e a/b e as alturas cos datos do debuxo e tendo en conta a esperanza de vida no período medieval (entre 30 e 40 anos) podemos concluír que todos os individuos enterrados e estudados nos 11 xacementos do Corgo posuían unha idade entre os 15 e os 35 anos (vida adulta) mentres que o do sartego pequeno tería aproximadamente 2 anos.



Altura e proporcións corporais nas distintas idades dun home actual

6 ORIENTACIÓN

Absolutamente todos os sartegos do concello teñen unha orientación leste (pés)-oeste (cabeza). Esta orientación E-W coincide, salvo raras excepcións, coa de todas as igrexas cristiás (coa cabeceira cara ao leste) a partires do s. IV. Este feito é debido á influencia dos cultos solares (da antiga adoración do sol nacente) xa que en

Egipto e Grecia os fiéis volvíanse cara ao oriente para adorar ao deus do Sol e, mortos, facíanse inhumar fronte ao astro divinizado.

As pequenas variacións no ángulo de enterramento débense á evolución do arco solar ao longo do ano. Na nosa latitude o Sol sae a unha distancia angular máxima do leste de 33 graos. Cara ao norte no solsticio de verán e cara ao sur no de inverno. Isto quere dicir que as saídas móvense nunha banda duns 66 graos arredor do punto cardinal leste. Ao solpor a situación é completamente simétrica polo oeste: 33 graos cara ao norte no solsticio de verán e 33 graos cara ao sur no de inverno. Nos equinoccios de primavera e outono o Sol sae exactamente polo leste eponse polo oeste¹⁰.

A orientación de todos os sartegos atópase na banda dos 66 graos arredor dos puntos cardinais, podéndonos indicar esta desviación o momento no cal o sartego foi construído (na maior parte dos casos, durante o verán). Outras veces a variación na orientación pode ser debido a ter que adaptarse á forma da rocha, a outros sartegos inmediatos...

7 AS INCÓGNITAS DA DATACIÓN DOS XACEMENTOS

Podemos dicir sen temor a trabucarnos que os sartegos do Corgo pertencen á Idade Media, pero esa datación é tan pobre como longo foi ese período. É totalmente imposible atopar unha datación exacta co estudo dos sartegos tal e como se atopan na actualidade debido a que as sepulturas descubertas non conteñen xa ningún tipo de resto nin humano nin dos posíbeis enxovais

(9) GHYKA, Matila Costiescu. *El número de oro: I los ritmos II los ritos*. Barcelona: Editorial Poseidon, 1992.s.

(10) Información facilitada pola Casa das Ciencias da Coruña.

dos defuntos. Os sartegos "fixos" non teñen ningunha posibilidade de cara a obter resultados que non sexa a de seguir eliminando a terra vexetal da pena para atopar outras tumbas non profanadas polo home. Os sartegos "libres", pola contra poden ofrecer resultados se se realiza unha escavación no perímetro máis próximo, corroborado no caso do xacemento 7 que no traballo agrario e superficial da terra máis próxima (hai anos) deu como resultado a obtención de anacos de cerámica.

Outra vía para a datación dos sartegos sería a de investigar as igrexas asociadas aos enterramentos pero tamén presenta as dificultades de que tres delas desapareceron e o resto trátase de igrexas tremendamente reformadas nos séculos posteriores, agás a de Cabreiros que permanece relativamente fiel á súa construción de estilo románico.

Deste xeito, só podemos remitirnos á bibliografía e á comparación con outros xacementos semellantes para obter unha aproximación da datación dos mesmos. Álvaro Rodríguez Resino¹¹ data as tumbas antropomorfas escavadas na rocha entre os séculos IX-XI non só por comparación cos xacementos de Santiago de Compostela, Ouvigo, Allariz, Coto de Astres e Manín (destas características) cunha cronoloxía establecida, senón por estudos anteriores de Alberto del Castillo, Ángel del Castillo e Rivas Fernández. En calquera caso, tamén hai autores como J. Delgado, J. Guerra ou R. López Pacho que os queren levar a unha época anterior ao século IX.

8 OS PROBLEMAS DA CONSERVACIÓN *IN SITU*

Os sartegos do Corgo teñen o problema de atoparse no exterior, sometidos a todos os axentes erosionadores posíbeis agás o pouco que queda do xacemento 1, todo o xacemento 2 e o moi erosionado (por atoparse en pleno camiño) xacemento 5 que na actualidade se atopan ocultos ao ser tapados con terra e/ou áridos para a súa

mellor conservación. Do xacemento 4 temos constancia da súa existencia a través do "Catálogo de yacimientos arqueológicos" da Dirección General del Patrimonio Artístico, Archivos y Museos do Ministerio de Cultura e das mencións nalgún artigo do "Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo" da Deputación Provincial de Lugo, porque xa non queda ningún resto na actualidade. Isto acentúase ao non existir tampa en ningún sartego agás no xacemento 11.



Auga e vexetación nos sartegos da Groba de Pedrafitá

Ademais do efecto erosionador do home (o máis grave ao atoparse parte dos xacementos en terreo privado e parte en zonas públicas de paso) aparece o efecto erosionador do tempo e da vexetación. Do tempo porque de inverno acumulan auga que, por efecto da forte caída das temperaturas e das xeadas, ciclicamente solidifica-licúa coas conseguíntes dilatacións-contraccións e o efecto cuña nas gretas superficiais. Da vexetación porque o constante recubrimento de mofo e de vexetación trae consigo o efecto erosionador das raíces¹².

(11) RODRÍGUEZ RESINO, Álvaro. *Do Imperio Romano á Alta Idade Media. Arqueoloxía da Tardoantigüidade en Galicia (Séculos V-VIII)*. Noia: Editorial Toxosoutos, 2005.

(12) Os sartegos amosan abundante acumulación de materia orgánica debido á presenza de comunidades de briófitos saxícolas tales como *Pseudoscleropodium porum* e *Brium* sp. As bacterias heterótrofas descompoñen esta materia orgánica liberando ácido sulfhídrico que reducen o ferro dos minerais da rocha o que supón unha meteorización química biolóxica da mesma. Este proceso está aumentando o grosor do substrato sobre a rocha, permitindo xa o enraizamento de especies

O problema da conservación choca frontalmente co do seu goce "in situ". Os xacementos "libres" estarían mellor nun museo (unha vez se fixese a conveniente prospección arqueolóxica dos arredores e se deixase constancia no seu lugar, mediante paneis, da información do que alí había) e os xacementos "fixos" cubertos cun manto de terra agás os máis significativos que se poderían expoñer, ben cubertos cun vidro de seguridade (aínda que a experiencia nos di que sería un atractivo para o vandalismo e tería dificultades en canto á conservación ambiental), ben restrinxindo o acceso mediante unha barreira física (varanda de madeira). En calquera caso non se debe eliminar o mofo da súa superficie con tarefas de limpeza porque a súa eliminación sería un aspecto erosionador máis.

9 A PROTECCIÓN DOS SARTEGOS

Se se opta por non mover ningún dos sartegos do emprazamento orixinal as administracións públicas teñen que garantir a súa protección. As armas legais que se posúen son a Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia (publicado no DOG do 8 de novembro), materializada a través dos PXOMs (en cumprimento do artigo 53 f da Lei 9/2002).

Despois da oportuna catalogación do xacemento, a protección débese xestionar creando dúas zonas: a Zona de Protección Integral (definida polos terreos comprendidos dentro do límite do perímetro máis exterior do xacemento) e a Zona de Respecto (definida pola contorna adaptada arredor do perímetro máis exterior do xacemento).

No concello do Corgo, a Zona de Protección Integral quedaría clasificada como Solo Rústico de Protección de Patrimonio permitíndose só actuacións encamiñadas á súa conservación, protección, consolidación,

investigación e posta en valor e aos usos tradicionais agropecuarios, sempre que non alteren o substrato arqueolóxico. Permitiranse realizar obras que sexan compatíbeis co ben ou coa súa posta en valor previo informe do organismo competente da Consellaría de Cultura. Non se poderán realizar construcións, tendidos e instalacións aéreas ou subterráneas (electricidade, saneamento, auga, gas, etc.), escavacións, recheos e movementos de terra en xeral, así como plantación ou arranque de árbores, cultivos que requiran labores profundas e aperturas de pozos de mina.

Na Zona de respecto permitiranse os usos non constructivos propios de cada categoría de solo coa prohibición de realizar traballos que poidan alterar o substrato arqueolóxico. Prohíbense os movementos e traslados de terras que modifiquen o perfil dos terreos. Así mesmo poderanse permitir o resto de usos constructivos asociados a cada clase de solo sempre que se harmonicen co entorno no que se inscribe. Calquera dos usos precisará informe favorábel do organismo competente da Consellaría de Cultura.

10 BREVE DESCRICIÓN DOS XACEMENTOS DO CORGO

Na táboa seguinte aparece a relación dos xacementos do concello con datos como a parroquia, o emprazamento e se se atopan en dous rexistros ou inventarios, o "*Catálogo de yacimientos arqueológicos*" da Dirección General del Patrimonio Artístico, Archivos y Museos do Ministerio de Cultura e o proxecto de PXOM do Concello do Corgo.

Hai que agradecer o traballo realizado con anterioridade por persoas a título individual como D. Andrés Fernández e D. Jesús Abuin e o traballo colectivo dos rapaces de Misión Rescate dirixidos por Ricardo López e máis recentemente o dos socios da A. C. Arumes

do Corgo que completou rigorosamente o catálogo de sartegos que se amosa a continuación.

Nº	Parroquia	Emprazamento	Catálogo xacementos	PXOM Corgo
1	O Corgo	Igrexa parroquial	SI	NON
2	Chamoso (S. Cristovo)	Casa rectoral	SI	SI
3	Cabreiros	Igrexa parroquial	SI	SI
4	Laxosa	Igrexa parroquial	SI	NON
5	Arxemil	San Martiño de Perliños	NON	NON
6	Pedrafitá	A Groba	SI	SI
7	Queizán	Monte de Piqueiras	NON	NON
8	Queizán	Queizán de Arriba	NON	SI
9	Queizán	Queizán de Abaixo	SI	SI
10	Piñeiro	Igrexa parroquial	NON	NON
11	Segovia	Igrexa parroquial	NON	NON

1. Xacemento do Corgo

Cando se abriu a pista de acceso á igrexa parroquial e se fixo o aparcadoiro da mesma atopáronse 5 ou 6 sartegos fixos (en rocha non moi consistente) tapados con laxes¹³. Parte deles foron destruídos no movemento de terras e os que quedaron, están totalmente tapados con terra para a súa protección.

2. Xacemento de S. Cristovo de Chamoso

O descubrimento do xacemento realizouno o párroco, D. Andrés Fernández, na aira da casa rectoral e os seus arredores¹⁴. El mesmo escavou unha ampla zona chegando a aparecer ata doce sartegos "fixos", sendo un deles do tipo de laxes con forma antropomorfa. Algúns deles pertenceron a cativos polas



Corte transversal de 4 dos sartegos do xacemento¹⁵

súas dimensións e todos teñen a orientación E-W. Non apareceu ningún resto (nin humano nin material) durante a escavación dos sartegos. Na tempada 1977-1978, D. Andrés, tivo o segundo premio do programa Misión Rescate que enviou un equipo televisivo gravar as escavacións. Constatando o efecto erosionador da auga e da xeadas procedeu a cubrilos pola mesma terra coa que estaban recubertos inicialmente.

3. Xacemento de Cabreiros

Na parte posterior da igrexa parroquial de Santa Mariña de Cabreiros aparece un conxunto de 5 sartegos "fixos" en bastante bo estado de conservación. É posíbel que existisen máis pero no mesmo lugar foi extraído granito do promontorio. Foron estudados por Ricardo López Pacho e un grupo de rapaces de "Misión Rescate" pero só atoparon 4. Dúas tumbas están moi próximas entre si atopándose orladas (suco perimetral), ao igual que un costado dunha terceira. Un dos sartegos ten bastante transformado o espazo correspondente á cabeza.



Parella de sartegos de Cabreiros orlados

(13) Fonte: entrevista a D. Jesús Abuín Arias, gran estudoso do concello do Corgo.

(14) Fonte: entrevista a D. Andrés Fernández Martínez, párroco de San Cristovo de Chamoso, do Corgo e de Bergazo.

(15) Fotografía pertencente ao arquivo persoal de D. Jesús Abuín Arias.

4. Xacemento de Laxosa

A carón da igrexa atopáronse varios sartegos pero hoxe non existe constancia da súa existencia.

5. Xacemento de Perliños

Asociados a unha antiga igrexa apareceron dous sartegos "fixos" nun camiño que une as casas (e a escasos metros delas) cuns prados de a carón do río. Os sartegos estaban bastante erosionados na zona das cabezas, chegando a ter na zona dos pés unha profundidade de 14 cm. Actualmente atópanse tapados.

6. Xacemento da Groba

Tamén asociados a unha igrexa desaparecida no monte da Groba de Pedrafita existen dous sartegos "fixos" nun monte privado e a 12 m dun camiño de terra. É posíbel que existisen máis pero no mesmo lugar foi extraído granito da rocha (pequena canteira).

7. Xacemento de Piqueiras


No medio dun prado húmido (denominado Cachapelo) do monte de Piqueiras atópanse dous sartegos "libres" (parcialmente enterrados) moi erosionados e separados a unha distancia de 10 m.

8. Xacemento de Queizán de Arriba

Atópase no contorno da igrexa parroquial de Queizán. Hoxe é visíbel só un (ten unha orla na zona da cabeza) pero existiron máis sartegos "fixos" no xacemento (algúns desfixéronse para construír nichos no cemiterio).

9. Xacemento de Queizán de Abaixo

Aínda que hoxe só é visíbel un sartego "fixo" correspondente a un neno (*d*) no lugar no que outrora estivo a capela de Santa Mariña, o equipo de Misión Rescate dirixido por Ricardo López, inventariou os cinco que se ven na figura (e os veciños indicaron a existencia de máis sen saber emprazalos con exactitude). Segundo o propio Ricardo para obter sepulcros completamente regulares os canteiros recorreron a completar os costados con paralelepípedos de pedra (encontráronse na *b* e na *a* amósase o espazo que ocuparon). Polo observado na tumba *b*, as fosas deberon de estar cubertas por laxas de lousa fortemente adheridas con argamasa. Todas se atopan aliñadas menos a *e*, que non foi labrada por completo.



Forma dos sartegos de Queizán de Abaixo¹⁶

(16) Fonte: LÓPEZ PACHO, Ricardo. "Nuevos hallazgos de sepulturas antropoides" Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo. Tomo IX. Deputación Provincial de Lugo. 1973, páxs. 132-133.



Sartego no prado Cachapelo. Pódese observar a gran erosión da sepultura e a auga do terreo

10. Xacemento de Piñeiro

Trátase dun único sartego "libre" que orixinalmente se atopaba no adro da igrexa parroquial e que foi trasladado hai anos á beira do camiño a 35 m da súa situación orixinal (polo tanto é o único que non mantén a orientación agardada). Sufre unha rotura na zona inferior dereita .

11. Xacemento de Segovia

Está constituído tamén, por un único sartego "libre" no adro da igrexa de San Xoán de Segovia. É o único que conserva a tampa (laxe grosa de granito sen ningunha inscrición).



Sartego no adro da igrexa de Segovia



Sartego senlleiro de Zolle

11 OUTROS EXEMPLOS DE SEPULTURAS ANTROPOIDES

Xa se comentou con anterioridade que as Terras de Chamoso constituían unha das zonas de Galicia con maior número de xacementos funerarios deste estilo. En concreto Miguel García Teijeiro menciona no concello limítrofe de Castroverde os xacementos de Goi, Recesende (estudados recentemente pola A.C. Amigos do Patrimonio de Castroverde), Rebordaos, Monte, Bolaño e Espasande.

Dentro da mesma provincia hai que destacar un exemplar singular atopado en Zolle (Guntín) tamén polo comando nº 53 de Misión Rescate dirixido polo Marista Ricardo

López e que na actualidade se atopa no claustro do Museo Provincial de Lugo. Trátase dun bloque granítico que contén dous ocos antropomorfos superpostos e que na cabeceira presenta, en alto relevo, unha cruz de brazos iguais acompañada das letras alfa e omega.

No resto da provincia foron atopados sartegos en Lugo, O Páramo, Guitiriz, Begonte, Taboada...

Dentro de Galiza atopamos tamén moitos sartegos de semellantes características dende a monumental San Pedro de Rochas pasando por Castro Caldelas, Allariz, Vigo, As Terras do Deza...



Sartegos de Monflorite

Tamén no resto da península aparecen exemplares: San Antolín de Bedón (Asturias), Monflorite (Huesca), Olèrdola¹⁷ (Barcelona), Trevejo (Cáceres)...

12 CONCLUSIÓNS

Os numerosos xacementos do concello do Corgo unidos aos de Castroverde e Lugo fan desta área xeográfica unha espectacular fonte de necrópoles medievais de semellantes características. Un gran número de sepulturas antropomorfas escavadas directamente na pedra ou en bloques graníticos que atopa resposta non só no solo da zona (granitos tardíos) senón da antigüidade dos asentamentos poboacionais.

A meirande parte dos mesmos atópanse ligados a igrexas desaparecidas ou transformadas en séculos posteriores, aínda que tamén se poden atopar preto de fontes e

regatos. Coas tampas xa extraviadas (salvo excepcións) aparecen moi erosionados por factores atmosféricos e da vexetación.

Cunha proporcionalidade ben definida e axustada ao corpo humano as medicións demóstranos que a maior parte dos individuos medían en torno os 165-170 cm e que morreron entre os 15 e os 35 anos. A orientación dos sartegos correspóndese coa habitual cristián de leste-oeste coas variacións debidas á evolución anual do arco solar.

É moi difícil a datación dos xacementos pola ausencia de restos que acompañan aos sartegos pero, como xa dixemos os estudos doutros semellantes fannos pensar que foron feitos entre os séculos IX e XI.

13 BIBLIOGRAFÍA

MONOGRAFÍAS

- ABUÍN ARIAS, Jesús. *Historia de Corgo*. Lugo: Servizos de publicación da Deputación de Lugo, 2000.
- GARCÍA TEIJEIRO, Miguel. *Sartegos de la comarca de Castroverde de Lugo*. Lugo: Imprenta de Gerardo Castro, 1920.
- GHYKA, Matila Costiescu. *El número de oro: I los ritmos II los ritos*. Barcelona: Editorial Poseidon, 1992.
- RODRÍGUEZ IGLESIAS, Francisco. *Atlas de Galicia*. A Coruña: Hércules de Ediciones, 1998.
- RODRÍGUEZ RESINO, Álvaro. *Do Imperio Romano á Alta Idade Media. Arqueoloxía da Tardoantigüidade en Galicia (Séculos V-VIII)*. Noia: Editorial Toxosoutos, 2005.
- XIZ, Xulio. *O Corgo, amplo horizonte*. Lugo: Concello do Corgo, 2007.

(17) Este feito fixo que, na bibliografía tradicional, este tipo de sartegos recibisen o nome de "tumbas olerdolanais".

ARTIGOS EN SERIES DE MONOGRAFÍAS

- LÓPEZ PACHO, Ricardo. "Nuevos hallazgos de sepulturas antropoides" Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo. Tomo IX. Deputación Provincial de Lugo. 1973, páxs. 132-133.
- MANSO PORTO, Carmen. "A escultura funeraria". *Galicia. Arte. Tomo XI: Arte medieval (II)*. Hércules de ediciones. 1993, páxs. 381-413.
- YZQUIERDO PERRÍN, Ramón. "A arte durante a dominación sueva". *Galicia. Arte. Tomo X: Arte medieval (I)*. Hércules de ediciones. 1993, páxs. 32-39.
- YZQUIERDO PERRÍN, Ramón. "Arte prerrománica asturiana en Galicia". *Galicia. Arte. Tomo X: Arte medieval (I)*. Hércules de ediciones. 1993, páxs. 109-110.

OUTROS

- Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo. Deputación Provincial de Lugo.
- Catálogo de Yacimientos Arqueológicos. Ministerio de Cultura. Dirección General del Patrimonio Artístico, Archivos y Museos. Subdirección General de Arqueología.
- Inventario Artístico de Lugo y su provincia. Ministerio de Cultura. Dirección General de Bellas Artes y Archivos. Centro Nacional de Información Artística, Arqueológica y Etnológica. Madrid.
- Proxecto de PXOM do Concello do Corgo*. Antonio de Vega Rodríguez e outros. Concello do Corgo.

RESUMO

Do maxín de José Ferreiro Rivera xurdiu a idea de rexistrar unha marca xa empregada por algúns ferreiros para distinguir a súa ferramenta. Arredor desta marca, Jota Tres Estrellas, foise creando unha industria moi singular para a súa época, tanto pola localización como polo volume de negocio, sempre relacionado coa proximidade da estación de ferrocarril de Laxosa. A marca tiña clientes en moitas zonas da península, como La Rioja, León, Zamora, Extremadura... e daba traballo a moitos ferreiros das Terras do Chamoso. Foi un impulsor da economía local posibilitando a creación de emprego e novos servizos para os habitantes da zona.

PALABRAS CLAVE

Mazo, ferreiro, fouciño, Chamoso, forxa, O Corgo, Santa Comba.

1 LIMIAR

A auga doce, fonte de vida, resulta imprescindible para o home, desempeñando un papel crucial na aventura da humanidade. Por iso, ao longo da historia, a poboación sempre se asentaba nas proximidades dos cursos de auga, polas múltiples vantaxes e aproveitamentos que ofrecía. A capacidade dos homes para administrar e regular este prezado ben constituíu un factor de vital importancia no desenvolvemento tanto das poboacións como das sociedades, no seu ritmo e na súa vida económica e social.

As terras do Corgo están regadas, entre outros, polo río Chamoso, nado nas serras de Mirador e Monciro e cun leito de 163 km². Resulta da confluencia de Outeiro, o Romeán e o Carballido, e baña as parroquias de Pedrafita, Chamoso, Laxosa e Paradela no Corgo, e as de Coeo e Santa Comba en Lugo. Os diferentes tramos do río víronse sometidos a diferentes aproveitamentos por obra da man do home, que levaba consigo a transformación e adaptación do curso do río

Páramo Iglesias, M^a Beatriz

marea_maria_2@hotmail.com
Estudante da USC na Escola de Formación do Profesorado no Campus de Lugo

Rodríguez Páramo, Roberto

paramo_azur@hotmail.com
Estudante da USC na Facultade de Ciencias no Campus de Lugo

A José Antonio Ferreiro González, polo agarimo co que lembra o traballo do seu avó. Nas súas lembranzas baseamos este artigo.

A Dosíteo López, fillo de Eliseo López, ambos os ferreiros do mazo de Santa Comba, pola súa acollida no calor da súa forxa.

A Xosé Enrique Casanova Sánchez, por darnos a coñecer esta historia.

Á Asociación Cultural Arumes do Corgo.

ás necesidades do home, falando así de explotación do leito, transformación da beira, alteración da cunca...

Estas xoias do patrimonio son o froito da imaxinación xa xurdida das culturas ancestrais, que posibilitaron o nproveitamento da infindade dos usos que ofrecían os ríos e todas e variadas construcións populares ligadas a estes como son os mazos, que constitúen un grande e importante legado da obra destes *enxeñeiros hidráulicos* ao servizo da sociedade.

En tempos que hoxe nos parecen case que alleos, na campaña da sega quedaba Galicia sen homes. Anos nos que se sementaba miseria, os que non marcharan na emigración, buscaban o pan na seitura de Castela, e os que quedaban na terra, choraban por eles:

*Castellanos de Castilla,
Tratade ben ós gallegos;
Cando van, van como rosas;
Cando vén, vén como negros.*

Cantares Gallegos, Rosalía de Castro

Porén, non só eran desta terra, de quizais castrexa tradición de ferreiros, as mans que

traballaban, senón tamén as ferramentas que suxeitaban.

Neste artigo tentaremos amosar como o traballo dos ferreiros das terras do Chamoso nado nas forxas e no mazo de Santa Comba se converteu na coñecida marca rexistrada Jota Tres Estrellas, que chegou a exportar entre 50000 e 60000 unidades a moitos puntos da península.

2 CHEGANDO AO MAZO

Para achegarnos ao nacemento do mazo temos que falar dunha familia, e en concreto dunha persoa. José Ferreiro Rivera naceu na casa de Riveira no 1863, na parroquia de Queizán, no concello do Corgo. Era descendente de ferreiros, coma o seu pai e varios dos seus irmáns. Queizán sempre tivo moita tradición de ferreiros, tamén Fonteita, e outras parroquias do Corgo. Con todos estes existiu unha relación comercial durante moitos anos. Casou en torno á última década do século XIX en Santa Comba cunha morgada que tiña propiedade ó lado do río. Desenvolveu toda a súa actividade arredor dun mazo, algo que el sempre quixo e tivo como obxectivo. Atopou a situación axeitada, onde se atopa actualmente o de Santa



Mazo de Santa Comba na actualidade

Comba, coñecido dende sempre entre os veciños como o mazo de Riveira. En tempos,

no seu emprazamento, debía de haber un pequeno muíño segundo ten entendido o noso principal informante, José Antonio Ferreiro González, último propietario do mazo e neto de José Ferreiro Rivera. Seu avó construíuno, seguindo o modelo do de Queizán, e ampliou o muíño, mercando para tal fin as propiedades que pertencen hoxe ó mazo. A parte desa propiedade que pertencía ó concello de Lugo foi mercada á casa de Berto de Santa Comba e o restante á Casa Grande de Santa Mariña, pertencente ó concello do Corgo.



Detalle do muíño



Detalle da serra

Está situado no río Chamoso, no lugar de Santa Comba, nas proximidades da cidade de Lugo, e constitúe un complexo de grande importancia arqueolóxica e industrial na que a forza da auga, mediante un sistema arquitectónico máis que enxeñoso de canalizacións, imprime forza no mazo, na serra, na moa de afiar e no muíño. Todos estes aparellos dan conta do aproveitamento dos recursos e das múltiples actividades que alí se foron desenvolvendo.

Así mesmo, ao longo do tempo, nas beiras do río Chamoso, José Ferreiro dispuxo unhas moas segundo o negocio ascendía e se fortalecía. Algunhas delas puideron ser construídas de novo ou adquiridas como construcións xa existentes. Cabe citar as da Caxigueira situadas aproximadamente un quilómetro augas arriba, onde había dous

rodicios e á súa vez dúas moas por rodicio. Ó paso polas proximidades destas foi construído no río unha presa para conducir as augas ata elas e evitar que nos meses de verán o baixo caudal do río non impedise o afiado. Tamén nas proximidades do mazo se atopaban as moas da Arca, as da Foz e as da Labrada, hoxe todas elas desaparecidas.



Moas da Caxigueira

3 NACEMENTO DUNHA MARCA

Nos comezos do mazo José Ferreiro adicábase á fabricación e reparacións puntuais relacionadas coa casa de labranza. Co paso dos anos aumentou o volume de negocio, contando con ferreiros que traballaban para el. Nun momento de gran expansión na fabricación de ferramenta para a sega, que xa contaba con sona, patentou unha marca, Jota Tres Estrellas, da que se dicía que xa era empregada¹ por varios ferreiros, entre os que destacaban os de Rubial, en Fonteita e en Queizán, lugar de orixe de José Ferreiro. Non contamos con datas exactas de adquisición da marca, pero podemos considerar que foi adquirida arredor do ano 1916, data que atopamos entre a documentación que chegou ás nosas mans. Foi unha marca de moito prestixio e coñecemento na época, dato do que dan conta os libros de anotacións que pertenceron ó negocio.

Unha vez rexistrada a marca, José Ferreiro Rivera fixo varias viaxes a Castela no ferrocarril para tratar de introducila noutros lugares da península, conseguindo grande aceptación en lugares como Zamora, Salamanca e Toledo, provincias nas que máis actividade comercial había. Todas estas zonas contaban xa cun gran mercado de ferramentas e útiles antes de chegar a marca Jota Tres Estrellas. Tamén outras zonas do Corgo exportaban para outros lugares da península, como toda a zona de Fonteita, que mandaba partidas de fouciños para Castela, e incluso no Rubial chegouse a mandar material para Alacante, pero con outra marca rexistrada.



Etiqueta dos fouciños coa marca rexistrada

Tamén derivada da actividade que se levaba a cabo no mazo se fabricaban outra gama de fouciños sen marca, que levaban un aceiro de menor calidade, e polo tanto outro prezo asociado, mentres que os de marca levaban aceiro de primeira calidade, de marcas Bellota e Heva. A capacidade do aceiro para adelgazar e estirarse era que facía destas dúas marcas unhas das mellores, posto que as de menor calidade, cuarteábanse máis facilmente.



Detalle da marca Jota Tres Estrellas nun fouciño da época

(1) Pleito con Ferreiravella: En torno ao ano 1948 e 1950, posiblemente, derivado da existencia da utilización da marca previo ao seu rexistro ou do seu coñecido prestixio, varios ferreiros de Ferreiravella, en Riotorto, tamén marcaban os seus fouciños coa marca Jota Tres Estrellas. Mantiveron un preito con eles durante dos ou tres anos, aproximadamente. Enviaban tamén a mercadoría a Castela, pero a un prezo menor. Por este motivo, os clientes deixaron de mercarles por atopar a "mesma" marca a baixo prezo.

4 UNHA FAMILIA AO ABEIRO DO TREN

Unha data significativa na historia económica foi a chegada do ferrocarril no século XIX, que supuxo tanto para O corgo, coma para o resto das comarcas de Lugo, un notable desenvolvemento económico. "A estación de Laxosa chegou a ser a terceira en exportación, despois de Lugo e de Monforte, e a sétima en importación entre as dezaseis establecidas na provincia de Lugo²" coa liña de Ferrocarril Palencia A Coruña. Isto fíxose patente nos cambios experimentados dende entón nas relación e intercambios comerciais na vertebración económica e territorial do país e en xeral, e en concreto no Corgo. Claro exemplo foi da tenda de ultramarinos que posuía a familia, comercio que se orixinou en torno á actividade do ferrocarril.

con familias de carpinteiros e canteiros con eles facendo obras, como almacéns, pendellos... segundo recorda José Antonio Ferreiro. Os beneficios obtidos do negocio do mazo eran reinvestidos ó parello noutros negocios da familia, como xa se comentou, nunha tenda de ultramarinos, onde se vendían comestibles, cal e ladrillo, mineral, viño, pedras de afiar, sal... todo procedente do ferrocarril.

A casa e a tenda de ultramarinos estaban situadas na estación de Laxosa, un emprazamento moi vantaxoso para o negocio, como se dun polígono industrial e empresarial se tratase que se emprazan sempre ao carón dunha gran e importante vía de comunicación. Isto levou consigo a construción de almacéns a cargo da familia a carón do ferrocarril. Eran alugados para gardar os produtos como o viño, carbón, sal, cal e cemento traídos do ferrocarril ata que eran recollidos dende Baralla, Becerreá e outros concellos relativamente próximos. Para descargar toda está mercadoría procedente do ferrocarril dispoñían dunha vía que se desviaba ao longo dos almacéns.



Mostra do tipo do comercio ao que se dedicaba José Ferreiro

Foi unha familia, dende logo, moi importante e influente na súa época, e contaba todo o ano



Foto de época da casa e tenda en Laxosa

Tamén, como comentaremos a continuación na vida diaria do mazo, procedían do ferrocarril os materiais empregados polos ferreiros, así como eran enviadas as partidas de fouciños ao seu destino.

(2) Tomado de Xulio Xiz

5 A XEIRA DO SON DO MAZO

O oficio de ferreiro complementábase coas ocupacións agrícolas e gandeiras, fundamentalmente no tempo de inverno. Os mazos e sobre todo as forxas dos ferreiros eran lugares de reunión e falar dos veciños en tempos de frío, que se arrimaban ó lume do carbón: "*quen queira saber as cousas, vaia á forxa do ferreiro, dea a volta polo forno, veña polo fiadeiro*".

Cada día no mazo de Santa Comba traballaban dous ferreiros, con cadanseu axudante, xuntándose por afinidade persoal ou por proximidade veciñal, agás o chamado día da compostura, 26 de cada mes, no que se limpaba e se reparaban todas as instalacións do mazo, derivado do seu uso.

O primeiro paso era facerse cos materiais. As distintas materias primas que precisaban os ferreiros eran servidas pola marca. A mercar materiais podían acudir tanto os ferreiros habituais do mazo, que despois entregarían os fouciños xa elaborados, ou mesmo outros particulares que tiñan o seu propio mazo ou outro máis preto, pero precisaban o material, como as xentes de Neira de Rei, Manán, A Pobra, Pallares... todas zona de ferreiros. Tamén ao mazo chegaban carros procedentes doutras parroquias do concello do Corgo, como Manán, Arxemil, Fonteita, Queizán...

O ferro procedía principalmente do despece de barcos. Empregábase unha pletina de 40x20mm e a súa procedencia era Gijón, Vigo e Ferrol. O carbón procedía nun primeiro momento das minas de Mieres, en Asturias, e máis tarde de Ponferrada. Empregaban dous tipos distintos de aceiro, marca Bellota, procedente de Legazpi, e marca Heva, de Zumárraga. As pedras de afiar viñan de Asturias e tiñan un diámetro de entre 0,90 e 1,30 metros, procedentes de Quintes e Quintueles, canteiras a maioría delas á beira do mar.

Todo este material³ era transportado polo ferrocarril ata Laxosa e era servido aos ferreiros, seguindo o seguinte sistema de pago e cobro que se explicará a posteriori. Unha vez obtido o material, cada ferreiro gardábao na súa propia *lacena* do mazo, ata o día que lle correspondía traballar alí, seguindo esta fases:

- Comezábase co *calzado*, proceso que consistía no fundido dunha barra de ferro e outra de aceiro nunha soa peza, quentándoas ao roxo baixo o golpe do martelo, sobre a *ingre*. Para conseguilo, era necesario prender a *forxa* con carbón que se avivaba coa axuda de correntes de aire. Neste proceso o ferro quedaba no *contraño* e o aceiro no *fío* do que despois sería o fouciño.
- A partires desta peza procédese ao *estirado*, que consiste en laminar a *varilla* a través da calor e do golpe do mazo. Cada ferreiro levaba estas pezas para a súa casa para seguir co resto do proceso.



Detalle das varillas

- O acabado dábaselle nas forxas dos propios ferreiros. Nun proceso chamado *espalmado*, dábaselle a forma definitiva, empregando martelos. Esta labor levábaa a cabo o ferreiro, nalgúns casos acompañado do petador (que podía ser un veciño asalariado).

(3) En tempos da posguerra, tempos de moita miseria, escaseaba o material, polo que era sabido que existía un mercado negro, o chamado "*estraperto*", que a conta de materiais transportados polo tren, ferro e carbón, na subida que ven dende a Pobra ata Laxosa, no alto da subida de Manán, aproveitaban (servía máis ben de escusa), e tirábase material na beira da vía. No Lousao, preto do mazo e polo camiño variante do Padornelo que pasa polo mazo levaban os ferreiros o material para a súa lacena.

- Tamén o *cravuñado* podía ser realizado por un traballador asalariado. Este paso consiste en facerlle o fío ao fouciño cun martelo.
- Despois ponse ao roxo e mergúllase en auga fría, paso coñecido como o *temperado*. Ao mesmo tempo, marcábanse coa marca rexistrada.
- Logo, mánganse nunha peza de madeira.
- Por último lévase o fouciño ás moas e afíase. Podían ser os propios ferreiros os que os afiaban, ou ben os afiadores, asalariados.

Algúns dos ferreiros do concello do Corgo que traballaron no mazo de Santa Comba para a marca, foron, segundo acorda José Antonio Ferreiro: Severino Castro, Serafín Vila, Gerardo Castro, Samuel, Ángel Otero, Batán, Gustavo López, Manolo de Trasdaxa, Julio de Francisca, Román Fernández, Torrón de Lousao, Pepito de Florenta... Porén, onde máis ferreiros había era en Santa Comba, de onde saía o maior volume de negocio.

6 "OS FERREIROS NUNCA ÍAN A CASTELA... FACÍAN A CASTELA ANTES"

O sistema de pagamento e cobro consistía no seguinte, referido só ós ferreiros que traballaban para a marca, á marxe dos que só mercaban material á casa: dábanelles crédito aos ferreiros de tódolos materias que levaban, o que supoñía un desaforo para o ferreiro, de casa humilde e labrega que non tiña que preocuparse de pagalo. Despois de teren os fouciños confeccionados entregábanos. No mes de setembro facíanse as contas (contaron cun contable durante moito tempo). Facíanse contas de gastos de ferro, aceiro e carbón e o tocante ao aluguer do mazo e das moas, e contábanse os fouciños que cada ferreiro fixera a un prezo convido. O resultante era o que se lle pagaba. O pagamento podía realizarse en cartos ou en bens, xa foran comestibles da tenda de

ultramarininos, viño, sacos de cereais, fariña... Recorda Antonio Ferreiro o caso dun ferreiro do mazo que casou dúas fillas e comentaba: "*Non me vai chegar a fouciñada para pagar a voda*". Non se pagaba ata setembro porque os fouciños non eran cobrados ata agosto.



Libro de contas do 10 de Xuño de 1908

Cada ferreiro traballaba uns modelos específicos de fouciños, segundo a demanda. Distinguíanse os seguintes fouciños elaborados para a marca Jota Tres Estrellas, acompañados de fotos actuais de fouciños orixinais da época propiedade de Dositeo López:



Caderno de notas do 31 de Maio de 1910

- Modelo gateña: de mango largo, eran os primeiros que se facían e se mandaban en Abril e Maio para Toledo e Talavera de la Reina.



Modelo gateña

- Modelo anca: fociños que forma cóbado que ían para a zona de Zamora, Extremadura e Salamanca.



Modelo anca, o terciado e o grande

- Modelo *carbonero*: fociño máis grande e ancho que a gateña pero da mesma feitura. Enviábanse a Toledo e Extremadura.
- Modelo curvo: mandábase para Zamora e Benavente



Modelo curvo

- Modelo estreito: destinado para La Rioja e Burgos. Este era o último que se enviaba, dando paso á elaboración dos

fociños do país que cada ferreiro xa vendía pola súa parte para os seus propios clientes, e sobre todo nas feiras.



Modelo estreito

De cada un destes modelos, existía o tamaño grande e o terciado. E mesmo cada un destes modelos tiña utilidades distintas, pero principalmente eran empregados para o trigo e o centeo.




Varias fotografías de época, mostra da variedade de fociños ofertados

Comezábase a facturar no mes de Abril, coa gateña e rematábase no mes de Xuño, cos estreitos para a zona de La Rioja. A mercadoría enviábase a través do ferrocarril na estación de Laxosa. Facturábase en vagón e tíñanse mandado vagóns completos ou segundo o volume da venda, pagados sobre volume de mercadoría.

Despois da Guerra Civil os fociños, para viaxar no tren, debían ir acompañados dunha guía da Garda Civil, xa que eran armas brancas. Estas guías eran expedidas no cuartel da garda civil de Gomeán.

No proceso de venda non había intermediarios, pero había dúas ferraxerías ás que lles tiñan un prezo especial, xa que



Tarjeta postal que acompañaba os envíos e recibos

estas distribuían á súa vez a ferraxerías máis pequenas e a outros establecementos e tratantes de feira. Unha era *Almacén de hierros, aceros y ferretería Benigno Isla Carracedo*, situada en A Bañeza, León; e outra *Hijo de Desiderio Vidal*, Ronda de la feria 2 al 10, en Zamora.

Chegarónse a vender entre 50.000 e 60.000 fouchiños nunha campaña para Castela, pola demanda relacionada coa sega do trigo, datos segundo recordan os ferreiros que alí traballaron. Constatados nos libros de contas da época que se conservan e aos que tivemos acceso no ano 1953 facturáronse un total de arredor de 25.000 fouchiños coa marca rexistrada, anos nos que o negocio non era o que fora nos seus mellores tempos⁴.



Recibo da chegada da remesa á ferraxería de Hijo de Desiderio Vidal

7 O DECORRER DO TEMPO

O paso do tempo e o murmuro do mazo petando foron protagonistas da herdanza de dita xoia do noso patrimonio, tal e como pasaba co oficio de ferreiro. Así pois, o mazo e polo tanto a patente da marca pertenceu nun primeiro momento a José Ferreiro Rivera, que cedeu o oficio ao seu fillo, Antonio Ferreiro Jacob, e coa morte deste último pasou a mans da viúva e os fillos de Antonio Ferreiro Jacob.



Insignia dos últimos propietarios da empresa

Chegou o momento en que fixeron aparición as colleitadoras en Castela, a partires do ano 60, que levou consigo o comezo da decadencia do negocio. Xa non se precisaba o volume de mercadoría para a seitura de Castela, ademais da aparición das industrias dedicadas a fabricación destas ferramentas,

(4) Os últimos fouchiños que se venderon, sobre o ano 60, vendíanse a 40-50 pesetas unidade.

o que contribuíu á progresiva desaparición deste traballo. Así mesmo, tamén se perdeu a dependencia do mazo coa chegada dos eléctricos, xa que deste xeito calquera podía levar a cabo o traballo na súa propia forxa.

A perda da patente estaba próxima. A súa venda levouse a cabo en torno ao ano 70 porque a marca caeu en desuso. Xa non se fabricaban fouciños e deixou de pagarse o rexistro.

O mazo foi da propiedade da familia ata o 1998 e 1999 aproximadamente. Sempre houbo un interese en que o mazo seguise en funcionamento, que quedase constancia do traballo que alí se facía, pero para a familia supoñía moito gasto. Pensouse en dedicalo a unha casa de turismo rural, pero os membros da familia xa tiñan outras ocupacións e optaron por vendelo a unha institución pública para que fora rehabilitado e evitar que puidese chegar a un estado ruinoso. Foi vendido á Deputación Provincial de Lugo.

Nalgún tempo, en vida de Antonio Ferreiro Jacob, había a previsión de converter o mazo nunha empresa situada en Laxosa e montar unhas forxas xa con persoal asalariado e non só adicarse ós fouciños, senón a todo tipo de obxectos segundo o que demandase o mercado. Ademais houbo tamén o proxecto de montar unha planta eléctrica.

Nos últimos anos, foi restaurado con fondos do *Programa de Desenvolvemento e Diversificación Económica de Zonas Rurales PRODER MIÑO*, como un claro exemplo da recuperación do patrimonio hidráulico, no cal se amosan demostracións do funcionamento dos elementos restaurados que hoxe o compoñen. Os obxectivos propostos do centro no tocante á súa restauración e á súa declaración como Reserva da Biosfera "Terras do Miño" foron:

- Potenciar o coñecemento da cultura etnográfica da zona e as actividades que se levaban a cabo utilizando como recurso principal o río.
- Promover un importante conxunto arquitectónico característico da nosa zona.



Demostración do funcionamento do mazo na actualidade

8 O LEGADO DO FERREIRO NO CONCELLO DO CORGO

"O Corgo, terra de auga"⁵

O Corgo está alimentado e bañado de auga, motor de tantos e cuantiosos mazos e muiños que albergaban nas súas beiras, entre outros, o río Chamoso. Cabe citar o mazo de Reixa en Arxemil, o de Andrés en Queizán e o da casa de Carlota en Goi, ás beiras do río Tordea, no concello de Castroverde, pero moi próximo ó concello do Corgo, todos eles con cadanseu anaco de río e o son do seu petar xa esquecido.

9 CONCLUSIÓN

"Antes viña a xente así ó pé dun, se cadra a catro e a cinco, igual toda a tarde, pero agora, agora non hai xente como había daquela"

(5) Tomado de Xulio Xiz

Podemos observar como este negocio foi un claro dinamizador da vida económica tanto no concello do Corgo como no de Lugo, en concreto en Laxosa e Santa Comba, dando emprego ós habitantes da época nun negocio próspero. Era unha etapa de inmensa penuria económico-social, polo que a industria que se creou naquel momento foi de gran singularidade, incluso innovación, tanto polas dimensións do traballo como pola zona na que se levou a cabo, dando conta da grande visión empresarial da familia que o fixo posible. Do mesmo xeito os beneficios permitiron dotar estes lugares de servizos como a tenda de ultramarinos, desaparecida hai relativamente pouco tempo, e os almacéns de mercadería. Hai que ter en conta o importante papel que tivo o ferrocarril, un dos factores principais no éxito deste negocio.

A competencia industrial fixo que o labor do ferreiro quede hoxe destinada ó arranxo das ferramentas que antes facía, ou para a fabricación de ferramentas para uso propio, quizais só polo amor ao seu traballo, patrimonio xa duns poucos. Este traballo artesanía estase a perder como tamén están en ruínas a maioría desas instalacións hidráulicas que empregaban e que tanta vida albergaron. Este non é o caso do Mazo de Santa Comba, que da conta tanto de tan vello oficio como da nosa identidade como pobo, presente non só na labor dos ferreiros, senón tamén na dos oleiros, cesteiros, canteiros, afiadores e tantos outros oficios que compoñían a sociedade galega, e que é un deber e unha obriga dos galegos dar a coñecer e poñer en valor.

10 BIBLIOGRAFÍA

MONOGRAFÍAS

DE CASTRO, Rosalía. *Cantares Gallegos*. Vigo: Galaxia, 1982

EL PROGRESO. *Guía de los ríos de Lugo*. Xunta de Galicia.

EL PROGRESO. *Libro de Oro de Lugo*.

EL PROGRESO. Lugo artesano. Oficios tradicionales de la provincia de Lugo. Fundación Caixa Galicia.

LORENZO, Xoaquín. *Os oficios*. La voz de Galicia Galaxia, 2002.

SILVERIO CAÑADA. *Gran Enciclopedia Galega*. Lugo: El Progreso Diario de Pontevedra.

TERRAS DO MIÑO. *Facéndolle as beiras ó Miño*. Xunta de Galicia, 2004

XIZ, Xulio. *O Corgo, amplo horizonte*. Concello do Corgo.

RECURSOS ELECTRÓNICOS EN INTERNET

Museos naturales y centros de interpretación, Asociaciones. *Museos naturales*. 2 de Febreiro de 2010.

<http://www.museosnaturales.org/es/index.html>

USC, Instituto da lingua galega. *Diccionario de diccionarios, corpus lexicográfico da lingua galega*.

http://sli.uvigo.es/ddd/ddd_pescuda.php?pescuda=gate%F1a&tipo_busca=lema

OUTROS

Libros de contas, facturas e expedicións. José Ferreiro Rivera e sucesores

Libros de anotacións. José Ferreiro Rivera e sucesores.

RESUMO

Este artigo pretende ofrecer unha panorámica das vías romanas do norte de Gallaecia para despois centrarse na vía que unía *Lucus Augusti* con *Asturica Augusta* procedendo a efectuar unha análise dos seus restos máis significativos nesta zona do Corgo.

PALABRAS CLAVE

Vías romanas, epigrafía, miliarios.

1 LIMIAR

É máis que probable que esta zona onde se sitúa o concello do Corgo tivese unha desbordante actividade tanto comercial como agrícola-gandeira en época romana. Unha actividade que tería dúas causas principais. Por unha banda, o feito de atoparse moi preto da cidade de Lugo capital do *conventus*, ou provincia se o preferimos, fixo que esta zona fose ideal para subministrarlle produtos agrícolas e gandeiros. Pero a segunda causa e quizais máis importante e marca unha diferenza clave con outras zonas limítrofes. Esta é a vía romana, que permite un transporte sinxelo e rápido das mercadorías cara a capital. A existencia de varios poboados castrexos de chaira construídos xa durante a época romana a carón da vía, dan unha idea de esa especial relación e dependencia da poboación castrexo-romana de esta zona coa agricultura-gandería e ca vía romana

Pero non era a única que gozaba destes privilexios viarios. Así por exemplo, a área de Calde, con epicentro en Santa Eulalia de Esperante, Meilán ou mesmo outra Eulalia neste caso de Bóveda, foron zonas de estreita vinculación comercial con Lugo a través das importantes vías que as cruzaban.

Javier Gómez Vila

info@javiergomez.org
Doutor en Arqueoloxía e Hª Antiga
Profesor ensino secundario I.E.S.
N. S. dos Ollos Grandes

Non debemos de esquecer que esta especial relación do home co camiño é algo intrínseco á cultura romana. Unha época onde os camiños adquiren unha transcendencia e unha importancia sen igual. De feito, a maior empresa emprendida pola cultura romana foi a de implementar e organizar unha rede de comunicación que fixese operativa a administración, o comercio e tamén, como non, a guerra. Rodríguez Neila dixo nunha ocasión que o poder de Roma abarcou ata onde as súas vías podían levar aos seus homes. Un poder, o das comunicacións, que ao ver os seus enormes beneficios Roma fíxoo seu rapidamente e plasmouno preto do Palatino e Capitolio co *Milliarium Aureum*. Un símbolo, un emblema, unha imaxe do vértice dun mundo que a través das súas arterias, as súas vías, difundía a forma de vivir, de pensar e de morrer.

Construír camiños e pontes manifestouse como a gran tarefa a realizar. Unha labor acuñada no termo "pontífice", que Varrón fai derivar de "facere pontes", e que todo emperador e cónsul ostentábo e executaba para converterse no principal benfeitor do benestar da comunidade.

Nun primeiro momento esta rede viaria foi crucial para a conquista, control e explotación dos novos territorios, para converterse despois na peza clave do desenvolvemento económico, e sempre levou parello indefectiblemente a creación dunha serie de núcleos humanos na súa contorna. Estes hábitats dispersos, pero moi ben comunicados, dotaron ás comunicacións romanas dun recoñecemento e dunha humanidade descoñecida ata a data.

2 AS VÍAS ROMANAS NO NORTE DE GALLAECIA. O RIXE E TRANSFORMACIÓNS POSTERIORES


No norte de Galicia temos tres vías moi antigas que datan de tempos da conquista de Gallaecia.

A que nos ocupa quizais sexa a que ostente o primeiro posto en antigüidade, xa que sería construída durante as propias guerras Cántabras para facilitar o desprazamento das tropas e a comunicación co campamento militar de *Lucus Augusti* que, como sabemos, daría paso despois a cidade de Lugo.

Construír camiños durante a propia guerra era unha práctica moi habitual dos lexionarios romanos que contaban con persoas especializadas nestas tarefas. De feito, o exército romano só era capaz de facer longos desprazamentos a través das vías. Dende o calzado dos soldados ata as mercadorías e armamento pesado que transportaban estaban pensados para os pavimentos das vías.

Son innumerables os exemplos que poderíamos indicar para ilustrar esta forma de entender a guerra pero se temos que escoller un poderíamos elixir o saqueo ás cidades do val do río Xanthus. Bruto, o asasino de Xulio César, nun desesperado intento de perpetuar a República, vese incapaz de levar a cabo unha campaña bélica contra Octavio Augusto, o herdeiro de César, por falta de capital. Para resolver estes problemas financeiros decide saquear as cidades máis ricas de Licia, ao sur da actual Turquía. Estas eran aínda moi ricas porque ninguén as puidera saquear xa que estaban separadas do mundo "civilizado" polos formidables e intransitables Montes Solima. De feito, o seu illamento era tal, que os propios gobernadores romanos desta provincia xa había tempo que renunciaran a cobrar os impostos ou a impoñer certa orde.

Pois ben, a calzada romana remataba en Telmesus. De aí en adiante só había un camiño de cabras de 30 quilómetros a través dos Montes Solima para chegar á primeira cidade. Que fai o exército de Bruto?, parece evidente que sería atacar para coller por sorpresa aos habitantes de Xanthus e así evitar que se refuxiasen detrás da impresionante muralla que tiña. Pero non foi así. Bruto foi facendo o seu propio camiño a medida que avanzaba, obrigando os seus lexionarios a cortar a dura rocha con picos e a durmir o carón da vía de dez pes de ancho. E, de paso, tamén os obrigou a soportar as continuas burlas dos xanthianos que desde o cumio rían ao ver o lentísimo avance do exército romano e as facilidades que lles estaban dando para aprovisionarse e poder resistir comodamente o asedio. Trinta días despois o exército de Bruto plántase en pleno diante da muralla. O resultado xa o podemos imaxinar. As terribles e enormes máquinas de guerra que puideron cruzar o Solima grazas ao camiño arrasan as defensas en poucos días. Os habitantes da segunda gran cidade da zona, Patara, á vista do acontecido, apresuráronse a renderse tan pronto como viron no horizonte o equipamento de asalto romano, pero nin aínda así conseguiron librarse de ser vendidos como escravos 50.000 dos seus habitantes.



Mapa 1. Intervención militar romana no noroeste hispánico.

Volvendo ao tema, nese intre xa estamos a pensar no exército de Caio Antistio construíndo vías e campamentos no norte da meseta para illar e someter aos levantiscos


cántabros e astures. No mapa adxunto pódese observar todo este despregue construtivo e como a nosa vía sería un elemento máis dentro desta etapa.

As outras dúas vías ás que nos referíamos anteriormente e que datábase nesta época da conquista tiñan unha función moi concreta e tamén básica para poder acadar a vitoria militar xa que servirían de enlace cos dous grandes portos do noroeste: *Brigantium* e *Iria Flavia*.

A denominada XX do Itinerario de Antonino ou *per loca maritima*, dirixíase cara a o porto de *Brigantium* (A Coruña) para fornecer o campamento recentemente fundado e a posterior capital administrativa de *Lucus Augusti*. Unha vía polo tanto que amosaba

A outra vía que posuía idénticas funcións era a que permitía recibir subministracións do outro gran porto do noroeste de época romana, o de Iria Flavia. Neste caso, o transporte realizábase pola chamada vía XIX que discorría por San Román da Retorta onde se atopou un miliario do emperador Calígula.

Pero aínda nos está completo o panorama viario do norte de Galicia. En contra da idea xeneralizada da inmutabilidade dos camiños de Roma, foron os propios romanos os que levados polos seus propios intereses cambiaban a miúdo as súas vías. Reparábanse, construíanse unhas novas, abandonábanse algúns trazados... todo en función dos desexos do estado. Xeralmente, é o exército o encargado de levar á práctica estes deseños que combinaba maxistralmente coas súas propias necesidades bélicas. A Gallaecia romana é un bo exemplo destes cambios que aconteceron a finais do século I. Esta época de fins do I está marcada polo carácter dos seus emperadores, os Flavios, que levaron a cabo un inxente programa construtivo edilicio para a maior gloria do Imperio. Vespasiano e os seus dous fillos, Tito e Domiciano, foron os construtores do colosal anfiteatro de Roma, posteriormente chamado Coliseo, ou as importantes reformas levadas a cabo no foro romano. Pero os seus intereses centrábanse tamén nas provincias hispanas onde realizan profundos cambios. Un exemplo sería a concesión do *ius Latii*, unha especie de cidadanía romana de segunda clase cos mesmos dereitos que a plena agás o de voto. Outro caso sería o enorme fomento que os Flavios fan do proceso urbanizador. Como consecuencia, aparecen multitude de novos núcleos urbanos nas zonas interiores que demandan tanto a modificación dos trazados viarios existentes como a construción de novos camiños para poder comunicarse. De feito, os Flavios consideraban que a organización do noroeste levada a cabo por



Mapa 2. Rede viaria romana no norte de *Gallaecia*. Identificación e alteración dos trazados.

1. Cambre. Asentamiento viario.
2. Asientos, O Real (Boimorto). Miliario de Maximino e Máximo. Pérez Losada, F. (1989)
3. Ponte Puñide (Gonzar, O Pino). Asentamiento viario
4. Santiso (Castrofeito, O Pino). Asentamiento viario
5. Santiago de Compostela (*Asseconia*). Mansión e aglomerado secundario
6. Gándara (Sergude/Sales, Vedra). Miliario de Calígula. (CIL, II sup. 6233-6234; IRG, I, 2)
7. San Román da Retorta. Miliario de Calígula. (IRG, II, 1; IAE, 1714; IRPL, 93, Gómez Vila, J. (1992)
8. San Pedro de Arxemil (O Corgo). Miliario de Adriano. (IRPL, 94, Gómez Vila, J. (2006)
9. San Pedro de Arxemil (O Corgo). Dous miliarios anepígrafos (Gómez Vila, J. (2006)
10. Santa María de Franqueán (O Corgo). Miliario de Caro (Álvarez Asorey, R. (2002). Gómez Vila, J. (2009)
- 10b. Tórdea. Miliario anepígrafe. (Álvarez Asorey, R. Rodríguez Colmenero, A. (2008). Gómez Vila, J. (2009)
11. Santa Eulalia de Esperante (Lago). Miliario anepígrafe (Gómez Vila, J. (2002)
12. Entrambasaguas (Guntín). Miliario de Caracalla (IRPL, 96, Gómez Vila, J. (2006)
13. Seteigrexas (Monterroso). Miliario de Caracalla (IRPL, 95, Gómez Vila, J. (2002, 2006)
14. Caldas de Reis (*Aquis Felenis*). Mansión e aglomerado secundario. Miliario de Constantino (IRG, III, 11)
15. Miliario de Heliogábalo. Gómez Vila, J. (2009)

funcións militares de movemento de tropas pero que tiña tamén importantes funcións comerciais, xa que por ela circularon multitude de produtos claves para a supervivencia da cidade de Lugo.

Augusto adoeceía de falta de cidades e dunha escaseza de comunicacións en zonas interiores.

Estas reformas viarias flavias serán executadas por unidades militares que acaban de ser asentadas en *Gallaecia*, unha en *Aquis Querquennis* (Baños de Bande, Ourense) e outra en Cidadela (Sobrado dous Monxes, A Coruña). Entre as reformas atópanse a construción de novas vías que enlazaban directamente as tres capitais conventuais: Lugo, Astorga e Braga e o cambio do trazado doutras existentes para adaptalas ás novas necesidades. Este é o caso por exemplo da propia vía XX da que falamos anteriormente. Varía un pouco cara o sur o seu percorrido orixinario co obxectivo de facelo pasar polo propio campamento de Cidadela porque, ao cabo, un campamento militar illado non ten sentido e desta forma quedaba enlazado tanto coa capital de Lugo como co seu porto da Coruña. No entanto, este feito non vai provocar que o antigo trazado desta vía que pasaba por Guitiriz se abandone ou perda importancia. Ao contrario, segue sendo unha ruta comercial de primeira orde durante toda a época romana.

Os mesmos motivos de accesibilidade van provocar que esta unidade militar asentada no campamento de Cidadela, a *Cohors I Celtiberorum*, constrúa outras vías, ou mais ben dirixa os traballos, porque xa se sabe que quen realmente traballaban eran os indíxenas. Esta nova vía tiña como obxectivo unir este asentamento militar coa costa lucense a través de Buriz e Miñotos.

Deste xeito tamén aparece unha nova ruta que enlazaría directamente as dúas capitais administrativas máis occidentais de *Gallaecia*, Lugo e Braga, a través de Ourense e do propio campamento de *Aquis Querquennis*, que agora tamén ten funcións de mansión. A partir de aí compartía o derradeiro tramo ca vía XVIII ou Vía Nova.

3 A VÍA ROMANA NO CONCELLO DO CORGO

O documento onde aparece recollida esta vía por primeira vez é no Itinerario de Antonino. Esta obra é unha enumeración de camiños de todo o Imperio romano. Posiblemente fose redactada no século III, pero a que conservamos é unha copia medieval. No século XIX, un estudoso dos camiños romanos chamado Eduardo Saavedra cree conveniente organizar estas "rutas" do Itinerario colocándolle un número significativo a cada unha delas. Como a vía que nos ocupa aparece mencionada en dúas destas "rutas" temos a oportunidade de poder escoller polo tanto entre dous números: o XIX e o XX.

Ademais deste privilexio contamos con outros dous moito máis importantes. Esta zona posúe as mellores estruturas viarias romanas do norte de *Gallaecia* e, por se non fose pouco, ten tamén a maior concentración de miliarios.

1. Estruturas da vía romana.

Son facilmente perceptibles na paisaxe xa que adoitan presentar unha forma de "muro de terra" que se ergue nunha zona chá e que se prolonga varias decenas de metros. Esta estrutura chamada lombo ou *agger* é típica das vías romanas e a vemos




Figura 1. Perspectiva dun lombo na milla 62 da vía XVIII. Obsérvese a disposición dos muros adaptándose ao perfil da vía como ocorre na lámina 2.

repetida infinidade de veces ao longo de todo o imperio. De feito, e sen saír da provincia de Lugo, volvemos atopala na vía XX entre Lugo e A Coruña,

concretamente en Guitiriz, paralela a vía férrea, nunha zona chamada Portovello.




Figura 2. Corte lonxitudinal dun lombo na milla 73 da vía XVIII

Tecnicamente consiste nunha plataforma elevada formada por unha mestura de terra, pedras e area, extraídas na meirande parte das cunetas (*sulci* ou *fossae*) laterais, que tiña por obxectivo drenar o camiño, evitar o seu afundimento, facelo máis consistente e, de paso, mellorar a visibilidade sobre a contorna para evitar os frecuentes roubos.



Lámina 1. Agger da vía romana na capela das Virtudes e no pobo de Campelo, respectivamente.

Grazas aos cortes que se fixeron en *aggeres* da vía XVIII na Baixa Limia sabemos que estaban formados na meirande parte por material de tamaño medio compactado e colmatado por material fino. Sen embargo, este material varía dunhas zonas a outras na mesma vía. Este feito foi comprobado nesta vía nova. Na zona de A Sainza está formado por cuarzo colocado a modo de macadam (pavimento típico dos camiños reais do século XVIII-XIX) mentres que en Vilar de Santos son máis abundantes pedras grandes e planas. Por outra banda, o ancho nesta zona ourensá é similar á lucense, de entre 4 e 6 metros.

Polo tanto, sería un firme de pedra miúda e non un pavimento de grandes lousas, que é o que adoita aparecer como característico das vías romanas e ten a súa típica representación gráfica na vía Apia.

Nas sempre agradables e, neste caso, frutíferas marchas que fixen con Mario Outeiro puiden apalpar a magnitude que aínda hoxe amosan estes restos viarios. Os mellor conservados de varios centos de metros sitúanse a carón da ermida das Virtudes e continúan polo chamado Monte da Lomba cara ao pobo de Campelo.

2. Miliarios

Son indicadores de distancias que adoitaban colocar cada milla, é dicir cada 1480 metros. Teñen forma cilíndrica e o seu material máis común é o granito. A maioría teñen texto. Na parte superior adoita aparecer a titulación do emperador que o mandou construír e na súa parte inferior case sempre aparece a distancia á seguinte cidade. No entanto, algúns exemplares non posúen texto, ben porque se perdeu por reutilizacións ou ben porque non foi gravado. Este feito provoca certos problemas á hora de decidir se un fragmento cilíndrico sen texto é un

miliario ou non. Eu son da opinión que así como non é ouro todo o que reloce tampouco son miliarios todas as pezas cilíndricas. De facer sen máis esta identificación teríamos unha vía romana en calquera punto de Galicia. De feito, os que facemos traballos arqueo-lóxicos de prospección de vez en cando estamos habituados a atopar este tipo de pezas. Por exemplo, no estudo do camiño de Santiago de Fisterra atopamos máis de dúas dúcias deste tipo de fragmentos cilíndricos e ningún deles era un miliario. Uns eran soportes de cruceiro, outros "rolos" agrícolas, había columnas de distintos edificios, pezas do camiño real, doutras construcións, e incluso testos de plantas feitos polo propio propietario. Na zona que nos ocupa tamén temos fragmentos que non son miliarios e outros moi dubidosos como o de Castrillón ou mesmo o que aínda está colocado en Arxemil e que posúe unha cruz nunha das súas caras. Incluso o monolito que está situado no medio da ponte de Gatín paréceseme máis a un picudo do camiño real que a un miliario.

Pero tampouco os necesitamos, porque contando só os que probablemente sexan temos a maior concentración de miliarios do norte de Gallaecia, seis, se aceptamos os dous mencionados anteriormente. Pero non todo son boas noticias. O problema é que cando foron descubertos non estaban no seu lugar orixinario polo que non nos serven para identificalo paso exacto da vía. Que moitos deles foran conservados nas igrexas é típico e moi habitual, non so dos miliarios, senón das pezas epigráficas en xeral. O motivo principal foi a preocupación dos curas párrocos de distintas épocas por conservar este tipo de materiais históricos coñecedores súa importancia. Nalgúns casos o exemplar foi transportado decenas de quilómetros da súa situación orixinaria como o caso do

miliario de San Román da Retorta que fixo un periplo desde este pobo a Rábade e dende alí a Astorga que é onde está agora. Imos ver as principais características de cada un deles.

I. Arxemil.

Interpretación:
Anepígrafe

Lugar de conservación: In situ.

Material: Granito groso

Medidas: A: 1,52. D: 40

Decoración: Moi erosionado e con abundantes fracturas debidas a distintos golpes. Presenta dúas cruces na súa parte frontal de 37x21 cm.

Observacións: Posible miliario que se atopa fincado a pé da vía como parte integrante do muro dun predio a escasos 300 metros do lugar de Arxemil onde se encontraron dous miliarios, un anepígrafe en Perliños (número 3) e o outro dedicado a Adriano (número 2). A pesar da súa considerable erosión e deterioración aínda é perceptible parte da base na súa parte esquerda duns 26 cm de altura.



Bibliografía: Gómez Vila, J (2006): *Vías romanas de la Provincia de Lugo*. USC; Gómez Vila, J. (2009): *Epigrafía romana de la Provincia de Lugo*.

II. Arxemil.

Interpretación:

IMP(eratori) CAES(ari) D[IVI TRAIANI]
PARTHICI F(ilio) DIVI N[ERVAE NEP(oti)]
TRAIANO HADRIANO AVG(usto) PONT(ifici)
MAX(imo)
TRIB(unicia) POT(estate)

Ao emperador César Traxano Adriano, fillo do divino Traxano, neto do divino Nerva, Augusto, Pontífice Máximo, investido...? na

potestade tribunicia

Lugar de conservación: Museo Provincial de Lugo. Nº orde Epi-47

Material: Granito

Medidas: A: 56; D: 59.

Altura das letras: 8 Cm

Variantes: 1.1: D[IVI] (Arias Vilas, F.)



Decoración: Fragmento de columna reempregada como pía de auga bendita.

Observacións: Ao final do texto latino e cunha letra máis pequena pódese ler "ano de 1601"

ao que lle segue unha cruz. É moi posible que esta sexa a data na que se santificou o miliario para facer as funcións de pía de auga bendita.

Bibliografía: Arias Vilas, F.(1976), Pp 97-105. IRPL, 94. Gómez Vila, J (2006): *Vías romanas de la Provincia de Lugo*. USC; Gómez Vila, J. (2009): *Epigrafía romana de la Provincia de Lugo*.

III. Perliños. Arxemil.

Interpretación:
Anepígrafe

Material: Granito.

Medidas: A: 227; D: 60

Decoración: Con base cúbica de 55.

Observacións: Aparecido en 1976 a un lado dun camiño. Xunto a este exemplar tamén apareceu unha peza prismática, de posible filiación medieval, coa inscrición: SCI IOANI / L (?); que poderíamos desenvolver: S (an) C (t) i IO (h) AN (n) I (s) E (cclesia?); é dicir, Igrexa de San Xoán.



Arias Vilas afirma que non é posible afirmar con certeza se chegou a ser utilizado na vía, pois este preparado para recibir inscrición e colocalo.

Bibliografía: Gómez Vila, J (2006): *Vías romanas de la Provincia de Lugo*. USC; Gómez Vila, J. (2009): *Epigrafía romana de la Provincia de Lugo*. IRPL, 97. Arias Vilas, F., F (1976), p. 97-105.

IV. Franqueán.

Interpretación:

IMP[ERATORI] C[AESARI]
MARCO
AVRELIO
CARO [IN]
VICT[O]
AVG[VS]TO
[LVCO AVGVSTI]
¿? M(ilia) P(assum)

Dedicado ao Cesar emperador Marco Aurelio Caro, invicto augusto...A [Lvco Avgvsti]??
Millas

Lugar de conservación: Museo Provincial de Lugo. Nº orde Epi-75

Material: Granito groso.

Medidas: Alt: 1,79; D: 60. *Altura das letras:* 9 cm.



Observacións: Encontrábase colocado de forma investida diante da igrexa parroquial como parte do muro dun predio chamado "Prado da Eirexa", propiedade da chamada "Casa do Conde". Nesta situación o vin en Xuño de 2000, aínda que non se lle apreciaba o texto xa que estaba enterrado como dixemos de forma investida.

En Agosto de 2001 o propietario do predio tirouno da súa situación orixinaria para ampliar a entrada e o depositou na beira da pista onde foi visto por uns transeúntes que deron parte do achado.

Do mesmo xeito que noutros exemplares, consérvanse as letras que estaban enterradas, neste caso en area. Faltando doutros elementos de xuízo a datación tense que limitar ao período de mandato deste

emperador que se desenvolve entre setembro de 282 e Xullo de 283.

Bibliografía: Álvarez Asorey, R. (2002): "O miliario de Santa María de Franqueán O Corgo", en Larouco nº 3, páx. 253-256. Gómez Vila, J (2006): *Vías romanas de la Provincia de Lugo*. USC; Gómez Vila, J. (2009): *Epigrafía romana de la Provincia de Lugo*.

V. Castrillón.

Interpretación:
Anepígrafe

Lugar de conservación: Diante da Capela de Castrillón.

Material: Granito. *Medidas:* Alt: 110; D: 45
Decoración: Presenta unha cruz pintada de vermello na súa parte frontal

Observacións: Encóntrase diante da entrada da capela de Castrillón situada en pleno castro do mesmo lugar. Estivo no interior da devandita capela servindo como base de altar ata que en época recente foi trasladado ao exterior coa mesma función. Ao tratarse dunha peza moi alterada e reempregada non presenta texto epigráfico nin cipo. Esta propia ausencia de texto e as deformacións sufridas ao ser adaptado ao seu posterior uso impiden calquera tipo de identificación concluínte. Porén, tanto a súa fisionomía como o simple feito de ser achado nunha zona onde existen un alto número de exemplares imposibilita tamén, ao noso xuízo, calquera intento de exclusión.



Encóntrase diante da entrada da capela de Castrillón situada en pleno castro do mesmo lugar. Estivo no interior da devandita capela servindo como base de altar ata que en época recente foi trasladado ao exterior coa mesma función. Ao tratarse dunha peza moi alterada e reempregada non presenta texto epigráfico nin cipo. Esta propia ausencia de texto e as deformacións sufridas ao ser adaptado ao seu posterior uso impiden calquera tipo de

identificación concluínte. Porén, tanto a súa fisionomía como o simple feito de ser achado nunha zona onde existen un alto número de exemplares imposibilita tamén, ao noso xuízo, calquera intento de exclusión.

Bibliografía: Gómez Vila, J (2006): *Vías romanas de la Provincia de Lugo*. USC; Gómez Vila, J. (2009): *Epigrafía romana de la Provincia de Lugo*.

VI. Tórdea. Castroverde

Interpretación:
Anepígrafe

Lugar de conservación: Diante da Igrexa parroquial de Tórdea

Material: Granito groso. *Medidas:* L: 1,1 m; diámetro 60 cm.

Decoración: Practicamente só conserva o típico cipo para ser enterrado de considerables dimensións, perdéndose toda a súa parte superior onde iría o campo epigráfico. Outros fragmentos localizados no interior do templo poderían ser partes deste exemplar.

Observacións: O lugar de Tórdea localízase nun punto intermedio entre a vía XX de Lugo a Astorga e a citada polo Ravennante entre Lugo e Lugo de Llanera que pasa un pouco máis o norte seguindo o trazado do Camiño Primitivo de Santiago. Polo tanto este miliario podería pertencer a calquera das citadas vías e, en todo caso, non estaría *in situ*.




Hai certos elementos arquitectónicos reempregados na fábrica do actual templo que pertencen a algunha edificación arruinada, posiblemente a anterior igrexa.

Bibliografía: Gómez Vila, J (2006): *Vías romanas de la Provincia de Lugo*. USC; Gómez Vila, J. (2009): *Epigrafía romana de la Provincia de Lugo*.

Bibliografía: Gómez Vila, J (2006): *Vías romanas de la Provincia de Lugo*. USC; Gómez Vila, J. (2009): *Epigrafía romana de la Provincia de Lugo*.

4 PERCORRIDO DESDE LUGO

Sen ánimo de sinalar un trazado meticuloso porque excedería as pretensións deste traballo, o que si cremos conveniente facer é identificar as distintas zonas de paso.



Mapa 3. Percorrido da vía XIX-XX. Lugo-Fonteita

A vía sae do recinto amurallado pola Porta de San Pedro e continúa polo barrio de San Roque franqueada por sendas necrópoles. Como non se podía enterrar no interior é típico da cultura romana que os enterramentos están situados no arrabalde da cidade o carón dos camiños. Hai varios motivos que explican este feito entre os que destacan a mellor accesibilidade e, sobre todo, acadar o gran obxectivo da sociedade romana: non morrer de todo, vivir eternamente no recordo dos demais, e que mellor sitio que ser enterrado nos lugares máis transitados.



Lámina 2. Lombo da vía na carretera de Arxemil a Adai

A vía continúa polo barrio de Sanxillao, onde existía unha basílica paleocristiá e outra necrópole ambas as dúas descubertas no ano 2002, e abandona a cidade por Montirón.

Despois de cruzar o río Rato por unha ponte da que non quedan restos, continúa por Conturiz moi próxima á chamada "capela-convento de San Román", unha edificación relixiosa do século XVIII quizais nunca rematada.

Fronte a este edificio pero ao outro lado da antiga N-VI, nun lugar denominado Agro do Santo, hai outro edificio moi curioso chamado de igual forma que o anterior. Na década dos anos 80 do século XX so quedaban algunhas estruturas que fixeron pensar a Felipe Arias do seguinte xeito: "son restos dunha curiosa construción a xeito de capela ou oratorio, acompañada dunha necrópole de tumbas antropomorfas de laxas xa desaparecidas case por completo".

Continúa por Nadela cara a Coeo e Arxemil onde hai, como vimos anteriormente, abundantes miliarios e restos de estruturas sobre todo no norte do pobo cara ao Muíño de Tallón. Posteriormente chega á capela das Virtudes a través dun magnífico *agger* como apreciamos nas fotos anteriores.

Nesta ermida atopouse tamén unha dedicatoria a Mercurio, deus do comercio, e moi preto atópase unha fonte de supostas augas curativas. Noutro traballo confío falar extensamente destes interesantes elementos para comprender realmente a súa importancia.

Entre este lugar e Campelo a vía vai polo chamado monte da Lomba apreciándose claramente a súa estrutura.

Posteriormente a vía continúa cara a Franquean, de onde procede o outro conxunto de miliarios importantes desta zona.

5 CONCLUSIÓNS

Os camiños foron o gran motor socio-económico desta zona non só durante a época romana senón ao longo de tódalas etapas históricas. Unha circunstancia que, sen dúbida, marcou a forma de vivir e de pensar da poboación. Porque esta zona, a do Corgo, foi, é e será de paso, de tránsito, de camiños. O camiño romano foi o que iniciou este proceso e serviu de paradigma aos

demais, pero quizais non foi nin o primeiro nin o mais importante, pero si un dos que deixou unha gran pegada na paisaxe. A carón del foi trazado o camiño medieval, máis estreito, máis tortuoso, máis discreto, crucial para o comercio e perigoso para os veciños. No século XVIII quédase pequeno, non é capaz de satisfacer o crecente tráfico de mercadorías nin as ansias centralistas dos borbóns. Carlos III bautizou o novo proxecto camiñeiro como rede radial de camiños reais que unirían Madrid con cada unha das capitais provinciais. As testemuñas deste Camiño Real de entrada a Galicia aínda hoxe en día están espalladas a carón da nacional: pontes, firmes como o do Monte Xirondo ou o típico leguario como o de Laxosa.

O século XX pouco ou nada cambiou esta tónica construtiva xa que seguiu evoluindo e afianzando as comunicacións coa vital N. VI. O cambio foi no XXI porque é certo que a autovía permite rápidos e cómodos desprazamentos pero, pola contra, nin ves a xente nin a paisaxe e, curiosamente, por primeira vez na historia o Corgo está máis illado.

6 BIBLIOGRAFIA

- ALVARADO BLANCO, S., J. C. Rivas e T. Vega Pato. *La vía nova en A Limia*. B. Auriense, anexo 16. Ourense: Museo arqueolóxico provincial, 1992.
- ALVARADO BLANCO, S., J. C. Rivas e T. Vega Pato. *La vía romana XVIII revisión de su trazado y mensuración*. B. Auriense, anexo 25. Ourense: Museo arqueolóxico provincial, 2000.
- ARIAS VILAS, Felipe. "Dous miliarios do tramo viario Lucus Timalino", en *Boletín Auriense* nº VI. 97-105, 1976.
- ARIAS VILAS, F. Le Roux, P. Tranoy, A. *Inscriptions romaines de la province de Lugo*. Paris: 1979.
- CAAMAÑO GESTO, J. M. *La vía nova en su tramo galaico*. Vilalba: Museo de Prehistoria e arqueoloxia de Vilalba, 2009.
- FERNÁNDEZ OCHOA, C. "Itinerario de Astorga", en Álvarez Martínez, José María y Martín Almagro - Gorbea (comisarios) *Hispania el legado de Roma*. Mérida: Catálogo de la exposición. Museo Nacional de Arte Romano, 1999.
- GARCÍA FUENTES, M. *El camino Real de Acceso a Galicia en el siglo XVIII*. A Coruña: Excma. Diputación de A Coruña, 1987.
- GARCÍA FUENTES, M. *Galicia incomunicada por red viaria en el siglo XVIII*. A Coruña: Universidade da Coruña, servicio de publicacións, 1999.
- GÓMEZ VILA, J. "Leguas e leguarios no Camiño Real de Acceso a Galicia", en *Lucensia*, nº 23, vol. XI. 347-356, 2001.
- GÓMEZ VILA, J. *Vías romanas de la Provincia de Lugo*. Santiago: USC, 2006.
- GÓMEZ VILA, J. *Epigrafía romana de la Provincia de Lugo*. Lugo: 2009.
- LEMAUR, C. Mapa del Pays y del Camino entre Lugo y Villafranca. Servicio Geográfico del Ejército, Cartoteca Histórica, 1769.
- RODRÍGUEZ COLMENERO, A, Álvarez Asorey, R. *Vía romana XIX. Un viaje desde Lugo a los Ancares, siguiendo las pisadas de Roma*. Lugo: Concello de Lugo, 2008.

RESUMO

En Galiza existen dúas formas de propiedade, entre outras, relativas fundamentalmente aos montes, de gran transcendencia como son: os montes veciñais en man común e os montes comunais.

Neste traballo, relativo exclusivamente ao concello do Corgo, afróntase de forma sinxela a diferenciación destas dúas figuras, xa que a maioría da xente tende a confundir estes dous termos. Ao mesmo tempo analízase como os veciños procederon paulatinamente á ocupación e reparto destes montes, á marxe das distintas normativas legais, como evolucionaron os seus usos e aproveitamentos e incluso a propia propiedade dos mesmos.

Existiron dous factores determinantes e comúns en toda Galiza na evolución destes espazos, como foron por unha banda a emigración da poboación do rural buscando novas expectativas vitais, e por outra as repoboacións forzosas realizadas polo Patrimonio Forestal nas décadas dos 40 e 50 do século XX, sendo, este factor pouco determinante no concello do Corgo (293 ha.).

PALABRAS CLAVE

Monte, propiedade, veciñal, comunal, parroquia, tenza, estrume, Patrimonio, consorcio, convenio.

1 INTRODUCCIÓN

Non se trata de facer neste traballo un estudo pormenorizado nin en profundidade da evolución histórica dos montes comunais ou veciñais do concello do Corgo, dado que para tal fin sería preciso realizar consultas de

Casanova Sánchez, Xosé Enrique

enriquegomean@yahoo.es

Bacharelato

Axente Medioambiental da Consellaría de Medio Rural no Distrito Forestal Lugo-Sarria

Vaia por diante o meu agradecemento a Pilar Orol Mel (avogada e estudosa das distintas problemáticas dos montes galegos, especialista nos deslindes por avinzas entre comunidades) e Xabier Bruña García (enxeñeiro de montes, funcionario da Administración Autonómica, desempeñou distintos cargos de responsabilidade nas consellerías de Medio Rural e Medio Ambiente) polo seu asesoramento á hora de escribir o artigo.

carácter moito máis exhaustivo, precisando estudar a variada documentación existente ao respecto e que se atopa espallada en distintos arquivos como poden ser o Arquivo Histórico Provincial, documentación do Catastro do Marqués da Ensenada, o propio Arquivo Diocesáneo, etc.

Este traballo centrarase exclusivamente na evolución dos montes comunais e veciñais en man común dende a metade do século XX ata o de agora. Existe tamén outra figura respecto dos montes pro-indiviso que son os coñecidos comunmente, dependendo das zonas, como: "montes abertais, de voces, fabeo ou de varas", de aí a expresión "as varadas do monte" que con moita frecuencia se utiliza para referenciar a parte de monte común que cada veciño aproveita individualmente, de tódolos xeitos podemos dicir que esta figura é moi escasa ou nula no concello do Corgo, e non lle prestaremos maior atención.

Hai dúas figuras legais que agrupan os montes que historicamente teñen un aproveitamento común, que son: os Montes Veciñais en Man Común (M.V.M.C.), e os Montes Comunais (M.C.) que aínda tendo moitos aspectos comúns, manteñen diferenzas substanciais. Os montes veciñais en man común mantendo a súa orixe comunal, (aproveitados comunmente polos veciños dun determinado lugar ou parroquia), sufriron un proceso legal diferenciador dos montes comunais de

especial importancia como foi o “recoñecemento e restitución” da propiedade deses montes aos veciños; é dicir, se ben o aproveitamento segue sendo común, a titularidade expresa dese monte é dos veciños organizados nunha asemblea (comunidade de veciños con dereito ao monte) gobernada por unha Xunta Reitora.

Por outra banda nos chamados montes comunais, o aproveitamento segue sendo comunal, de tódolos veciños, pero a xestión, control e organización é do concello, sendo este o responsable, en teoría e segundo a lei, de regular os seus usos e aproveitamentos.

As dúas figuras, aínda que se rexen por lexislacións distintas, os M.V.M.C. pola Lei de Montes Veciñais en Man Común e os M.C. pola Lei de Bases de Réxime Local, manteñen e comparten tres principios básicos fundamentais: son inalienables, imprescriptibles e inembargables. Estes tres conceptos son os que realmente definen e fundamentan a este tipo de propiedade.

2 MONTES COMUNAIS

A evolución paulatina dos usos e aproveitamentos dos montes comunais do concello do Corgo é similar a do resto de Galiza. Ata as décadas dos cincuenta ou sesenta serviron de apoio imprescindible para a supervivencia das explotacións familiares asentadas no rural; deles sacábanse os esquilmos e estrumes para o gando, pastoreábanse, aproveitábanse as leñas ou facíanse as cabadas para sementar cereais... Sen embargo, o aproveitamento común destas zonas foi desaparecendo ligado á evolución económica do rural, ó introducirse novos métodos e fórmulas de usos e xestión na agricultura (desaparición do pastoreo, estabulación do gando, creación de pastizais, perda dos usos das leñas nas vivendas, etc.), contribuíndo

tamén á súa desaparición o abandono e emigración do rural ás cidades.

Cando o aproveitamento comunal deixou de ter importancia, en moitas parroquias do concello acordaron partir o monte entre os veciños por un procedemento xeralmente de sortes repartido en tenzas ligadas á vivenda (casa con fume). Neste reparto tamén se incluía a reitoral (a casa do cura) e a escola (a casa do mestre). Este traballo normalmente encargábaselle a unha persoa con coñecementos básicos en agrimensura. Naquelas parroquias que non se fixo este proceso, cada veciño ocupaba paulatinamente unha parte do monte co consentimento máis ou menos implícito e compartido do resto dos veciños; estes procesos, aínda que consentidos comunmente, foron causa en máis dunha ocasión dalgún que outro pequeno conflito que na maior parte dos casos era xeralizado (superficie da parcela, localización da mesma, calidade do solo, que veciños tiñan dereito ou non a ela...). É de subliñar que os distintos gobernos municipais da época sendo conscientes e coñecedores desta situación nunca, ou case nunca, exerceran as súas potestades na defensa do interese común. Porén, aparece algunha referencia nos documentos municipais no que o concello si actuou ao respecto; como é o caso do monte “Das Gándaras” de Marei, onde no pleno celebrado o 18 de abril do 1954, se acordou facer requirimento aos veciños desta parroquia que facían uso individual dalgunha parcela para que a restituíran a uso comunal.

Para confirmar a importancia dos montes comunais no Corgo, e remontándonos ao ano 1948, figuraban inventariadas como bens municipais unhas 1.740 ha. en todo o concello. Estas “propiedades municipais” asentábanse no libro de contas e de inventario de bens patrimoniais municipal, no que se facía constar: o estado vexetal no que todos figuran como “monte baixo”, (o

que confirma que naqueles tempos non existían repoboacións de piñeiros nestes montes), o nome do monte e o seu emprazamento, a superficie e os seus lindes así como unha valoración económica de cada un deles. A relación existente naquela época é a seguinte:


MONTE	PARROQUIA(S)	SUPERFICIE (ha)	VALORACIÓN (pts)
Antiguo ou Lamaxuana	Anseán e Manán	225,00	51.000
Laxalonga	Cela, Farnadeiros (Santo Estevo), Cerceda e Lapio	100,00	20.000
Das Bouzas ou Monte de Arriba	Cerceda	150,00	30.000
Acebedo	Escoureda	100,00	20.000
Castro e Bacariza	Farnadeiros	150,00	28.000
Caxigal	Folgosa (San Martiño)	61,90	12.380
Os Ramos	Fonteita	29,80	5.816
Ferveda	Franqueán, Folgosa (San Martiño), Folgosa (Santo Estevo) e Fonteita	403,57	80.714
Penamoura	Laxosa	0,75	150
Aira Norte	Laxosa	0,75	150
Regueira da Olga	Lapio	5,20	1.040
Gandariña	Manán (Santa María)	1,00	200
Gándara	Marei, Gomeán, O Corgo, Chamoso (Santo André) e Anseán	58,00	31.600
Os Castros	Paradela	80,00	16.000
Laxa	Piñeiro	3,00	600
Gándara de Piñeiro	Piñeiro	80,00	16.000
Vidueiro	Queizán	112,00	22.400
Choupeiras	Vilachá	1,00	200
Roza dos Cambeiros ¹	Chamoso (San Cristovo)	95,00	19.000
Carboeiro ²	Folgosa (Santo Estevo)	100,00	20.000

Salientar, en todo caso, que estas anotacións son moi simples e imprecisas. Así vemos como os deslindes figuraban dunha maneira moi xenérica, limitándose aos termos das parroquias colindantes ou as súas fincas, a superficie sempre aparece de forma aproximada, o mesmo que a valoración económica que non queda claro en base a que criterios se fixo (superficie, calidade dos terreos, etc). Chama tamén a atención que varias parroquias puideran compartir un mesmo monte, ou, por exemplo, o monte chamado do "Castro" e "Bacariza", que aparece sito na parroquia de Farnadeiros e outras sen determinar.

Outro aspecto a ter en conta, é que as parroquias de: Aday, Santalla, Arxemil; San Fiz de Bergazo, Campelo, Camposo, Maceda,

Pedrafita ou Segovia, non aparecen con monte comunal inventariado. O máis probable é que, aínda existindo este tipo de monte, xa estivese repartido en tenzas e aproveitado individualmente polos veciños dende anos anteriores polo que o concello desestimou a súa inclusión no libro de inventario patrimonial.

Como é facilmente comprobable, a realidade e o estado actual destes montes tanto nos seus usos e aproveitamentos como no seu goce, evolucionou de costas ao marco legislativo que non foi capaz de adaptarse as novas realidades, e na actualidade son moi poucos os espazos dentro do concello que sigan mantendo a condición de comunal en todos os termos.




Inventario de bens patrimoniais do Concello do Corgo

(1) Figuraba como de Utilidade Pública.
 (2) Figuraba como de Utilidade Pública.

3 MONTES VECIÑAIS EN MÁN COMÚN

Polo que respecta á presenza de Montes Veciñais en Man Común no concello do Corgo, esta é pouco significativa e relativamente escasa en comparación con outros concellos da provincia de Lugo. Por distintas circunstancias (falta de información entre os veciños, deixadez dos gobernos municipais da época, ou porque nalgún caso, o monte xa estaba moi partillado entre os veciños), no seu día non se realizaron os trámites legais pertinentes para que moitos montes comunais se clasificasen polo Xurado Provincial de Montes como Veciñais en Man Común.



Planimetría da carpeta ficha do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo

Na actualidade as parroquias que teñen monte catalogado como tal, desde os anos 1978 e 1979, que foi cando se fixeron as primeiras declaracións por parte do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, son: Anseán (165 ha.), Marei (141 ha.) Santo Estevo e San Martiño de Folgosa (592 ha.), Franqueán (141 ha.) e Fonteita (78 ha.) ocupando unha superficie total de 1.107 ha.

As parroquias de Marei e Anseán ocupan a maior parte desta superficie con pasteiro de aproveitamento comunal. En Santo Estevo e San Martiño de Folgosa, Franqueán e Fonteita gran parte desta superficie está ocupada con repoboacións forestais en convenio coa Administración, e o resto apróveitanos os veciños individualmente.

Posteriormente noutras parroquias tamén se tramitaron distintos expedientes para a declaración dos seus montes como montes veciñais en man común polo Xurado Provincial, desestimando este a súa clasificación por considerar que, na maioría dos casos, nestes montes o aproveitamento maioritario das parcelas realizábase de maneira individual.

A relación de montes e parroquias que se desestimou a súa clasificación foron:

- Monte **Vidueiro** da parroquia de **Queizán**, no ano 1998.
- Monte **Das Gándaras e de Alfonxe**, da parroquia de **Gomeán**, no ano 1998.
- Monte de **San Pedro** da parroquia de **Farnadeiros (San Pedro)** desestimouse a súa clasificación no ano 1998.
- Monte de **Segovia**, da parroquia de **Segovia**, no ano 1998.
- Monte **Vilaboa**, do lugar de **Vilaboa**, no ano 1998.
- Monte **Das Gándaras, Gándara Vella, Lamaxuanas e Coutado** dos veciños de **Chamoso (Santo André)**, desestimouse a súa clasificación no ano 1999.

- Monte **Das Gándaras**, dos veciños do **Corgo**, no ano 1999.
- Monte da **Fervenza, Cimbro, Veiga das Lagas e Farnadeiros** dos veciños de **Farnadeiros (Santo Estevo)**, no ano 1999.
- Monte de **Cerceda**, no ano 1999.
- Monte de **Adai**, da parroquia de **Adai**, desestimouse a súa clasificación no ano 1999.
- Monte **Cotón, Castrillón-Lama Grande e Uzal** de **Castrillón**, no ano 1999.
- Monte **Do Cambeiro**, ubicado na parroquia de **Bergazo**, no ano 2002.

4 MONTES DE CONVENIO

Os montes en convenio (fórmula de xestión e non de propiedade), veñen dun proceso das décadas dos 40 e 50 do século pasado, cando se levaron a cabo as repoboacións forestais forzosas e obrigatorias, sendo os concellos, previo acordo municipal, os que cedían os terreos para este fin ao considerarse donos destes montes como bens patrimoniais; establecendo un contrato chamado consorcio entre o concello e o Patrimonio Forestal do Estado (que era o organismo daquela época con competencia en materia de montes en todo o Estado). Subliñar que esta medida foi motivo dalgunha que outra pequena revolta e acollida de mala gana entre moitos veciños, principalmente nas parroquias de Franqueán e Folgosa, que viron como ademais de ocuparen os seus montes quedaban privados dos usos e aproveitamentos que viñan realizando neles (pastoreo, cabadas, leñas, ...).

A partires dos anos 1978 e 1979, previa declaración de Monte Veciñal en Man Común polo Xurado Provincial de Montes Veciñais, a través do organismo do Estado coñecido como ICONA, e posteriormente, no ano 1981 coa descentralización e cesión de competencias por parte do Estado á Xunta de Galiza, cambiouse paulatinamente a

figura de consorcio pola de convenio na que, os veciños organizados en Asembleas e Xuntas Reitoras, pasaron a ter participación na xestión dos seus montes. Esta figura vén ser un contrato entre os veciños e a administración para que esta exerza a xestión destes montes por un período determinado de tempo, respectando sempre a titularidade veciñal e facendo unha redistribución de custes e beneficios.

Os montes de convenio existentes no Corgo son os seguintes:

- Monte de **Arriba** da parroquia de **Franqueán**.
- Monte **Férveda**, en convenio cos lugares de **Chavín, Rubial, San Lourenzo, Soutolubián e Trasmeilán** da parroquia de **Fonteita**.
- Monte **Férveda** convenio cos lugares de **Piñeiro, Coto, Reboredo, Rego de Silva e Vilacorbe** das parroquias de **Santo Estevo e San Martiño de Folgosa**.
- Monte **Caxigal de san Martín**, afecta aos lugares de **Coedo, Seoane, Viloacorbe e Coto** da parroquia de **Folgosa (San Martiño)**.
- Monte **Caxigal de San Esteban**, no lugar de **Folgosa (Santo Estevo)**.
- Monte **Carboeiro, Coto, Cobas e Rapatoxo**, de **Folgosa (Santo Estevo)**.

A superficie total que ocupan estes montes no territorio municipal é pouco significativa (293 ha. en todo o concello), pero sen embargo xeran uns recursos económicos directos e indirectos nada despreziables nas súas zonas de influencia, principalmente os derivados das cortas de madeira que repercuten directamente nas comunidades propietarias.

5 CONCLUSIÓNS

A modo de conclusión podemos afirmar que nunca existiu unha diferenciación clara por parte dos veciños entre monte veciñal en man común e monte comunal nos seus usos e aproveitamentos, agás naqueles casos que contan cun instrumento básico de xestión, como é o caso dos poucos montes en convenio ou parte do monte veciñal en man común das parroquias de Marei e Anseán que se aproveita como pasteiro.

OUTROS

Arquivos do concello do Corgo (asentamentos libros de patrimonio e bens municipais).
Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común.
Oficinas dos departamentos da Consellería de Medio Rural.

6 MARCO LEXISLATIVO BÁSICO DE REFERENCIA

- Lei de 10 de marzo de 1941 do Patrimonio Forestal do Estado (actualmente derogada).
- Lei 5/1977, de 4 de xaneiro, de Fomento da Producción Forestal (actualmente derogada)
- Lei 13/1989, de 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común de Galicia.
- Decreto 260/1992, de 4 de setembro, polo que se aproba o regulamento para a execución da Lei 13/1989 de Montes veciñais en man Común).
- Lei 7/1985, de Bases de Réxime Local.
- Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens de Entidades Locais.
- Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia.

7 BIBLIOGRAFÍA

MONOGRAFÍAS

BALBOA LÓPEZ, Xesús. *O monte en Galicia*.
Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1990.
FERNÁNDEZ LEICEAGA, Xaquín e OUTROS.
Os montes veciñais en man común.
Edicións Xerais de Galicia, 2006.

RESUMO

Neste artigo preséntase un concello vivo aínda que envellecido. Un concello que renace co parque industrial e que se ten desvantaxes tamén ten oportunidades que hai que aprender a valorar.

O Corgo é un concello que demograficamente non escapa á historia xeral de Galicia. Cunha incipiente industrialización favorecida pola súa localización e un agro cada vez máis debilitado sen posibilidade de substitución xeracional.

Ten unha historia interesante e ten tamén moita historia por contar.

PALABRAS CLAVE

Condado de Flammosos, relevo, comarca, parroquia, poboación, sectores económicos.

1 INTRODUCCIÓN

No noroeste da Península Ibérica atópase a comunidade autónoma de Galicia (29.574,4 km²) e no norleste desta comunidade localízase a provincia de Lugo (9.856,1 km²) que representa o 33,32% do país galego, converténdose na primeira provincia do territorio autónomo por extensión.

O territorio provincial lucense divídese á súa vez en 13 comarcas, das que forman parte: Ancares, Chantada, A Fonsagrada, A Mariña Central, A Mariña Occidental, A Mariña Oriental, Meira, Quiroga, Sarria, Terra Chá, Terra de Lemos, A Ulloa e a comarca homónima, Lugo. A Terra Chá é a

Fouz Bacariza, Laura

laurafouz@hotmail.com

Licenciada en Xeografía pola USC

A meus pais, José Manuel e Elena,

que me apoian incondicionalmente.

A miña irmá, Lucía, por escoitar sempre o que lle teño que dicir.

Ao meu mozo, Pablo, polo apoio técnico.

A Mario Outeiro, por brindarme esta oportunidade.

que máis territorio provincial ocupa (18,49%), seguida pola comarca de Lugo (13,82%), e no último posto atoparíase Meira (3,16%).

Dentro da demarcación comarcal de Lugo están emprazados 8 municipios (O Corgo, Castroverde, Guntín, Portomarín, Friol, Rábade, Outeiro de Rei e Lugo) que representan o 35,19% de poboación por comarcas na provincia, acadando sobradamente o primeiro posto por número de habitantes (125.017), se ben non se debe esquecer que dentro deste territorio está tamén contabilizada a cidade de Lugo (96.678 habitantes). Se non se ten en conta este dato dentro da comarca, a diferenza é ben significativa, contando tan só 28.339 habitantes e pasando a ocupar o 7,9% da poboación comarcal, moi semellante ao resto das comarcas da provincia.

Ao sur da cidade de Lugo, e limitando xeograficamente con Baralla, Castroverde, Guntín, Láncara, O Páramo e a propia capital provincial, atópase o concello do Corgo (11,54% da superficie comarcal), un dos 315 existentes na Galicia do ano 2010. A capital municipal atópase na parroquia de San Xoán do Corgo, centro do municipio.

Segundo os datos do IGE (Instituto Galego de Estatística), conta cunha superficie aproximada de 158 km² e unha poboación no censo do 2009 de 3.993 habitantes.

Posúe unha densidade de 25,4 hab/km², unha cifra escasa, se se ten en conta que Galicia ten de media 93,78 hab/km². Ao mesmo tempo podemos comparar este dato co dos concellos da contorna, exceptuando, claro está, Lugo (293,14 hab/km²), pódese observar que a realidade é semellante: Baralla (21,21 hab/km²), Castroverde (17,57 hab/km²), Guntín (20,21 hab/km²), Láncara (24,58 hab/km²) e O Páramo (22,54 hab/km²).

A evolución demográfica que vén experimentando O Corgo ao longo do século XX é compartida pola gran maioría dos concellos da Galicia interior. Ata a década dos 50 presenta un crecemento demográfico progresivo, e ao comezar a segunda parte da centuria comeza a sufrir un paulatino descenso que se vai manter ata a actualidade.

A estrutura agraria do municipio coñece unha situación moi similar á do conxunto rural de Galicia. Á atomización da propiedade da terra, característica das zonas de minifundio, hai que engadir o escaso grao de comercialización dos produtos agrícolas e o envellecemento progresivo da poboación ocupada nas tarefas do campo.

Realmente o concello do Corgo nunca foi industrial, pero os enfoques actuais encamiñanse cara o aproveitamento das vías de comunicación coa implantación dun polígono que trate tamén de estimular este sector durmido.

Fálase de terciarización da economía para facer referencia ao fenómeno de transferencia de man de obra dende a agricultura ata o sector servizos. No concello do Corgo atopamos case a metade da poboación activa empregada no terciario.

2 CONTEXTO HISTÓRICO

A existencia de asentamentos castrexos como Castrillón, A Croa ou A Eirexe proba a antigüidade deste municipio. Na Idade Antiga, boa parte das parroquias que hoxe conforman o municipio do Corgo, pertenceron ao *Condado de Flammosos*, que comprendía todo o concello do Corgo e parte do que hoxe son os concellos de Lugo, Castroverde, Baralla... A partir dun concilio organizado en Lugo no ano 569, P. Ferrando informa que este condado "se extendía por el S., desde la confluencia del Neira en el Miño hasta la de Llebrón en el mismo; seguía después la margen izquierda del citado Miño; al N. estaba limitado por el Monte Cubeiro y al E. llegaba hasta Pena Rubia. Es sus términos se incluían las parroquias o lugares que llevan los nombres de Manán de Arriba y de Abajo, Cabreiro, Aday, Vilariño, Castroverde y otras poblaciones de menor importancia".

Durante o Antigo Réxime, a maior parte do Corgo estivo dividida en dúas xurisdiccións, a de Adai e a de Manán de Arriba. O dominio da primeira, á que pertencían unha vila e 29 freguesías, estaba repartido entre varios señores: o Conde de Lemos, o bispo de Lugo, os Cabaleiros da encomenda de Portomarín, os monxes do Mosteiro de Meira, o marqués de Castelar e os Neiras e Pallines; na de Manán de Arriba exercía o señorío a encomenda de Portomarín coa participación do convento de dominicas de Lugo.

Aínda que no ano 1812 se constituíu por primeira vez o concello de Adai, ao abeiro do primeiro período municipalista que permitiu a Constitución de 1812, non foi ata unha década despois cando se creou a nova provincia de Lugo e cando o concello

de Adai se adscribiu a ela. As parroquias que formaban parte de Adai eran: Piñeiro, Chamoso (S. Bartolomeu), Arxemil, Adai, Queizán, Laxosa, Cabreiros, Chamoso (Sto. André), Pedrafita, Bergazo, Campelo, Fonteita, Paradela, Manán (San Cosme) e Manán (Sta. María), Chamoso (S. Cristovo), O Corgo, Franqueán, Folgosa (Sto. Estevo), Farnadeiros (S. Pedro) e Farnadeiros (S. Estevo), Anseán, Marei, Gomeán, Lapío, Maceda, Abragán, Camposo, Cela e Escoureda.

En Outubro de 1840, publicado no BOPLU número 88 do 18 do mesmo mes, a Xunta de Goberno provisoria da provincia de Lugo determina por vez primeira a figura do concello do Corgo que subsume ao de Adai. Finalmente, a finais de Febreiro de 1845 estableceuse o concello do Corgo tal e como hoxe é.

3 SITUACIÓN E CARACTERÍSTICAS XEOGRÁFICAS

O concello do Corgo localízase ao leste de Galicia e no centro da provincia de Lugo, da que administrativamente forma parte. Limita ao norte cos municipios de Lugo e Castroverde, ao sur cos de Láncara e O Páramo, ao leste cos de Castroverde e Baralla e ao oeste cos de Guntín e Lugo.

Ten unha extensión aproximada de 158 km² e unha poboación de 3.993 habitantes (censo 2009) que se reparten entre as súas 38 parroquias.

A súa capital municipal é O Corgo, que se atopa situada a unha altitude de 456 metros sobre o nivel do mar, distando 15 km da capital provincial. As súas coordenadas xeográficas son:

Latitude → 42° 56' 2" N

Lonxitude → 7° 25' 5" O

As coordenadas UTM (*Universal Transversa Mercator*) que dividen a Terra en 60 zonas ou fusos, e 20 bandas cada unha, localizando a Galicia no 29 T, son para o concello do Corgo: X: 619.649,20 e Y: 4.762.83,69

3.1 RELEVO E LITOLOXÍA

O Corgo atópase dentro do Macizo Hespérico, onde se localizan os materiais máis antigos da Península Ibérica.

O relevo correspóndese cunha extensa superficie de erosión e penechaira. O termo esténdese ao longo da vertente esquerda do río Miño, de xeito que os seus afluentes (Neira, Chamoso, Tórdea) bañan a superficie de todo o municipio.

A súa altitude presenta un suave ascenso de oeste a leste, dende cotas non superiores aos 400 metros, nas parroquias occidentais, e ata os 700 metros aproximadamente, nas orientais, que é onde se atopa o conxunto de montes de Pena da Cruz (783 m), Uceira (754 m), Pena Aguda (722 m) e Castro da Croa (653 m), todos eles no límite con Castroverde e Baralla.

O nivel máis elevado da superficie de erosión, situado nas parroquias orientais, correspóndese con rochas plutónicas hercinianas (granodiorita) e sedimentos do pliocuaternario que repousan horizontais, formados por depósitos continentais avermellados e litoloxicamente moi heteroxéneos. Estes depósitos localízanse en terreos baixos, nos que alternan arxilas areosas avermelladas, algo micáceas e ás veces feldespáticas, con gravas e areas.

As parroquias máis meridionais caracterízanse litoloxicamente pola serie de Vilalba, constituída por unha potente e

monótona secuencia de micaxistos e gneis pelíticos con granates. Estes materiais están recubertos, nalgún caso, por depósitos aluviais do cuaternario, que se atopan principalmente nas beiras dos ríos, formados por limos e arxilas. Tamén destaca entre eles a presenza do plutón de granito herciniano; son relevos con tendencia á horizontalidade pola erosión sufrida.

3.2 CLIMA

O clima do municipio, aínda que conserva as características básicas do tipo oceánico (Csb “*temperado húmido con verán seco*” segundo a clasificación de Köppen) adquire matices de continentalidade debido, non tanto á altitude, senón ao feito de que as montañas periféricas (Dorsal Galega) obstaculizan a chegada de influencias mariñas.

A continentalización déixase ver nas precipitacións, ao redor dos 1.000 mm anuais, semellantes ás que se dan en boa parte do litoral galego, que se rexistran en cantidades máis elevadas nas estacións máis frescas, padecendo un déficit hídrico durante os meses estivais.

A elevada oscilación térmica (11,7°C) permite caracterizar un clima de invernos fríos e veráns frescos. Os meses estivais non son moi quentes (16-20°C) e os invernos son bastante rigorosos (2°C-6°C), con frecuentes xeadas, que poden prolongarse entre seis e dez meses.

3.3 HIDROGRAFÍA

A rede fluvial do concello organízase ao redor dunha ampla serie de ríos e regos. Destacan o Chamoso, o Tórdea, o Neira e o Romeán.

O primeiro baña todo o sector setentrional do municipio para desembocar na vertente esquerda do Miño. Esta arteria ten unha dirección nordeste sudoeste e está alimentada por varios regos secundarios (Carballiño, Muíño, Couto...).

O río Tórdea rega a parte oriental do concello e segue unha dirección nordeste sudoeste que o leva ao Neira. Nútrese de regatos secundarios como o Mazandán (que drena o sector central do municipio), o Pombo, o Pontixo, o Miranda, o Uriz ou o Campa que nacen nos montes circundantes.

O río Romeán, afluente do Chamoso, rega a zona nordeste do concello e serve como límite natural co municipio de Castroverde.

Estas arterias discorren sobre materiais brandos erosionables dando lugar a vales anchos de formas suaves ao longo de todo o seu percorrido.

3.4 VEXETACIÓN

O mato arbustivo esténdese por todo o concello, alternando coas superficies destinadas a cultivos, prados e mato herbáceo.

A vexetación clímax está constituída polo carballo (*Quercus Robur*) e polo castiñeiro (*Castanea Sativa*), localizándose ao longo dos cursos fluviais e alternando coas praderías. Actualmente atópase en regresión.


Acadan hoxendía meirande importancia as especies alóctonas como o piñeiro marítimo (*Pinus Pinaster*), o insigne (*Pinus Radiata*) e o eucalipto (*Eucalyptus Globulus*) que ocupan amplas superficies no límite oriental e en espazos do interior.

Nas zonas onde o relevo é máis elevado o espacio forestal aparece sen árbores.

4 SOCIEDADE E POBOACIÓN

A poboación do Corgo veu medrando lentamente ao longo dos primeiros cincuenta anos do século pasado, se ben hai que destacar, un pequeno retroceso na década dos 40. Mais a partir de 1950 a diminución seguiu un ritmo desigual, primeiro lento por mor da Guerra Civil e da posguerra, e moi brusco nos anos 70, a causa da forte crise económica. Dende entón, a perda de efectivos foi continua ata a actualidade, 4.049 habitantes menos dende os anos 60 (8.042 habitantes) ata o 2009 (3.993 habitantes).

Tendo en conta os datos do IGE para o



Datos: INE


ano 2009, vese que o declive demográfico orixinou un forte envellecemento da poboación, característica do municipio, como se pon de manifesto no índice de vellez, que estima que por cada 100 menores de 15 anos hai 480 persoas de máis de 65 anos. Tamén se pode ver este forte envellecemento nas taxas de poboación por grupos de idade, o 6,7% da poboación do concello é menor de 15 anos, o 60,63% sitúase entre os 16 e os 64 anos fronte ao 32,58% de poboación de 65 ou máis idade.

O concello conta cunha densidade de 25,27 hab/km², moi inferior á provincial (36,03 hab/km²) e á xeral autonómica (94,54 hab/km²). Estes habitantes distribúense de forma desigual por todo o municipio, en 38 parroquias e 176 entidades de poboación. Cada aldea ten de media 30 habitantes. As meirandes aglomeracións preséntanse ao longo da estrada nacional e comarcal e nos sectores máis aptos topograficamente.

4.1 DINÁMICA DEMOGRÁFICA

O saldo vexetativo (diferenza entre nacementos e defuncións) mostra a importancia do envellecemento da poboación, -49, según datos do IGE para o ano 2008, é dicir, que morren 49 persoas máis das que nacen, que O Corgo perde poboación. No entanto, pódese dicir que perde menos poboación da que perdía no ano 2000 (-52), aínda que son cifras semellantes.

Como se ve na gráfica anterior ata os anos 80 tanto a natalidade como a mortalidade descendían, sendo xa significativamente inferior a natalidade. A partir de aquí seguen traxectorias diferentes: a natalidade segue descendendo sen pausa e a mortalidade, sofre un forte crecemento ata os 90 para logo descender no 95 e comezar a medrar de novo. Dende o ano 2005 apréciase unha tendencia descendente na mortalidade do concello.



Datos: IGE

En relación aos nacementos para o ano 2008, O Corgo representa o 0,59 % dos nacementos que teñen lugar na provincia de Lugo, so superado por Friol (0,77%), Outeiro de Rei (1,18 %) e Lugo (41,69%) dentro da mesma comarca. Débese ter en conta a baixa taxa de natalidade bruta e a idade media á maternidade, 3,4^o/_{oo} e 32,5 anos respectivamente para o 2007 (datos do IGE).

No tocante ás defuncións, os datos son superiores, hai que ter en conta o elevado número de persoas maiores de 65 anos dentro do concello (1.301). Para o 2008 o municipio representa o 1,29% de defuncións do total provincial e o 5% da comarca, superado por Friol (5,08%), Outeiro de Rei (6,62%) e Lugo (70,19%). Por sexo, morren máis homes que mulleres, pois o 51,61% dos mortos son varóns, según datos do IGE para o 2008, esto mesmo xa viña ocorrendo dende comezos deste novo milenio (59,09% varóns mortos por cada 100 defuncións para o ano 2000 según o IGE).

4.2 ESTRUTURA POR IDADE E POR SEXO

En canto á idade, e tendo sempre en conta os últimos datos dispoñibles do IGE (2009), pouco máis do 60% da poboación atópase entre os 16 e 64 anos. O seguinte grupo de idade máis numeroso correspóndese coas persoas de 65 anos ou máis, que acadan case o 33% da poboación total. Ao igual que na maioría dos concellos galegos, e tamén a nivel nacional, o conxunto minoritario fórmano a poboación de 0 a 15 anos (7%), este dato, está a revelar, o pouco peso que esta colectividade ten no concello, augurando un futuro incerto e despoadado.

Por grupos de idade, sublíñanse dous datos; dunha banda, o predominio de

homes ata os 64 anos (54,04%), e pola outra, o predomínio das mulleres dos 65 en diante (56,72%), estes datos deixan ver que nacen máis homes que mulleres e que a mortalidade é máis severa co sexo masculino.

A taxa de masculinidade (nº de homes en relación ao nº de mulleres) para o ano 2009 segundo o IGE, ofrece un dato moi equi-librado, pois por cada 100 homes, hai 102 mulleres no concello do Corgo (102,17%).

4.3 SALDO MIGRATORIO

A poboación actual está condicionada polo proceso de emigración das décadas precedentes. Continúa aínda hoxe este fenómeno pero máis atenuado. O destino dos emigrantes foi variado, se ben o máis frecuente eran os países latinoamericanos e con posterioridade, os centroeuropeos, na actualidade os principais centros receptores son as cidades galegas, que recollen a poboación do medio rural.

No ano 2000, dacordo con IGE, o 0,10% da poboación que emigrou en Galicia (62.632 persoas), pertencía ao concello do Corgo (representa o 0,96% da provincia). Desta, o 87,5% (56 persoas) emigrou a nivel interno e o 12,5% restante (8 persoas), a nivel externo. Destácase dentro destes datos, que arredor do 80% se move dentro da mesma comarca. A nivel externo, o 100% da poboación que saíu de Galicia fíxoo a outra comunidade española. Neste caso, as migracións de carácter internacional non teñen lugar.

O dato máis recente co que se conta é o do 2008, nel chama especialmente a atención o incremento significativo do número de persoas que migran (0,12%, 44 persoas máis). Pero en xeral os rasgos son os

mesmos; predomina o destino intracomarcal (84,26%), ademais hai que dicir que tivo lugar unha migración ao estranxeiro, o cal non ten maior importancia por tratarse dun caso illado. Pódese dicir que as causas do incremento de movemento de poboación son, en xeral, de tipo económico.

Según datos do IGE para o 2009, o 1,35% da poboación residente no concello son estranxeiros (54 persoas, 33 homes e 21 mulleres).

4.4 POBOACIÓN PARROQUIAL

Para elaborar a táboa que vén de seguido, escolléronse dous períodos de tempo moi concretos, o ano de cambio de milenio e os datos referidos ao último padrón de poboación (1/01/09). Neste caso os datos que aparecen recollidos na táboa pertencen ao INE (Instituto Nacional de Estadística), comprobarase que con respecto aos datos do IGE faltan 252 persoas para o ano 2009. Nesta táboa débese salientar de entrada a diminución de poboación en apenas 9 anos co seu conseguinte descenso na densidade.

As 5 parroquias máis grandes, en termos de poboación, no ano 2000 son (de maior a menor): Laxosa (368 hab.), O Corgo (263 hab.), Fonteita (230 hab.), Marei (221 hab.) e Gomeán (211 hab.). Entre estas 5 parroquias aglutinaban o 31,86 % da poboación corguesa e o 19,79% do territorio (31,2 km²). As parroquias menos poboadas non superan os 60 habitantes, son (de menor a maior): San Bartolomeu de Chamoso (23 hab.), Sta. María Madanela de Manán (30 hab.), Quinte (34 hab.), Camposo (54 hab.) e Maceda (57 hab.), supoñendo tan só o 4,87% da poboación do concello, ocupando 13,9 km² de extensión (o 8,81%). Unha das causas

polas que se pode ver afectado o número de habitantes podería ser a extensión, como desvelan os datos, son as parroquias máis poboadas as que máis superficie comprenden, a excepción de Cerceda, que é a parroquia máis grande do termo municipal (8,1 km²).

Fixándose nos datos para ano 2009 e facendo a mesma observación que para o ano 2000, destacaránse como parroquias máis poboadas (de maior a menor): Laxosa (335 hab.), San Xoán do Corgo (271 hab.), Fonteita (225 hab.), Marei (205 hab.) e Gomeán (198 hab.), que representarían o 32,98% da poboación total nese ano, un punto máis que para o ano 2000, e ocuparían o mesmo espacio, posto que as 5 parroquias máis poboadas seguen a ser as mesmas que as do período anterior, e na mesma posición. As cinco parroquias menos poboadas son (de menor a maior): San Bartolomeu de Chamoso e Quinte (26 hab.), Sta. María Madanela de Manán (38 hab.), Cabreiros (41 hab.) e Maceda (46 hab.). Representan o 4,73% da poboación, algo menos que no ano 2000, e en superficie, exténdense por algo máis de 13 km² (13,5 km²), moi semellante ao 2000. No entanto débese ter en conta que para esta data, entrou na lista de parroquias menos poboadas Cabreiros, e abandonouna Camposo (49 hab.), que sería a sexta parroquia con menos habitantes.

En liñas xerais, o 81,58% das entidades territoriais do concello do Corgo perden poboación dende o ano 2000 (31 parroquias), fronte ao 18,42% que non perden poboación ou que incluso gañan habitantes. As parroquias que perden poboación, pódense dividir en tres grupos:

- As que perden 20 ou máis de 20 habitantes: Adai, Cabreiros, Santo André de Chamoso, Escoureda, San

TÁBOA COMPARATIVA DE DATOS DE POBOACIÓN POR PARROQUIAS

PARROQUIAS	EXTENSIÓN*	2000		2009	
		POB.	DEN.**	POB.	DEN.**
ABRAGÁN (S. Bartolomeu)	2,5	68	27,20	64	25,60
ADAI (Santiago)	4,3	110	25,58	82	19,07
ALTO (Santalla)	5,6	135	24,11	123	21,96
ANSEÁN (Sta. Catarina)	5,5	90	16,36	81	14,73
ARXEMIL (S. Pedro)	2,5	90	36,00	84	33,60
BERGAZO (S. Fiz)	3,1	62	20,00	57	18,39
CABREIROS (Sta. Mariña)	2,1	65	30,95	41	19,52
CAMPELO (S. Xulián)	2,5	66	26,40	50	20,00
CAMPOSO (Santiago)	2,5	54	21,60	49	19,60
CASTRILLÓN (San Salvador)	4,3	79	18,37	67	15,58
CELA (S. Xoán)	3,7	116	31,35	112	30,27
CERCEDA (S. Pedro)	8,1	102	12,59	107	13,21
CHAMOSO (Sto. André)	4,3	126	29,30	104	24,19
CHAMOSO (S. Bartolomeu)	2,5	23	9,20	26	10,40
CHAMOSO (S. Cristovo)	2,5	149	59,60	180	72,00
CORGO, O (S. Xoán)	7,5	263	35,07	271	36,13
ESCOUREDA (Sta. María Madanela)	3,1	136	43,87	114	36,77
FARNADEIROS (Sto. Estevo)	3,7	64	17,30	61	16,49
FARNADEIROS (S. Pedro)	3,7	136	36,76	123	33,24
FOLGOSA (S. Estevo)	3,1	66	21,29	55	17,74
FOLGOSA (S. Martiño)	5	140	28,00	120	24,00
FONTEITA (Santiago)	7,5	230	30,67	225	30,00
FRANQUEÁN (Sta. María)	5,6	101	18,04	93	16,61
GOMEÁN (Santiago)	4,3	211	49,07	198	46,05
LAPIÓ (S. Miguel)	3,1	72	23,23	72	23,23
LAXOSA (Santiago)	5	368	73,60	335	67,00
MACEDA (S. Pedro)	4,3	57	13,26	46	10,70
MANÁN (S. Cosme)	3,1	61	19,68	60	19,35
MANÁN (Sta. María Madanela)	2,1	30	14,29	38	18,10
MAREI (Sta. María)	6,9	221	32,03	205	29,71
PARADELA (S. Pedro Fiz)	5	66	13,20	62	12,40
PEDRAFITA (S. Miguel)	3	80	26,67	69	23,00
PIÑEIRO (Sta. María)	4,5	71	15,78	67	14,89
QUIEIZÁN (Sta. María)	6,2	105	16,94	77	12,42
QUINTE (Sta. Eulalia)	2,5	34	13,60	26	10,40
SABAREI (Sta. María Madanela)	5	73	14,60	69	13,80
SEGOVIA (S. Xoán)	3,7	68	18,38	68	18,38
VILACHÁ (S. Xiao)	3,7	70	18,92	60	16,22
TOTAL MUNICIPIO	157,6	4058	25,75	3741	23,74

*Expresada en km²**Densidade Expresada en hab/km²

Datos: INE (Instituto Nacional de Estadística)

Martiño de Folgosa, Laxosa e Queizán.

- As que perden entre 10 e 20 habitantes: Alto, Campelo, Castrillón, San Pedro de Farnadeiros, Santo Estevo de Folgosa, Gomeán, Maceda, Marei, Pedrafita e Vilachá.
- As que perden menos de 10 habitantes: Abragán, Anseán, Arxemil, Bergazo, Camposo, Cela, Santo Estevo de Farnadeiros, Fonteita, Franqueán, San Cosme de Manán, Paradela, Piñeiro, Quinte e Sabarei.

Dentro das parroquias que gañan poboación, fanse dous grupos:

- As que non perden habitantes: Lapío e Segovia.
- As que gañan poboación: Cerceda, San Bartolomeu de Chamoso, San Cristovo de Chamoso, O Corgo, e Sta. María Madanela de Manán.

5 INDICADORES SOCIOECONÓMICOS DO TERRITORIO

O concello do Corgo sufriu notables cambios durante o último terzo do século XX. A comezos dos 80 case un 75% da poboación activa se adicaba a actividades agrícolas e en 2001 tan só o 32,9%. Este descenso viuse motivado polo incremento de poboación activa no sector servizos, case un 47%. Haberá que esperar ata mediados deste ano 2010 para poder comparar estes datos cos do novo censo agrario. Un dos factores que favoreceu este desenvolvemento, a parte do retroceso xeral que sufriu o agro galego, é a estrada N-VI e a Autovía do Noroeste (A6) que atravesan o concello, promovendo a hostalería, os transportes e o comercio en xeral.

5.1 TAXA DE ACTIVIDADE

Como se pode ver na táboa de datos, aínda é importante a porcentaxe de poboación que se adica aos labores do campo (32,9%), dos cales o 62,82% son homes; non obstante, a poboación adicada as tarefas do sector terciario, destaca amplamente acadando o 46,80% (o 54,76% son homes, pero os datos están moi igualados co número de mulleres que se adican ao terciario). A industria e a construción, ambas dentro do secundario, representan o 20,23% do total de poboación activa (7,65 % para a construción e 12,58% para industria), nas que é importante sinalar a predominancia masculina (88,15%).

CENSO 2001. OCUPADOS POR SECTORES			
	Total	Homes	Mulleres
Agricultura	495	311	184
Pesca	0	0	0
Industria	189	158	31
Construcción	115	110	5
Servizos	703	385	318
	1502	964	538

Datos: IGE

A nivel xeral, a taxa de actividade supera o 40% e o paro non é moi elevado (10,9%). Por sexos, están bastante desnivelados os datos, mentres o 55,7% da poboación masculina se atopa traballando, só o fai o 30,6% das mulleres (Censo de Actividade do 2001).

5.2 SECTOR PRIMARIO

De acordo cos datos do IGE do censo agrario do 1999, nas actividades agropecuarias ten un maior peso a agricultura, xa que o espazo cultivado da superficie total (11.091 ha) ocupa un 38%, mentres que só un 14,5% está destinado a pasteiros. As especies forestais abranguen un 35% e o 12,5% restante, posúe matogueiras.

A propiedade privada nas explotacións agrícolas consume unha extensión superior ao 90%, e o 10% que resta, repártese entre o réxime de posesión de arrendamento (4,64%) e outros réximes de tenza (1,46%). A aparcería non ten lugar neste municipio. Arredor do 75% das explotacións con superficie agraria teñen menos de 5 Ha, mentres que as comprendidas entre 5 e 10 Ha non superan o 20%. Esta excesiva fragmentación da propiedade dificulta o desenvolvemento económico das explotacións.

	2001/2002		2008	
	Nº Explotacións	Nº Bovinos	Nº Explotacións	Nº Bovinos
Galicia	63.414	939.848	49.355	949.436
Lugo Provincia	20.897	432.188	17.223	448.936
Lugo Comarca	3.320	82.127	2.790	81.531
Castroverde	397	10.158	349	10.614
Friol	645	15.972	574	17.479
Guntín	463	13.483	375	12.848
Lugo	830	18.711	685	18.704
O Corgo	422	9.587	368	9.084
Outeiro de Rei	334	6.034	263	5.480
Portomarín	220	8.068	169	7.221
Rábade	9	114	7	101

Datos: IGE

Como O Corgo é un municipio cunha morfoloxía que tende á horizontalidade, a súa agricultura está bastante mecanizada: 828 tractores, 598 motocultores e 4 recolledoras de cereais entre outros (censo agrario 2001).

Ademais dos cultivos forraxeiros e prados artificiais que sobrancean en superficie, abundan especialmente os cereais (centeo, trigo e millo), e tamén se cultivan patacas e hortalizas destinadas ao consumo familiar.

Como se pode ver na táboa, Galicia conta na actualidade 49.355 explotacións gandeiras, das cales, a provincia lucense representa o 34,89%. Dentro da provincia de Lugo, a comarca homónima representa o 16,19% das explotacións (2.790). E dentro da comarca, 368 explotacións

pertencen ao concello do Corgo (11,14%), só superado por Lugo (685 explotacións), Friol (574 explotacións) e Guntín (375 explotacións).

Se se toma como referencia o número de bovinos atópase en primeiro lugar o incremento en Galicia dende o 2001/2002 ata o 2008 en 9.588 cabezas máis. Así mesmo, houbo tamén un incremento na provincia de Lugo (16.748 cabezas máis), fronte ao descenso comarcal (596 bovinos menos) e ao municipal (503 bovinos menos).

No tocante á clasificación municipal de bovinos, o 60,20% son vacas (5.469 cabezas), das cales, o 41,03% son vacas de muxidura (2.244 cabezas). Se se observan as cifras da táboa que sigue, o número de bovinos diminuíu en aproximadamente 500 cabezas, destacando o feito de que diminuíu o número de vacas (1.528 vacas de muxidura menos e 207 vacas de non muxidura menos) fronte ao incremento de outros bovinos (980 cabezas máis).

O número medio de bovinos por explotación no 2008 no municipio corgués é de 24,68 bovinos/explotación, máis elevado que no contexto autonómico para a mesma data (19,23) e con cifras semellantes para os contextos provincial (26,06) e comarcal (29,22), tamén para o mesmo período.

Deste xeito, a principal riqueza gandeira está representada polo vacún, séguenlle en importancia o gando porcino, con 2.796 cabezas e o gando aviar (1.253 cabezas). O gando ovino cífrase en 173 animais e o

	Nº BOVINOS NO CONCELLO DO CORGO				
	Bovinos	Vacas	Vacas de Muxidura	Vacas de non Muxidura	Outros Bovinos
2001/2002	9.587	6.934	3.502	3.432	2.653
2008	9.084	5.469	2.244	3.225	3.615

Datos: IGE

resto non ofrece especial peso no municipio.

5.3 SECTOR SECUNDARIO

O sector secundario (industria e construción) acolle o 20,5% da poboación activa, da cal un 12,5% traballa en actividades industriais e un 8% na construción.

Para o período 2007 segundo o IGE, das 237 empresas que se atopan no municipio, o 68,35% son de servizos, o 22,78% de construción e o 8,86% restante industriais.

Tamén para este período, dentro das empresas por condición xurídica, sobresaen as persoas físicas (70,04%), seguidas de lonxe polas sociedades de responsabilidade limitada (24,05%), quedando en último lugar as cooperativas, unha en todo o municipio e as sociedades anónimas, dúas para todo o concello.

Recentemente construíuse un parque industrial que conta 139.000 m², dos cales só se adican a uso industrial 92.286 m². A superficie repartiuse en 36 parcelas cunha superficie que oscila entre os 1.265 e o 9.908 m². A superficie restante dividiuse entre o sistema viario, os aparcamentos, as zonas verdes e os equipamentos sociais e deportivos.

O 31,64% (construción 22,78% e industria 8,86%) das empresas do concello adícanse a esta rama (75 empresas dun total de 237).

5.4 SECTOR TERCIARIO

Como xa se comentou anteriormente o sector servizos é o sector destacado no concello do Corgo.

Este municipio conta con 237 empresas (0,93% do total provincial), un dato moi semellante ao dos municipios da comarca de Lugo se exceptuamos o municipio lucense con 8.654 (Rábade 172, Outeiro de Rei 284, Castroverde 164, Friol 177, Guntín 107 e Portomarín 105). En Galicia hai en total 205.906 empresas (86.102 na Coruña, 70.443 en Pontevedra, 23.985 en Ourense e 25.376 en Lugo).

O 68,35% das empresas emprazadas no concello pertencen á categoría de servizos.

En canto a aloxamentos turísticos, segundo o IGE para o 2008, hai en Galicia un total de 1.499 establecementos (entre hoteis, casas de turismo rural e campamentos turísticos). Destes o 18,41% (276) están na provincia de Lugo, provincia tradicionalmente agrícola, e 4 no concello do Corgo, 2 hoteis e 2 casas de turismo rural, son os mesmos datos que se atopan para toda a comarca, exceptuando Lugo.

Tamén de recente creación é a praia fluvial do Chamoso, (Abuín, Pedrafita) onde tanto os máis cativos coma os máis adultos pasan as tardes de verán.

6 CONCLUSIÓNS

O concello do Corgo mostra unha dinámica descendente dende ben cedo, moi influída tanto pola súa elevada mortalidade como polo efecto da proximidade da cidade de Lugo.

Con todo, atópase despegando cara a novas formas de vida, cada vez máis urbanas e sobre todo a través das moitas actividades organizadas a través das asociacións do concello. Unha das causas deste tardío despegue vai ser a estrada N-

VI, pois lonxe de favorecer a creación dun núcleo, organizou un poboamento de tipo lineal ao longo desta vía que fixo necesario o uso do automóbil a cada momento.

No tocante aos sectores económicos, O Corgo nunca foi unha vila industrial, sempre viviu da agricultura e arredor dos 80, comezou a mudar esta situación e abriulle ás portas ao sector terciario e recentemente a un polígono industrial.

Cando se teña superada a estrutura lineal que marcou a estrada e haxa un núcleo propiamente dito, tomará forza a idea de San Xoán do Corgo como capital municipal.

7 BIBLIOGRAFÍA

- AMOR MEILÁN, M. *Lugo, Carreras y Candi*, F. *Lugo*. Director da obra: Carreras y Candi, F. *Geografía General del Reino de Galicia*. La Coruña, Ediciones Gallegas S. A. 1980. Tomo 1º
- DE TORRES LUNA, P. *Geografía de Galicia*. La Coruña. Ediciones Boreal. 1985. Vol. III: Economía y Comarcas
- FERNÁNDEZ PULPEIRO, J.C. *Lugo y su provincia, reseña general*. Lugo. Servicio de Publicaciones de la Excma. Diputación Provincial, 2001.
- PARRILLA, J. A. y López Garrancho, B. *Rutas de Caixa Galicia*. Madrid. EDIJAM SA. 1988.
- VVAA. *Gran Enciclopedia Galega Silverio Cañada*. Lugo. Edita El Progreso-Diario de Pontevedra. 2003. Tomo 11.
- VVAA. *Lugo*. Director da obra: Ledo Cabido, B. *Galicia en Comarcas*. Vigo, Ir Indo Edicións. 2005. Tomo 15.

www.ige.es

www.ine.es

RESUMO

O traballo que se presenta a continuación trata dun conxunto de citas extraídas de distintos libros onde aparecen mencionados diferentes lugares do concello do Corgo. Algunhas delas forman parte de obras literarias do propio Fole, estando polo tanto incluídas dentro da ficción narrativa, mentres que outras son reproducións directas das palabras do propio Fole, como por exemplo as pertencentes ao libro escrito por Rodríguez López ou aquelas que describen as vivencias persoais de Ánxel Fole e que se atopan recollidas ao longo dos seus artigos xornalísticos.

PALABRAS CLAVE

Ánxel Fole, concello, lugar.

1 LIMIAR

Non resulta doado atopar autores que se preocupen tanto por dar ao rural galego a importancia que merece. Pero Ánxel Fole consegue achegar os seus lectores a un mundo que rodea moitos pero que é descoñecido para outros. Así, as verbas que seguen resultan un claro exemplo da íntima relación que o autor lugués mantíña co rural en xeral e co concello do Corgo en particular, o que nos axuda a achegarnos á visión do autor sobre o mesmo. Aparecen así aldeas, pazos, habitantes, etc. Toda unha serie de elementos que conforman un todo unificador e inseparábel.

A primeira vez que me falaron deste escritor foi cando eu era unha cativa e estudaba no instituto Sanxillao en Lugo. Daquela tiña por compañeira de mesa a unha rapaza que me dixo polo baixo, cando a nosa profesora de galego mencionou ao autor: "eu coñecín a

Fernández Alonso, Rebeca

rebeca_alonso@hotmail.es

Licenciada en Filoloxía Hispánica

A Javi, por descubrirme este máxico concello.

A todos aqueles que, dunha maneira ou doutra, fixeron posible a elaboración deste traballo, en especial aos membros da Asociación Cultural Arumes do Corgo pola súa confianza e disposición.

Ánxel, era amigo dos meus pais. Cando era unha meniña recordo estar sentada no seu colo escoitándoo falar". Cal sería a miña sorpresa cando anos máis tarde, xa sendo universitaria, os pais desta rapaza foron profesores meus, e ían ser eles, Carmen Blanco e Claudio R. Fer, os que me ensinarían tanto a faceta de creador literario como o lado máis humano do autor lugués.

Non é de estrañar que a homenaxe que lle fixo o pobo de Lugo sexa unha estatua que se sitúa detrás do concello, na rúa onde nacera o escritor o 11 de agosto do ano 1903, e pola que tantas veces paseara,




porque así era Fole, un paseante nato, coñecedor da cidade de Lugo e dos seus arredores. Non se pode entender a literatura de Ánxel Fole sen os seus paseos e viaxes. Aínda que a figura non se corresponda exactamente coa lembranza que teño de Fole a través das numerosas fotos que levo visto del, o que representa si posúe un gran valor. Os turistas tiran instantáneas ao seu carón coas súas cámaras fotográficas sen saber quen é, pero para os lucenses é o máis coñecido escritor da nosa cidade.

2 BREVES NOTAS BIOGRÁFICAS

Despois de comezar estudos de Dereito na Universidade de Valladolid, decatouse de que a súa vocación non era esa. Aínda que continuou os seus estudos na Universidade de Santiago de Compostela, asistir ás aulas non foi o seu máximo interese, senón que pasaba as horas nas tertulias literarias e nas lecturas. Tamén a cidade compostelá foi testemuña dos seus paseos acompañado polo pintor Maside, autor do máis famoso retrato de Fole feito na posguerra civil española.

Vemos neste retrato un home soñador, pensativo, coa cabeza apoiada nas dúas mans...un home que empregaba conscientemente a lingua que escoitaba nos lugares nos que viviu (Lugo, Santiago, Quiroga, O Incio...). Isto é froito da impresión de oralidade, do realismo que quere acadar, e consegue, nos seus escritos. Era Fole un home do pobo, un gran lector, un home culto, pero sempre apegado á cultura popular. Moitos dos seus relatos foinos recollendo, como di Rodríguez Fer na súa obra *Ánxel Fole*



1903-1986, unha fotobiografía, "da boca do pobo".

3 ÁNXEL FOLE E O CORGO

Un deses lugares que atopamos na obra de Fole, porque non só a lingua aparece reflectida, senón que tamén a toponimia lucense, é o concello do Corgo.

Deste xeito atopámonos co libro *Historias que ninguén cré*. Nesta obra aparecen unha serie de relatos de carácter parapsicolóxico e misteriosos que anteriormente foran publicados en diversos xornais e revistas. Un deses relatos é "Pepe Troitiño", ambientado na súa maior parte no concello do Corgo. A historia comeza situando a época (ano 30) e un primeiro lugar, o Santiago universitario, onde se menciona o Café Español, frecuentado por Fole nos seus anos de estudante na cidade do Apóstolo. Despois desta presentación do tempo e do espazo realízase a presentación do personaxe principal, Pepe Troitiño, a cal paso a citar textualmente:

"[...] Pepe Troitiño era estudante de Medicina, natural el do Corgo, en Lugo. Outo, esguío, loiro. Inda non entrara en quintas [...].

Esta é a primeira referencia que se fai ao Corgo, pero non é a única. Aparecen deste xeito outros lares do concello como por exemplo Gomeán:

"[...] Aquel ano (Pepe Troitiño) botara noiva na aldea polas vacacións do vran. Mais a noiva non quería esperar tanto tempo pra que estudara unha carreira que aínda non empezara. E deixou por un xastre a Pepe Troitiño... Mais éste..."

"O xastre iba palicar ca noiva despois do traballo. E voltaba prao seu lugar de Gomeán xa ben entrada a noite."

“Ei de dicir que Pepe Troitiño tocaba o trombón na banda de música de Gomeán [...]”.

Como vemos, atopamos outro personaxe residente no concello, esta vez na parroquia de Gomeán, e temos a Pepe Troitiño, o noso protagonista, tocando na banda de música do mencionado lugar.

Seguindo coas referencias á toponimia do Corgo, a seguinte que atopamos é a estrada N VI, que atravesa polo concello e é a vía de comercio e unión entre as diferentes aldeas:

“[...] O xastre volvía de palicar ca súa noiva, a Lucinda, e tiña que atravesar a carretera. [...]”.

Continuando co fío da historia, atopamos tamén o lugar de Marei na referencia que se fai “o cabalo do señor cura de Marei” e a Adai, “o Xocas de Adai”.

Outra referencia directa que se fai ao Corgo é a seguinte:

“[...] E uns días despois saíu un artigo no periódico de Lugo “La Provincia” ... “¿Anda y vuela por El Corgo un monstruo antediluviano?” [...]”.

Pero non só aparece o concello do Corgo na obra *Historias que ninguén cré*, senón que tamén na máis famosa e coñecida obra do autor lugués: *Á lus do candil*, un libro de contos onde o carácter oral volve a ser o protagonista. Dentro da obra atopamos o conto titulado “Antón de Cidrán”. Trátase dun relato cuxo tema é a “Santa Compañía”. Un dos protagonistas ve o seu propio enterro cando volve cara á casa e falece ao día seguinte.

Ao longo de todo o relato aparecen mencionadas diversas paraxes da toponimia lucense, a maior parte delas pertencentes aos concellos de Castroverde e do Corgo. Deste último concello aparecen

mencionadas as parroquias de Sabarei e de Paradela. A primeira delas facendo referencia ao señor de Sabarei tal e como apreciamos ao inicio do relato:

“Inanque lle pareza mentira, o señor de Sabarei falaba moitas veces conmigo, mao a mao, coma se fora do meu igual [...]”.



Fotografía pertencente ao arquivo persoal de D. Jesús Abuín Arias

O camiñar volve a ser central na obra de Fole. Os seus personaxes percorren moitos lugares ao desprazarse dun sitio a outro e no texto presente non podía ser menos. Pensemos que na época na que están ambientados os relatos non existen medios de transporte da mesma forma que temos agora polo que os desprazamentos se facían a pé, a cabalo ou en carros. Non resulta difícil escoitar historias similares ás dos nosos pais e avós. Longas camiñatas para poder ir mercar, ao médico ou a unha romaría.

"[...] Camiña que te camiña, logo chegaron a Paradela [...]"

Neste fragmento atopamos a segunda parroquia do concello do Corgo presente no texto: Paradela.

É mester dicir que vemos de novo neste relato a mención que se fai á "carretera", da que xa falamos con anterioridade, pero da que podemos reiterar a importancia que supuxo en canto a vía de comunicación de todas as vilas e aldeas coa capital.

"[...] Tiñan que atravesar a campa de Xan da Cruz, pois decidiron, pra estar máis cedo na casa, deixar a carretera e ir polo atallo [...]"

Outra das obras nas que aparece recollido o concello do Corgo é na titulada *Viaxes con Ánxel Fole* do escritor lugués Manuel Rodríguez López, publicada por Edicións do Castro. Esta obra supón unha homenaxe ao autor de *Terra Brava* e recolle as viaxes que nas vacacións fixeron xuntos ámbolos dous autores, posto que Rodríguez López residía fóra de Galicia, e eses paseos só podían ser posibles na época estival.

Como era de esperar, o primeiro encontro entre Fole e Rodríguez López produciuse na tertulia que Don Ánxel tiña nun café da cidade das murallas. O Café "Lugo".

O libro estrutúrase atendendo aos diferentes lugares percorridos polos ilustres camiñantes. Como se dunha serie de etapas se tratase, poderíamos dicir que cada capítulo vai encabezado por nomes de diferentes concellos: "Neira de Rei, O Cebreiro e Samos", "O Incio", "Romeán, Castroverde, Folgosa e O Corgo", "Quiroga e a Veiguiña", etc.

O grupo que nos interesa neste senso é o encabezado por "Romeán, Castroverde, Folgosa e O Corgo".

A primeira referencia que se fai ao concello é no subtítulo chamado "Miranda. Enriqueta Otero". Xa no texto se mencionan outros lugares como Sobrado do Picato (Concello de Baralla) -no texto orixinal Rodríguez López altera a orde sintáctica dos sustantivos sen motivo aparente como veremos a continuación, aínda que podemos supoñer un descoñecemento por parte do autor do nome concreto do lugar ou un *lapsus*- e Folgosa:

"Esta vez fixemos unha figura xeométrica trapezoidal e por O Picato de Sobrado e Miranda, polo pobo natal de Enriqueta Otero, fundadora de <<O Carriño>>, seguimos cara o pazo de Folgosa para, logo, visita-lo de O Corgo e remata-la viaxe en Lugo".

O seguinte subtítulo é "Folgosa, pazo artístico e monumental". Non podo obviar a miña predilección polo lugar de Folgosa, polo que paso a citar completamente a descrición do seu pazo:

"O pazo de Folgosa atópase a man esquerda, pouco antes de chegar á radial Madrid-Coruña. O frontis é impresionante pola cantería ben labrada e, sobre todo, polo enorme escudo coroadado co símbolo condal. Dous leóns aguantando una vieira, un axedrezado, a Cruz de Malta, os lobos, cinco vieiras... son testemuña das familias, emparentadas entre si, que o habitaron.

-Este pazo é do conde Canalejas ¿non si?, preguntámoslle incorrectamente á labradora que nos abriu o vello portalón.

-O pazo élle noso, contestou con firmeza. Mercámolo a don Felipe Llamas cando eu inda era una meniña.

E namentres visitábamo-lo patio interior de ben conservadas arcadas, dixo Fole:

-O derradeiro conde de Canalejas, señor deste pazo, louqueou e andaba a pedir polas aldeas.



Os actuais donos do pazo son conscientes do seu enorme interese artístico e monumental. É normal que se sintan orgullosos da súa propiedade. Teño oído moitas persoas laiarse porque nos patios destes pazos se atopan carros, moreas de leña, apeiros labregos, galiñas peteirando miñocas... Eu penso que é fermoso dar con familias labregas en mansións nobres. Estamos tan afeitos a ver que habitan casas ruíns moreas de pedras e laxes- que nos estrañamos en vendo algúns pazos señoriais en mans de paisanos, cando a cantería dos nosos artesáns cadra tan ben coa paisaxe e coa nobreza da nosa xente. Desexo que a nota aparecida nos xornais estes días, na que o Estado se compromete a favorecer-la súa restauración e conservación, se convirta en realidade. Oxalá que os labregos poidan vivir todos en pazos”.

Neste fragmento apreciamos o apego que Fole sentía pola xente do pobo, polos labregos, polo rural galego, quizais froito do seu contacto directo coas terras galegas, a través das súas longas camiñatas e horas e horas falando coa xente, enchoupándose da cultura popular, que logo plasmaría nas súas obras.

O último pazo que Fole e Rodríguez López visitan nesta etapa é o do Corgo: “cando chegabamos ó pazo do Corgo nun longo e venturoso solpor, emparellábanse tódalas circunstancias que deixo apuntadas e que influíron no meu ánimo maravillado, una vez máis, diante da creación dos mestres canteiros do século XVIII”.

Fole non só escribiu novelas senón que tamén posúe unha importante obra xornalística. Froito de ditos artigos publícase o libro *Ánxel Fole, paseante en Lugo*. Escrita a modo de diálogo, o noso autor conversa cun compañeiro imaxinario, sendo este unha representación de todas aquelas persoas reais que o acompañaron nas súas longas camiñatas ou ben, poderíamos dicir, que se trata dun desdoblamento do propio autor. O libro céntrase na vida circundante do autor así como presta unha especial atención ás orixes dos diversos topónimos da xeografía lucense.

Como era de esperar, o concello do Corgo aparece citado en varias ocasións dentro destes fragmentos de artigos. Así, atopámonos con Adai e a súa popular feira, Pousada, Chamoso, a cafetería do Corgo, Maceda, O Páramo, a Ponte de Neira e Gomeán.

“[...] Queremos decir los vecinos de Cuiña, Barbarí, Bosende, Buratai, Grolos, Adai, etc., que venían a Lugo a pie o a caballo cuando todavía no había autobuses ni tren. [...]”.

“[...] Un jaque de Pousada entró en la taberna de Jesús y desafiando a los mozos de Chamoso volaron los candiles de carburo y se dieron estacazos y bofetadas. [...]”.

“[...] El otro día, el del Pilar, a las seis de la tarde entré en la cafetería de O Corgo. Estaba abarrotada. Miré alrededor y vi caras y más caras de Lugo. [...]”.

“[...] - El minino disfrutaba de una buena empanada. Y si de comer se trata, le propongo una cena en O Páramo.

-Pues allá vamos a cenar al Páramo. En Maceda podremos coger vía hacia Ponte de Neira. [...]”.

“[...] Todavía ayer mismo, como quien dice, las Ferias de Adai Monterroso, predominantemente caballares, eran muy famosas en toda Galicia. [...]”.

“[...] Al cronista le gusta el paisaje de la ruta. La llana de Gomeán, Sobrado del Picato, Baralla... [...]”.

4 CONCLUSIÓNS

Era Fole o máis grande devoto de todos os elementos do rural. Gran admirador da paisaxe, da arquitectura, das xentes, das tradicións, da sabedoría popular, gran conversador e grande oínte, en definitiva, un escritor do pobo e para o pobo.

5 BIBLIOGRAFÍA

- CASARES, Carlos. *Conversas con Ánxel Fole*. Vigo: Editorial Galaxia, 1984.
- DE CORA, José. *Ánxel Fole, paseante en Lugo*. Lugo: El progreso de Lugo, 2003
- FOLE, Ánxel. *Á lus do candil*. Vigo: Galaxia-narrativa, 1994.
- FOLE, Ánxel. *Contos de Lobos e outros relatos*, ed. de Claudio Rodríguez Fer. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1989.
- FOLE, Ánxel. *Historias que ninguén cre*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1983.
- PEDRE DÍAZ, Luis Miguel. *A creación literaria en castelán de Ánxel Fole*. Lugo: Servizo de publicacións Deputación Provincial de Lugo, 2000.
- RODRÍGUEZ FER, Claudio. *A Galicia Misteriosa de Ánxel Fole*. A Coruña: Edicións do Castro serie Limiar filoloxía, 1981.

RODRÍGUEZ FER, Claudio. *Ánxel Fole 1903-1986, unha fotobiografía*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1997.

RODRÍGUEZ LÓPEZ, Manuel. *Viaxes con Ánxel Fole*. A Coruña: Edicións do Castro, 1988.

RESUMO

Este documento é froito da recollida en campo de máis de 5000 topónimos no concello do Corgo (por varias persoas) e grazas á colaboración dos habitantes das distintas parroquias. A estrutura é a seguinte:

1. Orónimos
 - a. Os que indican elevación do terreo
 - b. Os que indican depresión do terreo
 - c. Os que indican unha vertente do terreo
 - d. Os que indican un chairro do terreo
2. Constitución ou morfoloxía da terra
3. Litotopónimos
4. Hidrotopónimos
5. Fitotopónimos
 - a. Relativos á existencia de árbores
 - i. Froiteiras
 - ii. Outras
 - b. Relativos a plantas silvestres
 - c. Relativos a arbustos
6. Zootopónimos
7. Ergo e cromotopónimos
 - a. Tamaño
 - b. Forma e aspecto
 - c. Cor e luminosidade
 - d. Valoración do ser humano
8. De situación
9. Haxitopónimos
 - a. Santos e milagres
 - b. Actos relixiosos
 - c. Edificios relixiosos
 - d. Representantes da Igrexa e as súas posesións
10. Etnotopónimos
11. Antrotopónimos
12. Ecotopónimos
13. Sociotopónimos
14. Vías de comunicación
15. Edificacións

Pita Pardo, Alejandra

alexpitapardo@terra.es

Licenciada en Filoloxía Inglesa e Galega

PALABRAS CLAVE

Toponimia, microtoponimia, topónimo, terra, nome, lugar.

1 INTRODUCCIÓN

“Corgo” é unha voz de natureza prerromana, procedente do hispano-latino CORRUGUS que significa 'canle de auga para lavar os metais das minas'. Algunha das acepcións que foi tomando ao longo do tempo esta voz foron: 'fenda, creba', 'elevación do terreo', 'barranco con auga', 'pequeno curso de auga'. Na actualidade é un vocábulo de contido semántico difícil de determinar:

1 Poza que se forma na canle dos ríos para introducir os feixes de liño que serán empregados na elaboración do tecido.

2 Burato nunha rocha ou depresión dun terreo, que se enche de auga cando chove.

3 Canle pola que baixa unha corrente de auga destinada a regar.

4 Camiño estreito e fondo que se estende por terreo irregular e entre valados altos.

2 A MICROTAPONIMIA NO CORGO

1. Orónimos

Os orónimos son os nomes referidos á constitución do terreo. Podemos destacar as seguintes tipoloxías:

1.1. Os nomes que indican unha elevación no terreo:

Outeiro (Adai), Os Picos de Cuiña (Campelo), O Pico Grande de Dentro (Cela), O Pico Grande de

Fóra (Cela), Os Picotes (Cela), A Lomba (Cerceda), As Picoutas (Cerceda), O Alto de Gomeán (Gomeán), O Alto (Santalla), A Croa (Vilachá, Marei), As Lombas (Vilachá)...

1.2. Os nomes que indican unha depresión do terreo:

Val (O Alto, Gomeán, Franqueán), Valverde (Gomeán), Os Vales (Quinte), A Valiña (Segovia)...

1.3. Os que indican unha vertente do terreo:

Os Pensos (Cela), O Penso (Franqueán), A Costa de Pandos (San Martiño de Fonteita), As Costas da Fervenza (Santo Estevo de Farnadeiros), A Costaneira (Santo Estevo de Folgosa), A Costa da Veiga (Paradela) As Infestas (Queizán)...

1.4. Os que indican un chairo do terreo:

O Chao (Cela, Laxosa, Queizán), O Chao do Santo (San Pedro de Farnadeiros), Os Chaos (Piñeiro)...

2. Constitución ou morfoloxía da terra

Son os nomes referidos á conformación, á calidade da terra e ao tipo da terra:

Pedregales (Bergazo), Barreiros (Camposo, Marei), Areas (Cela), A Veiga das Areas (Cerceda), As Barroncas (Franqueán), A Barreira (Gomeán), O Barreirón (Fonteita), Camiño de Barro Rubio (Marei), A Gandarela, A Gandariña (O Alto), As Gandarelas (O Corgo), As Areosas (Paradela), O Pedregal (Pedrafita), O Barroso (Piñeiro), A Granda, As Grandas, O Areal (Queizán), O Pozo Barro (Santo André de Chamoso)...

3. Litotopónimos

Son os nomes referidos aos terreos que, dalgunha maneira, teñen relación coas pedras: a súa abundancia, a existencia dunha pedra grande, á extracción deste material...

O Pedredo (Arxemil), Os Pedregás, Laxalonga (Cela), Pedradereita (O Corgo), A Pedregueira (O Alto), A Pedra Cavada (Fonteita), Laxosa, A Laxiña (Gomeán), A Peneda (Lapío), As Penelas, O Penedo (Marei), As Pedreiras, A Penela (Paradela), Os Pedrós (O Placer, Paradela), A Agra de Pedrafita, O Rego da Moa (Pedrafita), A Casa da Pedra, A Laxe Branca, A Laxela, As Casas da Laxe (Piñeiro), O Alto de Pedroso (Quinte), O Pedregal (Santa María de Manán), As Laxas (Santo André de Chamoso), A Canda, O Laxedo (San Cristovo de Chamoso), A Pedrea (San Bartolomeu de Chamoso), O Pedrón, Pedrouzos (Santo Estevo de Farnadeiros), Fompedriña, As Moas, Rocha (San Pedro de Farnadeiros), A Pedraña (San Martiño de Folgosa), A Pedra, A Pedregosa, Os Pedredos (Segovia)...

4. Hidrotopónimos

Os hidrotopónimos son os nomes relativos ás augas: ríos, regueiros, fontes, veigas, ribeiras, pozas, pozos, lagoas, lameiros, regas, barcias...

A Veiga Ancha, A Lagoa Vella (Abragán), As Lamelas, As Regas Rego do Hospital (Anseán), Veigadóniga, Pozas (Arxemil), Lamamaior, A Regata, A Regueira, A Barciela (Bergazo), A Cal (Cabreiros), A Lavandeira (Campelo), A Lama Redonda (Camposo), Fonte dos Lobos, As Ribeiras (Cela), Fonte de María Lentella, A Veiga, O Regueiral (Cerceda), A Poza (Escoureda), O Lameiro (Gomeán), Lamalonga, Baixo das Lamas, Lameirós (Franqueán), A Lamela, O Pozo, A Ribeira, As Pociñas (Fonteita), A Fonte Grande (Lapío), Lamafestas, Lamamiñao, Lamatravesa (Laxosa), A Insua (Maceda), Fonte da Canda, Fontelas (San Cristovo de Chamoso), Fonte de Samprizón, Suafonte, Lamacereixás, Lamacova, Lamavella (Marei), A Agra do Corgo, Pozangueiro, A Lagoa (O Corgo), Fonteboa, A Lameira (O Alto), Fonte do Bispo, Fonteigán

Castro de Riberao, Garandelas de Ribeira, Os Pozos (Paradela), Lamaboa (Pedrafita), Fonte Cachosa (Piñeiro), Veigacabrolle O Lamedo, A Lagoa de Cabalgar, O Monte de Arriba de Entrerregos (Queizán), Pozo de Brazón (Quinte), Lama Cabalar, As Lagoas (Sabarei), A Pinguela (San Bartolomeu de Chamoso), Lamapulleira (San Cosme de Manán), A Veiga de Cal, Lamavesada (San Cristovo de Chamoso), O Reguengo, **A Casa Grande da Fervenza** (Santo Estevo de Farnadeiros), A Fontela, Lamarrubial, Veiga de Anzuelos (Santo Estevo de Folgosa), Socal, Lamacega, Lamatundeira, (San Martiño de Folgosa), Lamadorna, O Pociño (Segovia), As Veigas do Barredo (Vilachá),



Casa Grande da Fervenza (Santo Estevo de Farnadeiros)¹

5. Fitotopónimos

Son aqueles nomes que fan referencia á flora, plantas e vexetación do lugar pola súa abundancia. Podemos distinguir as seguintes subtipoloxías:

5.2. Os relativos á existencia de árbores:

5.2.1. Froiteiras

O Castiñeiro (Adai), As Cerdeiras (Cabreiros), As Ameixeiras (Folgosa), O Cereixal, A Trigueira

das Nogueiras (Fonteita), O Pomar Maior (Laxosa), A Abelaira, Castro de Cerdeiriños, Fonte das Pereiriñas (Paradela), O Pereiro (Pedrafita), As Pereiras, O Pumariño, O Castiñeiro (Piñeiro), A Castiñeiriña (O Alto), A Pena Cereixiña (O Corgo), As Abelairas (San Cristovo de Chamoso), A Pereira Branca (Santo Estevo de Farnadeiros), A Campa do Souto (Queizán), A Pena do Souto (Vilachá)...

5.2.2. Outras

O Carballo Redondo (Bergazo), O Salgueiriño (Castrillón), O Caxigal (Maceda), A Caxigueira, O Caxigo, A Aira de Loureiro, Loureiro (Marei), O Monte de Bidueiros, O Carballiño (Queizán), Piñeiro, Camiño dos Freixos (Santo André de Chamoso), O Bosque (Santo Estevo de Farnadeiros)...

5.3. Relativos a plantas silvestres:

O Cadaval, Os Carrizos (Arxemil), Carracedo (Cerceda), O Espiñeiro, O Porrál (Escoureda), A Cortiña de Folgueiras (Marei), A Chousa do Plantío (Queizán), As Xunqueiras (Quinte), Os Carrizos (Santa María de Manán), A Cardeal, O Xardín (San Martiño de Folgosa), O Xunqueiro Novo (Segovia), Rego do Espiño (Queizán)...

5.4. Relativos a arbustos:

O Bouzallo (Abragán), O Toxeiro (Arxemil), Os Xestos (Cela), Xesteiriño, As Bouzas (Cerceda), O Bouzal (Gomeán), O Toxadelo, A Bouza, A Uceira (O Corgo), O Queirugal, Ponte da Silva

(1) Fotografía pertencente ao arquivo persoal de Mario Outeiro Iglesias.

(Paradela), O Prado das Xestas (Piñeiro), A Xesteira, A Pena do Toxo (Queizán), As Matosas (San Cristovo de Chamoso), O Bouzal (San Estevo de Farnadeiros), Os Toxales (San Pedro de Farnadeiros), Silvañar (Vilachá)...

6. Zootopónimos

Son os nomes referidos aos animais e á acción destes nun lugar:

Monte Carneiro (Anseán), Camiño das Armadas (Cela), As Lebres (Franqueán), A Fonte do Lobo (Gomeán), A Pena da Lebre (Lapío), O Raposo (Marei), As Teixoeiras (Paradela), A Pena do Teixo (Queizán), A Campa da Loba (San Martiño de Folgosa), A Trapela (San Martiño de Folgosa), O Burato (Segovia)...

Os Mosqueiros (Anseán), O Formigueiro (Arxemil), O Prado do Trobo (Pedrafita), As Abelleiras (San Cristovo de Chamoso)...

A Lagarteira (Arxemil), O Sapal (San Cristovo de Chamoso)...

O Pombal (Adai)...

7. Ergo e cromotopónimos

Son os topónimos que fan referencia á valoración que fai o home sobre o aspecto do terreo: estrutura, cor ou forma. Podemos diferenciar as seguintes categorías:

7.1. Tamaño

Lamamaior (Bergazo), A Medorra Pequena, O Prado Pequeno (O Corgo), A Cortiña Grande (Pedrafita), A Pena Maior (San Cristovo de Chamoso), O Ollo Grande (Segovia)...

7.2. Forma e aspecto

O Monte Vello (Adai), O Redondelo (Arxemil), O Carballo Redondo (Bergazo), A Lama Redonda

(Camposo), Portovello (Cela), A Ponte Vella, A Rodeira Torta (Fonteita), Os Alargos (Paradela), O Alargo (Piñeiro), Liñar Longo, O Peno Redondo, A Pena Furada (Queizán), Ribalonga (Quinte), As Boqueiras (San Pedro de Farnadeiros)...

7.3. Cor e luminosidade

A Leira Albar (Campelo), O Negrón, A Terra Negra (Cela), O Prado da Herba Verde, Pena Moura (Laxosa), A Laxe Branca (Piñeiro), Camiño do Albariño (Santa María de Manán), A Pereira Branca (Santo Estevo de Farnadeiros)...

7.4. Valoración do ser humano

As Formosas (Cabreiros), Fonteboa (O Alto), A Formosa (San Cristovo de Chamoso), Rego de Fonfría (Queizán)...

8. De situación

Estes son os nomes referentes á orientación ou posición do terreo, acostuman a ir marcados por preposicións ou adverbios de lugar:

O Alto (Adai), A Agra de Tras das Airas, A Carrilleira do Cabo, (Anseán), Trasgudín (Bergazo), A Regueira de Arriba (Campelo), O Pico Grande de Dentro, O Pico Grande de Fóra, A Pena do Medio (Cela), A Agra de Arriba, A Ribeira de Abaixo (Fonteita), Sucuraceiro, Sobre da Pena (Laxosa), Cima das Presas (Maceda), Casviasco de Abaixo (Pedrafita), O Monte de Fóra (Piñeiro), Suacosta (San Bartolomeu de Chamoso), O Alto da Ermida (Santo Estevo de Farnadeiros), Os Carrís de Dentro (San Martiño de Folgosa), Trasfontao, Sobre da Cortiña (San Pedro de Farnadeiros), Entre as Penas, Entrecarreiras, Queizán de Abaixo (Queizán), O Canto do Forno, O Porto de Ribas de Miño, O Alto de Pedroso (Quinte),...

9. Haxitopónimos

Son os nomes que fan referencia á Igrexa e aos santos, moitas veces vinculados á existencia de edificios relixiosos ou a posesións do clero nos que podemos distinguir:

9.1. Santos e milagres

Santa Marta (Bergazo), O Monte de Santa Isabel, Santa Mariña (Cabreiros), Santa Águeda (Gomeán), Santa Isabel (Laxosa), O Santo, Santestevo, San Xuliao de Pacio, San Simón (Marei), Santalla (O Alto), Santa Eufemia, Santa Lucía (O Corgo)...

9.2. Actos relixiosos

A Agra da Cruz (Adai), Capela do Rosario (Camposo), A Misa do Rei (Marei), A Cruz da Lama (Santo André de Chamoso)...

9.3. Edificios relixiosos

O Campanario (Arxemil), O Igrexario (Paradela), Eirexe (Pedrafita), A Ermida (Santo Estevo de Farnadeiros),

9.4. Representantes da Igrexa e as súas posesións

A Horta do Cura (Arxemil), Fonte do Bispo (Paradela), A Cortiña do Cura (San Martiño de Folgosa)...

10. Etnotopónimos

Son os nomes referentes a pobos e xentilicios que aparecen para denominar distintos lugares:

O Prado de Ancarés (Castrillón), A Maragata (Cela, Pedrafita), O Padrón do Vilés (Cerceda), Os Maragatos (Funqueán), O Prado do Asturiano (Marei), Castro de Ribeirao (Paradela), A Parraguesa (Santo Estevo de Farnadeiros)...

11. Antrotopónimos

Son os topónimos orixinados por alcumes, nomes de persoa, apelidos ou profesións dos posuidores e que identifican un lugar:

A Carballeira de Neiras, A Senra de Sidro, A Aira do Fidalgo, A Aira de Guinoz, A Aira de Capón, A Cortiña de Meixide (Abragán), A Casa do Estanqueiro (Bergazo), A Aira de Don Manolo (Cabreiros), A Aira de Valexo, O Monte do Arruxo (Camposo), A Aira de Amador, A Aira do Caseiro, Camiño dos Arrieiros (Castrillón), A Torre de Filomeno, A Trondeira de Brais, Muíño do Caldeireiro (Escoureda), A Aira de Lucas, A Aira do Cordeiro (Franqueán), A Aira do Herdeiro, A Chousa do Merlo, A Cortiña do *Legionario*, A Cortiña do Mulo, A Finca do Marqués, Fonte da Madre, Muíño do Farelo (Gomeán), A Cortiña do Civil, A Cortiña do Menor, A Leira de Xacob (Marei), O Novo de Conde, O Monte do Sarxento (O Corgo), A Cortiña do Cura, A Cortiña do Xastre, Fonte do Coronel, O Agro de San Pedro, O Prado de Conde (San Martiño de Folgosa)...

12. Ecotopónimos

Son todos aqueles nomes que fan referencia aos traballos agrícolas que tradicionalmente se desenvolvían nestas zonas e aos cultivos que alí se botaban, ademais dos tipos de terras (calidade e uso) e da súa división:

As Nabeiras Camiño dos Enxertos (Anseán), As Trigueiras, Liñares, O Fabal (Bergazo), Os Cómaros, A Cancela, A Portela, O Valado (Campelo), Tallos, Cercada, A Aira do Santo, As Rozas (Cela), A Seara do Páxaro, A Campa do Fontao, A Leira da Roxoá, O Prado da Fonte, O Cerrado das Nogueiras, A Zarra da Carballeira (Fonteita), A Trigariza, O Queimado, Camiño de Barbeito (Laxosa), A Pataqueira, A Nabeira (O

Corgo), As Tercias (Paradela), Fabeiro (Pedrafita), As Quintas (Piñeiro), A Chousa de Riba (Queizán), A Raña (Quinte), A Cortiña da Porta (San Pedro de Farnadeiros), Camiño da Horta (Santa María de Manán), A Zarra das Cavadas (Santo André de Chamoso), As Cavadiñas, As Labradas (Segovia), O Canto de Viña, As Fabas (Vilachá)...

13. Sociotopónimos (vida social)

Son os nomes relativos á vida social, feitos históricos e á vida comunitaria: O Campo da Feira (Gomeán), A Forca (Franqueán), As Parcerías (Marei)...

14. Vías de comunicación

Nomes de pontes, camiños, congostras...

Camiño das Congostras, Camiño dos Arrieiros, A Carrilleira do Cabo, O Camiño Real, Ponte da Torre (Anseán),



Ponte de Galiñeiros (Arxemil)²

Ponte de Galiñeiros (Arxemil), A Ponte de Neira (Cela), A Ponte Nova, O Pontón de Carmelo (Fonteita), A Ponte do Vao (Laxosa), A Portela (O Corgo), Camiño da Cruz, Camiño da Granda, Camiño das Curuxeiras (Queizán), A Pontella (San Pedro de Farnadeiros), A Vereda (Santa María de Manán), A Calzada (Santo

Estevo de Farnadeiros), O Porto do Ollo (Segovia), A Carreira (Vilachá)...

15. Edificaciós

Son nomes relacionados coas construcións realizadas polo ser humano e os lugares onde viviu:

Torre de Adai, A Granxa de Tella, A Casa da Cruz (Adai), A Casilla de Castrelo, A Casilla do Monte, Casa da Torre, A Torre, A Pena dos Mouros, (Anseán), As Aceas (Arxemil), O Casarón (Campelo), As Cabanas, Cruceiro dos Pedregás, A Noria, A Pena da Cacha (Cela), A Cantina do Monte, As Pardiñas (Cerceda), Vilachá, O Barrio (Fonteita), Castrillón (O Alto, Castrillón), Medorra dos Novos (Gomeán), Moa de Pousada, Muíño da Torre (Paradela), Casviasco (Pedrafita), A Casanova, As Casas da Laxe (Piñeiro), O Currás, O Chozo, A Pena do Xudío, O Forno da Vella (Queizán), Peto de Ánimas de San Marcos (San Cristovo de Chamoso), Castro da Croa (San Martiño de Folgosa), Casa do Hospital (Santo André de Chamoso), Castro de Alvaredo, A Vila (Santo Estevo de Farnadeiros), Vilaceleiro, A Pallarega (Segovia)...

3 CONCLUSIÓNS

A microtoponimia dun concello podería dar para unha publicación moi ampla, pero este pequeno documento ofrécenos unha idea da riqueza do noso idioma e, talvez a esclarecer o significado deses nomes que estamos tan acostumados a utilizar e nos que nunca pensamos de onde proceden.

4 BIBLIOGRAFÍA

VARIOS. *Estudo da microtoponimia nas Mariñas lucenses e Ortegal*. Santiago: Xunta de Galicia, 2007.

(2) Fotografía pertencente ao arquivo persoal de Mario Outeiro Iglesias.

EXPOSICIÓNS GUIADAS EN COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN CAIXA GALICIA

Durante o ano 2009, a Asociación Cultural Arumes do Corgo asistiu no Centro Sociocultural Fundación Caixa Galicia de Lugo a unha serie de exposicións guiadas, que resultaron de gran interese para a maioría dos asociados.

Este tipo de actividade comezou o xoves, 15 de xaneiro, ás 19:30 h, coa exposición fotográfica "**Gabriele Basílico. Intercity**", síntese do traballo que o artista desenvolveu durante os últimos sete anos, facendo énfase na serie que o autor adica á cidade de Moscova. Esta mostra reflicte o interese do arquitecto Gabriele Basílico polas paisaxes urbanas, en especial as periferias ou "zonas fronteirizas, dando conta da súa continua transformación e do seu crecemento imperfecto.

A segunda actividade na citada Fundación, realizámola o mércores, 8 de abril, ás 18:00 h. Esta vez a visita guiada foi á exposición "**Miradas: Galicia ata 1975**". Foi un percorrido pola historia de Galicia a través dos autores que a retrataron: Villamil, Murguía, Luguís, Picasso, Castelao ou Laxeiro, entre outros. Esta mostra dos fondos da Colección Caixa Galicia relátanos o desenvolvemento da arte galega contemporánea ao longo de máis dun século de historia.

Continuamos en agosto, o mércores 5, ás 20:00 h, coa exposición "**Ruth Matilda Anderson. Unha Mirada de Antano**", mostra que, dende o 19 de xuño e ata o 13 de setembro, se exhibiu na Sede da Fundación Caixa Galicia de Lugo. Ruth Matilda Anderson, fotógrafa americana, estivo a percorrer Galicia nos anos 20, recompilando miles de imaxes

acerca do modo de vida, costumes e paisaxes do país galego. Hoxe conservamos o seu traballo como o maior arquivo fotográfico da Galiza da época, de gran valor pola cantidade de información que nos achega.

Xa como remate do ano 2009 na realización destas actividades, o mércores, 25 de novembro, ás 20:00 h, asistimos á exposición "**Os pintores de Artal. Pintura española do Museo da Habana**" que reuniu vinte óleos de artistas que no seu momento participaron nos *Salóns de Artal* en Arxentina e que actualmente pertencen ao Museo de Belas Artes da Habana. A exposición complétase coa curiosa achega de case trinta paletas, utilizadas polos pintores para mesturar as cores, ilustradas minuciosamente polos propios artistas. Esta obra sae por primeira vez da illa e chega a Galiza para amosar o movemento da pintura española entre os séculos XIX e XX en Hispanoamérica.

Agardamos dende a Asociación Cultural Arumes do Corgo poder seguir a realizar estas actividades en colaboración coa Fundación Caixa Galicia nos vindeiros meses de 2010.

CELEBRACIÓN DO ENTROIDO

A Asociación Cultural Arumes do Corgo celebrou no mes de febreiro o **entroido** cun xantar de confraternización. O luns, 23 de febreiro de 2009, degustamos un cocido no restaurante "Playa" de Gomeán, ao que asistimos uns corenta socios/as. Despois decidimos prolongar a xornada "**correndo o entroido**" por varias aldeas do Corgo: Alfonxe, Adai, Pedrafita... rematando a xornada ben entrada a noite co propósito de repetilo para o próximo ano, e poder gozar doutro día de convivencia e divertimento.

EXCURSIÓNS

MAZO DE SANTA COMBA E O COUREL

O conxunto de excursións culturais de Arumes comezou cun km 0 en colaboración coa Deputación de Lugo, o martes, 21 de abril. Despois da recepción no **Pazo de San Marcos**, o noso seguinte destino foi o **Mazo de Santa Comba**, situado á beira do río Chamoso e moi vinculado á economía corguesa. O mazo comprende varias edificacións que actualmente están restauradas e transformadas en museo etnográfico con cafetería-restaurante.

Fixemos unha visita guiada ao conxunto do mazo formado por un muiño, mazo, serradoiro e pedra de afiar. Puidemos ver que estas edificacións aínda conservan gran parte dos seus elementos orixinais así como a súa cuidada integración no bosque autóctono que ten ao seu arredor.

Despois dirixímonos a **Seoane do Courel**, onde degustamos os produtos típicos da zona co fin de coller folgos para a tarde. Para rematar a xornada, realizamos unha ruta de sendeirismo de case tres horas de duración a través dunha das máis fermosas fragas da Galiza, a **Devesa da Rogueira**.

REDES (ARES)

O sábado, 30 de maio, realizouse a segunda excursión da tempada. Contou cunha ruta de sendeirismo, en colaboración coas Asociacións Culturais "Amigos do Patrimonio de Castroverde", "Arcas de Sarria" e a "Agrupación Instructiva de Caamouco", pola costa Aresán.

O percorrido, de 15 km de lonxitude, tivo o seu punto álxido na visita ao **Mosteiro de Santa Catarina**, do século XIV e levantado por Fernán Pérez de Andrade, onde a

entidade anfitriona nos agasallou cun pequeno ágape de avituallamento.



Coa visita dos restos das **baterías de artillería** e despois de admirar as fermosas vistas sobre a ría, foi esmorecendo a mañá. Despois de xantar (preto de 200 persoas), Ernesto Naveiras, presidente da Agrupación Instructiva de Caamouco guiounos pola acolledora vila de **Redes**, onde poidemos observar un dos conxuntos de arquitectura popular mariñeira mellor conservados da costa galega.

ALLARIZ-CELANOVA

O sábado, 7 de novembro, a Asociación Cultural Arumes do Corgo organizou unha saída cultural por terras de Celanova e Allariz (Ourense).

A primeira parada foi na Vila de **Celanova**, onde visitamos o seu casco histórico centrándonos no Mosteiro beneditino de San Salvador, que constitúe un dos máis fermosos exemplares do barroco galego. Unha guía especializada acompañounos polo seu interior, onde puidemos contemplar o seu altar maior, os ricos retablos barrocos, a cadeirado do coro, o trascoro e o claustro das procesións, para despois pasar ao xardin onde se atopa o oratorio mozárabe de San

Miguel, cuxa estrutura e construción están casi intactas dende a súa edificación cara o ano 936.

Ao mediodía trasladámonos á Vila de **Allariz**, onde despois de dar conta do xantar nun restaurante da vila, dispuxemonos a facer unha visita a esta acolledora vila-museo que foi declarada Conxunto Histórico-Artístico Nacional en 1971, facendo xustiza ao rico legado arquitectónico e cultural presente no seu casco histórico que ofrece un bo estado de conservación. Puidemos ver varios monumentos civís, militares, relixiosos, pazos blasonados, casas señoriais e rúas de trazado medieval, ademais do conxunto do parque etnográfico do río Arnoia (Museo do Coiro, do Tecido, do Xoguete, Muíño do Burato etc.), e logo facer un percorrido polo paseo a carón do río Arnoia, onde tamén queda reflectido o rico patrimonio natural que ten esta vila.

Ademais tivemos a sorte de que coincidira a nosa viaxe coa "**Feira de Outono** de Allariz", para poder ver e degustar os produtos desta fermosa terra.

CENTRO DE ARTESANÍA E DESEÑO E RIBEIRA SACRA

Para rematar o ano, o Centro de Estudos do Corgo en colaboración coa Asociación Cultural Arumes do Corgo e a Deputación de Lugo, organizou a última saída cultural o martes, 1 de decembro. Despois da recepción no salón de actos da Deputación de Lugo, dirixímonos ao **Centro de Artesanía e Deseño** de Lugo, para ver a exposición permanente de instrumentos musicais, que reflicte con rigor a historia da música en Lugo. Conta cunha interesante colección de instrumentos, especialmente galegos (zanfonas, gaitas, pandeiretas, artas, etc.), aínda que posúe tamén exemplares de distintos lugares do mundo.

Aquí pódense contemplar tamén réplicas dos instrumentos que figuran no Pórtico da Gloria da Catedral de Santiago de Compostela. Outra das exposicións que puidemos contemplar é a de traxes galegos, interesante colección dos distintos tecidos e abalorios que se utilizaban.

A continuación, dirixímonos á Ribeira Sacra, e en concreto a **Doade** para xantar nun establecemento da zona, e despois dirixirnos á localidade de **Proendos** (Sober) onde visitamos a súa igrexa de estilo románico rural galego datado no século XII, do que só se conservan algúns restos na súa ábside. Tamén tivemos a posibilidade de contemplar as pinturas murais do seu altar maior, datadas do século XVI. Á saída da igrexa, e moi preto de alí, achegámonos ata un dos moitos petróglifos existentes nesa zona, emprazado nunha finca particular.

Logo dirixímonos a unha **adega** acollida a D.O. Ribeira Sacra das moitas existentes en Sober, co fin de degustar o seu viño e os seus licores.

Para rematar, achegámonos ata a parroquia de Pinol para visitar o Miradoiro sobre os **Canóns do Sil** e o Santuario de Nosa Señora de **Cadeiras**. Trátase dun edificio sinxelo do barroco galego do século XVII, que aínda ten sen rematar unha das súas torres da fachada principal. O santuario está rodeado dunha interesante área recreativa.

RUTA DE SENDEIRISMO ENTRE CARRACEDO E ANSEÁN CON HOMENAXE E OFRENDA FLORAL A RAMÓN PIÑEIRO E XANTAR DE CONFRATERNIZACIÓN EN ANSEÁN

O domingo, día 3 de maio, a Asociación Cultural Arumes do Corgo realizou unha ruta de sendeirismo polo **Camiño Real** entre os concellos de Láncara e O Corgo. A actividade pretendía conxugar obxectivos lúdicos e

culturais coa homenaxe a **Ramón Piñeiro**, a quen se lle dedicou no 2009 o Día das Letras Galegas.

No percorrido estivemos acompañados por algunhas persoas da Asociación Cultural Val de Láncara e da Asociación de Veciños de Anseán.

Os participantes concentráronse na antiga Casa do Concello de Láncara, en Carracedo. Alí realizouse unha ofrenda floral diante do busto do intelectual e todos continuamos cara á **Ponte de Carracedo**, inicio da ruta.



Xa na ponte, deuse unha breve explicación sobre o trazado do Camiño Real que entra en Láncara polo Furco, pasa polos lugares de Casablanca e Estaladoiro, toma dirección á Armada, atravesa o Monte da Medorra e o de Trandeira ata chegar a Galegos, pasa o río Armiela e despois de ascender o Monte de Leirado descende cara ao Val do Neira. Atravesa despois o centro de Sta. M^a da Lama e chega á Ponte de Carracedo, unha fermosa ponte medieval, recentemente restaurada. O uso da ponte era frecuente no século XVIII, como punto de encontro do correo procedente de Sarria, Monforte e Ourense co resto de Galicia para, dende alí, ser enviado á corte de Castela.

Unha vez atravesada a ponte medieval, o Camiño segue augas abaixo do río Neira, pola súa marxe dereita, atravesando por

fermosas paraxes de vexetación abundante e pradaría sempre verde.

Continuando a nosa viaxe, despois de pasar A Corveira (alí hai un muiño que pertenceu ao Mosteiro de Samos), chegamos ao lugar de Neira de Rapados, onde encontramos á nosa dereita un singular pazo e, a pouca distancia deste, atopámonos a "Casa das Agrolazas", chamada así por ter unha gran extensión de terreo ao seu redor. Aquí iniciamos un longo e demorado ascenso en dirección a S. Pedro de Bande, atravesando unha paisaxe na que afloran numerosas penas graníticas.

Entra o camiño no concello de O Corgo pasado o Monte de Casanova e inmediatamente chega ás beiras do río Tórdea, que é atravesado por unha pequena pero airosa ponte, coñecida como **Ponte de Lago** e reflexada no mapa de Fontán.

Dende a Ponte de Lago iniciamos o último tramo da ruta pasando por Marei e A Torre, ata chegar á igrexa de **Anseán**, no lugar do Corral.

Na casa rectoral, a carón da igrexa, na que había unha exposición sobre os traballos do liño, celebramos un xantar de confraternidade.

Todos os participantes foron agasallados cun díptico explicativo da ruta e do patrimonio artístico que fomos visitando ao longo da mesma.

Como homenaxe a Láncara, o presidente de Arumes compuxo as seguintes coplas relacionadas coa ruta:

Camiñando a carón do Neira (Xurxo Rodríguez Lozano)

Veñen os mozos á feira,
de Vilaleo e Toirán,
cantando entre carballeiras
polo Camiño Real.

E, ao pasar As Agrolazas,
no muiño da Corveira,
vanse rindo coas rapazas
a carón do río Neira.

O repenicar da auga
vai trezando unha muiñeira
que deixa notas de gaita
no pentagrama das leiras.

A ponte de Carracedo,
desafiando a corrente,
garda na pedra os segredos
que lle confían as xentes.

Entre regatos e prados,
polo camiño dos Vaos,
aparecen os tellados
do pazo dos Churruchaos.

En sabas verdes de veiga,
Láncara dorme no val,
como unha pombiña meiga
no niño do seu pombal.

III XORNADAS DE OFICIOS ARTESANAIS: A OLERÍA

Os días 31 de xullo, 1 e 2 de agosto celebráronse no Centro Sociocultural do Corgo as III Xornadas de Oficios Artesanais. En anos anteriores, os traballos do liño e a cestería foron os temas escollidos. Desta vez tocoulle á **olería**.



Durante eses días, os socios/as de Arumes atenderon o local en horario de mañá e tarde para que os visitantes tivesen a atención debida.

ACTIVIDADES REALIZADAS:

- Montaxe dunha **exposición** que contou cunha variada colección de pezas de cerámica tradicional galega (máis de 300) e doutros lugares, materiais diversos (arxilas...), ferramentas utilizadas polos oleiros e pezas singulares. Practicamente a totalidade das pezas foron cedidas polo ceramista do Corgo e membro da Xunta Directiva da Asociación Manuel Fernández López (**Lolo de Anseán**).
- Demostracións en vivo** a cargo dos artesanos **Pepa de Bonxe** e **Tomás de Gundivós**.
- Obradoiro** lúdico para rapaces e rapazas, que puideron traballar no torno e facer sinxelas pezas.
- Paneis explicativos dos diferentes procesos do traballo do barro (amasado, modelado, torno, engobes, vidrados, cocción...)
- Proxeccións audiovisuais relacionadas co tema da exposición.
- Outros: carteis, trípticos explicativos, cantigas relacionadas cos oleiros...

O público asistente tivo a ocasión de visitar a exposición, coas pezas agrupadas polo seu lugar de procedencia e debidamente etiquetadas, ver proxeccións audiovisuais, observar o traballo dos artesáns e levar para a súa casa trípticos que se editaron para a ocasión.

Os **trípticos** contaban cun LIMIAR que explicaba a evolución da cerámica a partir dos restos atopados no período neolítico e as novas técnicas aportadas polos romanos (roda de oleiro e os fornos), así como a transmisión ao longo da historia das formas e técnicas que sobreviven nos oleiros galegos da actualidade.

Outro apartado estaba ocupado pola **IMPORTANCIA DA OLERÍA UTILITARIA** (necesidades da vida rural que van aparecendo ao longo dos séculos e que os oleiros van resolvendo para facer pezas prácticas, comercio que se establece ao redor da olería e tipos de pezas máis significativas: olas para auga, olas do sulfato, sellas, cazolas, almorceiras, cuncas, pratos, chocolateiras, meleiras, barreñóns para a zorza ou para lavar a roupa, botixos, xarras, ámboas para o viño, para gardar sementes ou aceite; e tamén alcuzas, cacheleiras, viradeiras, potes...).

Tamén se relacionaban as aldeas oleiras de Galiza, que tiveron moita importancia nos séculos XVIII e XIX, e das que había moitas pezas na exposición.

ALDEAS OLEIRAS EN GALIZA

1. LUGO
 - ❖ Terra Cha (Contorna de Outeiro de Rei): **Bonxe**, Silvarrei, Tirimol, Gaioso.
 - ❖ **Gundivós** (Sober)
 - ❖ Mondoñedo.
 - ❖ Samos (extinguida)
2. A CORUÑA
 - ❖ **Buño**.
3. OURENSE
 - ❖ **Niñodagua**
 - ❖ Tioira(extinguida)
 - ❖ Loñoá das olas (extinguida)
 - ❖ Lobios, Santomé e Ramirás (extinguida)
 - ❖ Portomourisco-O Seixo (extinguida). Só traballaban as mulleres.
 - ❖ Rubiá (extinguida)
4. PONTEVEDRA
 - ❖ Bamio.
 - ❖ A Garda.

Por último, outro apartado estaba adicado ás diferentes **FASES DO TRABALLO OLEIRO: extracción do barro, mazado, peneirado, amasado, torneado, obtención da peza, secado, biscoitado,**

vidrado, cocción, acabado das pezas e comercialización.

CLUB DE LECTURA

Na Asemblea Xeral Ordinaria do 28 de marzo de 2009 aprobouse a creación dun Club de Lectura no seo da Asociación Cultural Arumes do Corgo. A idea inicial do Club é a lectura individualizada, con posterior encontro co autor, cunha periodicidade semestral. Para a adquisición do libro para a lectura os interesados teñen as seguintes posibilidades:

- Servizo de préstamo da biblioteca da Asociación (só para socios).
- Compra do libro a través da Asociación (pódense conseguir descontos ao mercar máis exemplares).
- E, por suposto, a compra do libro de forma individual.

PRIMEIRO LIBRO

Inauguramos o Club coa lectura da obra **Limpeza de sangue** do autor **Rubén Ruibal** (editorial Xerais). Ruibal, socio da Asociación Cultural Arumes do Corgo (e verdadeiro promotor da actividade), recibiu con esta obra o premio Álvaro Cunqueiro no ano 2005 e o Premio Nacional de Literatura Dramática no 2007.



O encontro co autor (aberto a todos os públicos) realizouse, o xoves, 27 agosto de 2009, ás 21:00 h, no centro sociocultural do Corgo. Despois dunha breve presentación (do autor e do libro) e entrevista persoal para coñecer mellor o autor do primeiro libro do club de lectura, os asistentes tiveron a oportunidade de preguntar e comentar todas aquelas dúbidas, inquedanzas e sensacións que lles provocara a obra lida.

SEGUNDO LIBRO

Dado o gran éxito do Club de lectura do primeiro semestre, a A.C. Arumes do Corgo enfrontou con gran ilusión a segunda edición. O libro escollido foi ***Cando petan na porta pola noite*** de **Xabier P. Docampo** (Premio Nacional de Literatura Infantil).

O encontro co autor celebrouse o sábado, 12 de decembro de 2009, ás 19:00 horas, tamén no Centro Sociocultural do Corgo. Desenvolveuse esta actividade seguindo o guión da primeira, é dicir, presentación do autor e do libro, coa intención que os lectores/as os coñecesen mellor. De seguido, iniciouse un coloquio entre os asistentes e dito autor, tanto sobre o libro en cuestión, como sobre a súa enorme obra literaria.

A experiencia do Club está sendo moi interesante e enriquecedora, e neste momento xa estamos co 3º libro, ***Ás de Bolboreta*** de **Rosa Aneiros** (1º semestre do 2010).

I CARREIRA POPULAR "ARUMES DO CORGO"

Aínda que a participación dos máis novos foi aceptábel no resto de actividades citadas (sobre todo no Certame Literario) hai unha franxa de idade entre os 12 e os 18 anos que non soe participar na vida cultural do concello. É por iso que se xustifica unha

actividade de índole deportiva para chegar a este sector xuvenil.

A maiores, o concello do Corgo non dispón dunha oferta deportiva variada, centrándose todos os esforzos no fútbol (dous equipos federados na Rexional) e no fútbol sala (varios equipos que participan nunha liga local).

Co atletismo conxugamos os dous obxectivos antes mencionados, chegar á xente nova e abrir o abano da oferta deportiva do concello cunha actividade que naceu coa idea de perpetuarse no calendario deportivo e de chegar tanto aos atletas profesionais como a todos os afeccionados en xeral.

Na actualidade, Galiza dispón dunha serie de carreiras populares que cobren o calendario anual sendo moi poucas as celebradas na provincia de Lugo. Agás a "Ferreirúa" da Pobra de Brollón e as xa populares "Corre con Nós" e "Rábade", o resto das iniciativas afloraron nos últimos tempos.

A maiores O Corgo posúe un contorno privilexiado para celebrar carreiras pedestres xa que posúe unha vasta rede de estradas asfaltadas, unha superficie practicamente chá, bos accesos por estrada e boas instalacións deportivas co fin de ser usadas como vestiarios e zona de duchas.

Categorías, distancias e horarios

CATEGORÍA	ANO DE NAC.	HORA	DISTANCIA	DORSAIS
Prebenxamin (H/M)	2002 e posteriores	10:30 h	320 m	1001-1100
Benxamin (H/M)	2000-2001	10:30 h	320 m	1101-1200
Alevín (H/M)	1998-1999	10:40 h	1200 m	1201-1300
Infantil (H/M)	1996-1997	10:55 h	1800 m	1301-1400
Cadete (H/M)	1994-1995	11:15 h	3550 m	1401-1500
Xuvenil (H/M)	1992-1993	11:15 h	3550 m	1501-1600
Lúniar (H/M)	1990-1991	11:45 h	5000 m	1-1000
Promesa (H/M)	1987-1989	11:45 h	5000 m	
Senior (H/M)	1975-1986	11:45 h	5000 m	
Veteranos 1 (H/M)	1965-1974	11:45 h	5000 m	
Veteranos 2 (H/M)	1955-1964	11:45 h	5000 m	
Veteranos 3 (H/M)	1954 e anteriores	11:45 h	5000 m	

Con todos estes condicionantes nace a **I Carreira Popular Arumes do Corgo**, celebrada o domingo, 23 de agosto de 2009 pola mañá.

Premios

- Prebenxamín e benxamín: trofeo para o primeiro de cada categoría, medalla especial para o segundo clasificado (diferenciando homes e mulleres) e medallas para o resto de participantes. Camisetas para todos.
- Alevín, infantil, cadete e xuvenil: trofeo para o primeiro e medallas para o segundo e terceiro de cada categoría (diferenciando homes e mulleres). Camisetas para todos.
- Iúnior, promesa, senior e veteranos: trofeo para o primeiro e medallas para o segundo e terceiro de cada categoría (diferenciando homes e mulleres). Camisetas para os 150 primeiros.
- Carreira absoluta (5000 m):
 - Primeiro: 100 €
 - Segundo: 75 €
 - Terceiro: 50 €
 Diferenciáronse homes e mulleres.
- Entregouse unha medalla ao primeiro home e á primeira muller de cada categoría empadroados no concello do Corgo.
- Entregouse un trofeo ao participante máis novo e ao de máis idade



A entrega de premios realizouse en fronte do CEIP do Corgo. A participación rondou os 150 atletas, 100 persoas de público e 50 persoas na organización.

IV XORNADAS SOBRE PATRIMONIO: "AS CASAS GRANDES DO CORGO"

As Xornadas de Patrimonio son a actividade anual con máis edicións das que se organizan dende a fundación da Asociación. Como o seu propio nome indica intentan varrer o patrimonio dende unha perspectiva corguesa cunha mesma estrutura organizativa. Nas edicións anteriores tratáronse os seguintes temas:

- ✓ I Xornadas sobre Patrimonio: A Vía Romana XIX-XX
- ✓ II Xornadas sobre Patrimonio: O Corgo na Ruta Xacobeá
- ✓ III Xornadas sobre Patrimonio: A riqueza fluvial nas Terras de Chamoso

Nestas cuartas Xornadas o fío temático foi o patrimonio material e en concreto o arquitectónico, levando como lema: AS CASAS GRANDES DO CORGO. Celebráronse na primeira fin de semana de setembro (días 5 e 6), co seguinte programa de actividades:

SÁBADO, DÍA 5 DE SETEMBRO DE 2009

MAÑÁ:

Ruta do Pazo do Corgo (circular):

- Saída: Casa do concello do Corgo ás 10:30 h
- Chegada (aproximada): Casa do concello do Corgo ás 13:00 h
- Lonxitude: 9 km
- Dificultade: moi baixa
- Percorrido: Casa do concello-Guimarães-A Lagoa-Santo André de Chamoso-Vilapene-Santo André de Chamoso-Sendín-O Recuio-Ferreiros-Casa do concello.

TARDE:

Relatorios (no centro sociocultural do Corgo):

17:30 h "As casas grandes do Corgo", a cargo de **Mario Outeiro Iglesias**.

18:00 h "**A Casa Grande de Quintela: presentación do libro**", a cargo de **Isaac Rielo Carballo** e **Xosé Manuel Carballo Ferreiro**.

18:45 h "O Pazo do Corgo", entrevista a **Jesús Abuín Arias**.

19:30 h "Actuación de música e bailes galegos", a cargo da **A. C. Legua Dereita do Corgo**.

DOMINGO, DÍA 6 DE SETEMBRO DE 2009

MAÑÁ:

Ruta da Casa Grande de Quintela (circular):

- Saída: Igrexa de S. Pedro de Farnadeiros ás 10:30 h
- Chegada (aproximada): Igrexa de S. Pedro de Farnadeiros ás 13:45 h
- Lonxitude: 12,5 km
- Dificultade: baixa-media
- Percorrido: Igrexa de S. Pedro-Coeses-Santalla de Quinte-Paseo do río Miño-Chamoso-Pousada-Vilanova-Quintela-Fompedriña-Outeiro-Vilar-Pacio-Pelamio-Fornos-Igrexa de S. Pedro.

A maiores da promoción turística que supuxeron en si as IV Xornadas, editouse unha **guía** (1000 exemplares) sobre as dúas rutas de senderismo a desenvolver (a do Pazo do Corgo e a da Casa Grande de Quintela) e unha introdución á temática, promovida tamén pola A.C. Arumes do Corgo e escrita por Mario Outeiro Iglesias.

Repartiuse entre os asistentes ás xornadas, no propio concello, no colexio, nos concellos limítrofes, nos museos e nas oficinas de información e turismo da comarca.

As Xornadas sobre patrimonio do Corgo, pese a levar xa 4 edicións, seguen a ser pioneiras no ámbito do patrimonio na provincia de Lugo, combinando rutas de sendeirismo, con actividades de lecer e relatorios formativos.

IV XORNADAS SOBRE PATRIMONIO: AS CASAS GRANDES DO CORGO
5 e 6 de setembro 2009

SÁBADO, DÍA 5 DE SETEMBRO DE 2009

MAÑÁ:

- 10:30 h. Saída do Pazo do Corgo (10:30 h)
- 11:30 h. Saída do Pazo do Corgo (11:30 h)
- 12:30 h. Saída do Pazo do Corgo (12:30 h)
- 13:45 h. Saída do Pazo do Corgo (13:45 h)
- 14:30 h. Saída do Pazo do Corgo (14:30 h)
- 15:30 h. Saída do Pazo do Corgo (15:30 h)
- 16:30 h. Saída do Pazo do Corgo (16:30 h)
- 17:30 h. Saída do Pazo do Corgo (17:30 h)
- 18:30 h. Saída do Pazo do Corgo (18:30 h)
- 19:30 h. Saída do Pazo do Corgo (19:30 h)

TARDE:

- 17:30 h. Saída do Pazo do Corgo (17:30 h)
- 18:00 h. Saída do Pazo do Corgo (18:00 h)
- 18:45 h. Saída do Pazo do Corgo (18:45 h)
- 19:30 h. Saída do Pazo do Corgo (19:30 h)

DOMINGO, DÍA 6 DE SETEMBRO DE 2009

MAÑÁ:

- 10:30 h. Saída do Pazo do Corgo (10:30 h)
- 11:30 h. Saída do Pazo do Corgo (11:30 h)
- 12:30 h. Saída do Pazo do Corgo (12:30 h)
- 13:45 h. Saída do Pazo do Corgo (13:45 h)
- 14:30 h. Saída do Pazo do Corgo (14:30 h)
- 15:30 h. Saída do Pazo do Corgo (15:30 h)
- 16:30 h. Saída do Pazo do Corgo (16:30 h)
- 17:30 h. Saída do Pazo do Corgo (17:30 h)
- 18:30 h. Saída do Pazo do Corgo (18:30 h)
- 19:30 h. Saída do Pazo do Corgo (19:30 h)

Organiza: **ARUMES**

Colabora: **DEPUTACIÓN DE LUGO** **Cultura**

HOMENAXE AOS PROFESORES REPRESALIADOS POLO FRANQUISMO E PRESENTACIÓN DO LIBRO "EL MAESTRO DE ZAÍN" DE DOLORES SEIJAS SOTO

O sábado, 19 de decembro, a Asociación ARUMES DO CORGO presentou ás 19:00 h no Centro Sociocultural do Corgo o libro de **M^a Dolores Seijas Soto "EL MAESTRO DE ZAÍN"**. A presentación estivo precedida por unha conferencia sobre **O DEREITO DOS CIDADÁNS Á EDUCACIÓN AO LONGO DA HISTORIA** a cargo de **Xurxo Rodríguez Lozano** (Presidente da Asociación ARUMES DO CORGO e profesor de Lingua castelá e Lingua galega no CPI RAMÓN PIÑEIRO, de Láncara).

Con este acto, a Asociación quixo homenaxear aos mestres galegos represaliados polo franquismo, homes e mulleres que creron nunha renovación da educación para transformar a sociedade, representados na figura de Luis Soto Menor, protagonista do libro.

O conferenciante comezou cun breve resumo da concepción da educación anterior ao século XVIII para centrarse nos logros conseguidos neste século polas ideas da Ilustración e da Revolución Francesa (A educación como servizo público e os modelos liberal e xacobino).

Abordou despois a lexislación educativa a partir da Constitución de 1812, centrándose na Lei Moyano de 1857 e o intervencionismo eclesiástico na educación determinado polo Concordato de 1851.

Incidu tamén no movemento pedagóxico inspirado pola ESCOLA NOVA e A INSTITUCIÓN LIBRE DE ENSEÑANZA, destacando as figuras de Giner de los Ríos e Concepción Arenal, e establecendo unha comparación entre os principios que marcaban a Escola tradicional e os cambios aportados pola Escola Nova.

Pasou de seguido a analizar a situación do ensino a principios do século XX (Escolas da Igrexa, escolas do Estado, escolas de ferrado, fundacións de emigrantes e sociedades de instrución pública).

A continuación centrouse no modelo de Educación da República (1931), sinalando os logros conseguidos nesta época.

Recalcou que foi unha República de intelectuais na que conviviron persoas de diferentes xeracións (Ortega, Azaña, Machado, Lorca...) que consideraron a educación como unha cuestión de Estado e que imprimiron un cambio radical de métodos no ensino e na formación dos mestres (verdadeiros artífices do cambio).

Sintetizou os principios deste modelo educativo que propugnaba Lorenzo Luzuriaga: Escola única, activa, pública e laica.

Neste contexto educativo republicano sitou a figura de LUIS SOTO MENOR, intelectual e profesional da educación que chegou a Lugo en 1914 como Inspector Xefe de E. Primaria. Frecuentou a tertulia do Méndez Núñez e foi articulista de xornais e revistas pedagóxicas, onde asinaba como "El maestro de Zaín", seudónimo que motivou o título do libro da súa neta M^a Dolores.

Como Inspector organizou en Lugo varios Congresos pedagóxicos, con asistencia do propio Lorenzo Luzuriaga a un deles; organizou as Colonias Escolares, creou numerosas escolas na provincia e participou nas Misións Pedagóxicas da República.

Era de afiliación política radical socialista, foi candidato a Deputado no ano 1933 e participou na redacción do Estatuto de Autonomía de Galiza.

O 31 de agosto de 1936 foi cesado fulminantemente do seu cargo. Pasou polo cárcere e sufriu penurias económicas que o

obrigaron a desfacerse de moitas propiedades.

Morreu en 1964 (uns meses antes foi restituído no seu cargo). A súa foi unha vida dura, separado do seu traballo e marcado socialmente durante moitos anos. Pero foi un home fiel ás súas ideas, ás que non renunciou nunca.

O Presidente de Arumes rematou a conferencia destacando os aspectos máis duros da represión franquista contra os mestres (encarcerados, exiliados, depurados, fusilados como Arximiro Rico, condenados ao exilio interior...) e facendo referencia ao famoso debuxo de Castelao "A derradeira lección do mestre".

Despois de comentar os aspectos máis significativos da escola da ditadura franquista, pasoulle a palabra a M^a Dolores Seijas Soto, quen explicou as razóns que a levaron a escribir o libro, que resumiu na terrible inxustiza cometida co seu avó ao facerlle vivir unha vida apartada da súa profesión e a condena social á que se viu sometido. Tamén explicou que polo libro pasan moitas anécdotas e personaxes lucenses da época.

Para finalizar, asinou exemplares do seu libro para os asistentes ao acto.

III CERTAME LITERARIO "TERRAS DE CHAMOSO"

Por terceiro ano consecutivo a Asociación Cultural Arumes do Corgo, coa colaboración da Vicepresidencia Primeira da Deputación de Lugo, quixo premiar a todos os/as autores que expresan no papel os seus sentimentos, empregando como ferramenta a lingua do país. Unha iniciativa pioneira no Corgo e nos concellos da contorna que debido á alta participación, á calidade dos traballos e á valía do xurado estase a converter nun certame literario recoñecido a nivel galego.

As bases do certame foron as seguintes:

1. Temática e idioma: A organización do certame non quere limitar a imaxinación dos autores. A única norma é que a obra se redacte en LINGUA GALEGA.
2. Categorías:
 - ❖ CATEGORÍA INFANTIL (dos 10 aos 14 anos).
 - ❖ CATEGORÍA XUVENIL (dos 14 aos 18 anos).
 - ❖ CATEGORÍA ADULTOS (maiores de 18 anos).
3. Modalidades:
 - ❖ POESÍA (de 30 a 60 versos)
 - ❖ RELATO CURTO (de 3 a 6 folios escritos a dobre espazo).NOTA: A categoría infantil non ten límite de espazo inferior, pero si superior.
4. Presentación: cada participante poderá presentar varios traballos (non premiados noutros certames literarios). Entregaranse mecanografados (non é necesario na categoría infantil) indicando a categoría, modalidade, título e pseudónimo e achegando nun sobre pechado a información persoal: nome, apelidos, data de nacemento, enderezo e teléfono de contacto. Remitiránse ao seguinte enderezo: A. C. Arumes do Corgo. Antigas escolas do Corgo s/n, 27.163 O Corgo (Lugo).
5. Prazo: o prazo de entrega rematará o día 27 de novembro de 2009.
6. Premios: para cadansúa CATEGORÍA establécense 1º e 2º premio de poesía, e tamén 1º e 2º premio de relato. Cada premio consiste nunha figuriña de cerámica do país, un lote de libros e o correspondente diploma.



7. Xurado: estará composto por membros da Xunta Directiva da Asociación e por profesionais de recoñecido prestixio do mundo das letras.
8. Entrega de premios: a cerimonia de entrega de premios realizarase o sábado, día 26 de decembro de 2009 no centro sociocultural do concello do Corgo acompañada de actuacións e de varias sorpresas.
9. Non premiados: Os traballos non premiados e as súas correspondentes plicas serán destruídas no prazo dun mes despois do fallo, se os/as autores/as non o solicitan.
10. Outros: A presentación ao premio supón a conformidade coas presentes bases por parte dos/as concursantes. A Asociación Cultural Arumes resérvase todos os dereitos de publicación das obras premiadas (en papel, CD ou mediante internet).

Abril Lamela, de Pedrafita, en relato, cun accésit para Noelia Gude, de O Corgo. Na categoría xuvenil, en poesía, quedaron desertos os dous premios, e en relato, o primeiro, outorgándolle o xurado o segundo a Marina Pérez, de Castroverde. Na categoría de adultos, en poesía, o primeiro premio foi para Xosé Daniel Costas, de Moaña; o segundo, para Montserrat Doucet, de Aranjuez, e dous accésit para Orlando Viveiro, de Outeiro de Rei, e Luz Airado, de Vilalba. En relato premiaron a Lois Pérez, de Lugo, e Tito Pérez, da Coruña.

Por último dicir, que xa estamos a traballar no IV Certame Literario "Terras de Chamoso", que se celebrará no nadal de 2010.

Como xa se anunciaba nas Bases do concurso, a entrega de premios celebrouse, o sábado, 26 de decembro, ás 21:00 h, no Centro Sociocultural do Corgo. Unha ducia de premios, nas especialidades de poesía e relato, foron repartidos nas categorías infantil, xuvenil e adultos. Ademais da entrega dos galardóns para os premiados (lote de libros, un diploma acreditativo e unha peza de cerámica), os asistentes ao acto puideron gozar coa actuación do grupo de música e baile tradicional **Legua Dereita** do Corgo, un **recital** das poesías gañadoras e como remate do evento, un espectáculo de contacontos a cargo de **Santi Prego**.

Os gañadores deste III Certame "Terras de Chamoso", foron os/as que seguen:

En infantil gañaron Lucía Méndez, de Sarria, e Rocío González, de Castroverde, en poesía, e Cristina Pernas, de O Corgo, e

Idioma. Só se admite o galego como idioma vehicular da revista. Empregarase sempre a última normativa aceptada pola Real Academia Galega, aparecendo as palabras non adaptadas á mesma entre comiñas.

Extensión. Os traballos presentados terán unha extensión ou outra dependendo do número de redactores:

- 1 persoa: entre 5 e 20 páxinas.
- 2 persoas: entre 10 e 30 páxinas.
- 3 persoas: entre 15 e 40 páxinas.

Os Anexos presentados non serán publicábeis na revista e formarán parte do arquivo-biblioteca do C.E.C.

Estrutura. O artigo presentado ten que contar cos seguintes apartados:

- Título (máximo de 80 caracteres contando espazos en branco).
- Identificación do(s) autor(es) por orde de importancia ou alfabética de apelidos acompañado do correo-e dos mesmos, o título profesional e o centro de traballo.
- Agradecementos (opcional).
- Resumo (máximo de 150 palabras).
- Palabras clave (entre 3 e 10).
- Introducción/limiar.
- Corpo do traballo cos apartados que se consideren oportunos.
- Conclusións.
- Referencias bibliográficas.

Formato:

- Tipo de documento: Word (recoméndase tamén entregar o mesmo documento en formato pdf).
- Letra: Arial, cor automática (negra), tamaño 12 puntos, salvo que se indique o contrario (títulos...).
- Marxes: superior, inferior e laterais de 3 cm.
- Aliñación: xustificada sen sangría na primeira liña.
- Espaciado: anterior e posterior de 0 puntos e interliñado sinxelo. Espacio entre parágrafos dunha liña en branco.
- Recomendase non empregar o subliñado para resaltar partes do texto.
- Título: maiúsculas, centrado, cor verde escuro e tamaño de letra de 16 puntos.
- Identificación do(s) autor(es): apelidos e nome (separado por coma).
- Datos do(s) autor(es): tamaño de letra de 10 puntos.
- Agradecementos: tamaño de letra de 10 puntos.
- Títulos de apartados (RESUMO, PALABRAS CLAVE, INTRODUCCIÓN/LIMIAR, CONCLUSIÓN, BIBLIOGRAFÍA...) irán en maiúscula, negriña e sen punto ao final. Se se numeran os apartados (a partires da introdución) empregaranse as normas ISO (1/1.1/1.1.1/2/2.1/2.1.1 etc.).
- Numeración de páxinas: borde inferior dereito incluíndo a primeira páxina (non se fará portada).

- Notas a rodapé: tamaño de letra de 10 puntos.

Imaxes. O texto pode ir acompañado por ilustracións, fotos ou gráficos, sempre orixinais ou acompañados do permiso do editor ou autor para a súa publicación. Para ser impresas con calidade, deberán ter unha resolución mínima de 300 ppp. Admitiranse como formatos de imaxe TIFF ou JPG. Inclúiranse no documento e en arquivos separados, indicando con claridade o lugar no que deben inserirse no texto.

Bibliografía. Clasificada por orde alfabética, axustarase ás seguintes normas:

- Monografías: APELIDO(S), Nome. *Título do libro*. Lugar de edición: editorial, ano de edición.
- Partes de monografías: APELIDO(S), Nome. "Título da parte". En: Responsabilidade da obra completa. *Título da obra*. Lugar de edición: editorial, ano de edición.
- Artigos en revistas: APELIDO(S), Nome. "Título do artigo". *Título da revista*. Edición. Ano, número, páxinas.
- Recursos electrónicos en internet: Responsábel principal. *Título*. Data de publicación. <URL> (data de acceso).

Unidades de medida. Empregarase o Sistema Internacional de Unidades (SI) e non o sistema anglosaxón de unidades.

Principios éticos e legais. Non se publican textos con contido que promova algún tipo de discriminación social, racial, sexual ou relixiosa; nin artigos que xa fosen publicados integramente noutros lugares.

A revista non se fai cargo das imaxes, textos e traballos dos autores que serán responsábeis legais do seu contido.

En caso de conflito legal con algún aspecto dun traballo publicado, o demandante debe demostrar de xeito fidedigno e mediante denuncia, o presunto delito ou falta cometido polos autores. O resultado anunciarase na revista.

Os artigos poden ser reproducidos sempre que se cite claramente a súa procedencia e o servizo sexa gratuíto. En servizos de pagamento deberán pedir expresamente permiso e aboar os dereitos correspondentes á revista e aos autores.

Seguindo as norma Vancouver o artigo estará asinado por aquelas persoas que efectivamente participasen na súa elaboración, reservándose a revista o dereito de investigar a participación concreta dalgún ou todos os seus membros.

A comprobación de que un autor intentou plaxiar algún traballo nesta ou outra publicación fará que automaticamente sexan rexeitados, a partir deste momento, os traballos nos que figure o devandito autor.





DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura



ASOCIACIÓN
CULTURAL



ARZUMES
DO
CORGO